

DON OTTO DE VIAXE POLA CHAIRA

Xosé Manuel
Carballo Ferreiro

COLECCIÓN TERRA CHA



DON
OTTO
DE VIAXE
POLA
CHAIRA

XOSÉ MANUEL
CARBALLO FERREIRO

Novela
**Premio do Excmo.
Concello de Vilalba
1993**

Edita
CITANIA DE PUBLICACIÓNS

Colección Terra Chá, n.º 1

Autor
XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Deseño da Colección
MAN deseño e imaxe
XESÚS FRAGA

Ilustracións
ALBERTO VARELA FERREIRO

Imprime
GRAFIC-LUGO, S.L.

Dep. Legal
LU-316-94

I.S.B.N.
84-8231-000-3

Impreso en papel reciclado

PRESENTACIÓN

Achégome ó folio en branco no que estampo o renglón primeiro deste prólogo, como o amargurado penitente tardeiro ó confesonario: co corazón contrito. Ata-fegos de obrigas acuciantes déronse moita boa maña nos últimos meses para roubarme o degorado intre de lecer no que escolmar, en sosego, pousos de lecturas e vivencias do meu trato, admirativo e cordial, con Xosé Manuel Carballo, e de lembralas con algún xeito no pórtico desta encantadora narración súa.

Atordoado eu coas incumbencias, e intrequendencias tamén, das angueiras a que aludo, alumeábame ás veces o maxín, co fulgor súpeto dun lóstrego nunha tarde calmiza de verán, unha morea de cousas que dicir de Xosé Manuel, e que gabar na súa persoa. Tantas cousas, que ficaba inmóbil, co pasmo daquel resplandor fuxidío, sen dar atinado por onde encetalas.

Pois debo antepor a canto diga –"no principio", afirmaban os gregos, "está a metade de todo"–, que a figura física de Xosé Manuel Carballo, áxil e delgadeira, non tén chisco que ver, na súa traza somática, nin moito menos na proteica dinamicidade do espírito que alberga, coa repousada, quiescente, oronda e reverenda persoa dun señor abade rural, en calendas pretéritas. O que máis ben dou en matinar que se encerra en corpo tan feble é o enteiro censo numérico orante e laborante e o bulir por de fóra con fervor de colmea, de toda unha antiga populosa Abadía. Cando non a de Bangor ou de Fulda, que non daban abasto a inzar de monxes itinerantes tódolos camiños de Europa, ou poñamos a de Bretoña, preto da Chaira lucense que, ben mirado, tampouco debeu de se manter por acó embaixo, en folga de brazos caídos. Xosé Manuel, de por sí é quen de misar, de predicar, de consolar e de exhortar e, sen estear con abuso na axuda de ninguén, de catequizar arreo nunha ducia de sitios, de ser membro do Equipo de Catequese das Dióceses de Galicia, de impartir ensinanzas de relixión no Colexio de Castro de Rei e de organizar e poñerlle o ramo a outra ducia de cousas, –tanto lle tén que se trate dunha copiosa xuntanza eclesial,

ou de gañar un premio nun certame literario, ca dunha anovación das festas e coplas e disfraces do Antroido aló no seu Val de Francos natal-. E máis tamén é capaz de sacar tempo para encher planas cada semana de "El Progreso" de Lugo ou para colaborar en emisoras de radio, remozando en novas parábolas, con celme e sabor nos ditos e fondura e inxenio nas ideas, o vigor sen ocaso da semente evanxélica, ou de compor contos, ou longos relatos, ou peciñas dramáticas, ou de crear grupos de teatro e, se ven a pelo, de porse el mesmo a escenificalas, ou de, ó cabo da festa, avanzar ó proscenio, diante dun rideiro corro de nenos ou dun auditorio de mozos e retranqueira xente madura, e de deixalos a todos pampos e aplaudidores, con vintecinco xogos de mans e artimañas de maxia.

Por máis que me torture por conseguilo, nunca daría eu encaixado, na estreiteza requirida nun prólogo, os mil e un episodios do corpudo Cronicón dunha Abadía. Tiro, pois, polo atallo. Coñecín a Xosé Manuel Carballo, -imaxinativo creador andando o tempo de Don Otto e Dona Eurika e narrador cutivante da súa viaxe en amor e compañía pola Chaira de Lugo-, nunha época, e por medio dun amigo común entrañable, que xamais me esquece: IX. 1982 - III. 1983, era el Belarmino Calaza, Secretario Xeral Técnico da Consellería de Educación da primeira Xunta autonómica, na que asumira eu o compromiso, dende a Dirección de Galego, de levar a cabo a plena implantación inicial da lingua galega no noso sistema educativo, pola habilitación provisional de novo, e idóneo, profesorado.

Nalgún interludio da tarefa, -que de todo tiña menos de lúdica-, falárame Belarmino, con louvanza, do Cura de Ramil e de Castro de Rei, que eran a súa parroquia e o seu Concello de orixe, e puxo nas miñas mans dous tomiños, un de teatro e outro de garbosos relatos que xa daquela lle publicara Xosé M.^º Álvarez Blázquez na Colección "O Moucho" e que inda eu non lera.

Polo que lle escoitaba a Belarmino dos ditos e feitos, no campo pastoral e máis no litúrxico do seu cura, e pola enxebreza e, a un tempo, a ductilidade na fala lida naquelas páxinas, nas que trasparecía o espírito agudo,

sensible, irónico, abertamente humano e fundamente galego do autor, dixen e rubriqueille a Belarmino algo coma isto: "– ¡De certo que che é, a máis dun bo crego, boísimo galego e moi bo escritor!".

Coido que non puiden daquela recapitular mellor eloxio, nin arestora tampouco melloralo, camiñando polo atallo.

Certo que ser un "bo galego" é bastante máis ca ser nado en Galicia, así como que os pais inscriban a un por "fillo" seu un día no Rexistro Civil, non é póliza que nos asegure de que mereza o dictado futuro dun "bo fillo".

O Cura de Castro de Rei e de varias parroquias máis, sendo, polo seu talante e cultura e pola intelección teolóxica e o selo sacerdotal, aberto a tódolos cadrantes da esfera, incluído aquel do que nos trouxo á Terra Cha a Don Otto e Dona Eurika, é, por íntimos vencellos, de raigal apego ó recuncho nativo, e non só por nacencia, que tamén por exercicio, de íntegra condición galega.

Quizais, como acabo de suxerir, o asunto que se desenvolve na "Viaxe pola Chaira" do abstraído exiptólogo Don Otto e de Dona Eurika, –vesbella ela e, por faladora, un pouco ida da lingua, mais tamén limpa coma o ouro–, poña ó descuberto mellor do que puidera ningunha outra cousa aquel entralazamento, no ánimo do autor, de complementarios valores, sentidos e vividos, que foron mentados no párrafo que precede.

Pois non se propuxera Xosé Manuel Carballo nesta narración ningún outro fin que non fose o de revivir experiencias e sucesos, paisaxes e lugares e, prendidas nestas imaxes e recordos, o de recobrar palabras. O resultado, endebén, imprevisto posiblemente polo autor e distinto do propósito fundamental que o guiara, é o de espellar nidiamente, enfocada coa visión allea de dous finxidos consortes teutóns, sobre dos que derrama desde a primeira páxina o tarro de esencias da súa simpatía, a familiar estampa e a vida, e as falas e os costumes e as persoas da pequena Chaira nativa e os sucedidos, realistamente palpitantes ás veces, que en boa parte poden ser coincidentes en toda Galicia.

Apuntando, pois, a un proveito seu rememorativo e, digámolo así, compositorio, abateu Xosé Manuel Car-

ballo outras dúas pezas de moito grosor e porte: a dun logro lingüístico e literario, rico e vario e propio e expedito nas falas e engaiolante ata o fin no curso da narración, e a dun documento etnográfico veraz, –como que responde ó que el ben sabe e viviu–, e non amoreado en inertes fichas mortas, senón desflegado en homes e mulleres de carne e óso: xentes da Chaira.

Por mor da veracidade na descrición de escenas que emanan do instinto primario da especie, –constitutivas, porende, do espectáculo do mundo–, e que entran ou frisan co que dicimos picaresco, non se espanta o noso autor de referilas ou nomealas con limpeza chistosa, tan arredado el das pubibundas mixirocadas das "Preciosas Ridículas" como da groseira e obscena torpeza verbal que soamente o arbitrio señoritil do que non tratou a moitas das nosas xentes labregas, e conviviu con elas, puidera presumir dar por estampa real da común mentalidade e costumes.

Teño no reposto do bolígrafo, que xa non é no fondo do tinteiro, tanto que dicir e encomiar, que me é forzoso tronzar aquí a leria. Van, neste "a deus" apresurado a Don Otto e Dona Eurika, –pois que o FAX agarda impaciente a remisión do meu texto–, os máis vivos anxeios e augurios venturosos, para que na súa próxima andaina polos estantes das librerías, encontren feliz destino e acollida nas mans de moitos galegos, de nacemento ou de corazón. Seralles de moito ben o seu trato. E que Deus abenzoe a quen, por amor e cultivo "de canto é limpo, e bo, e amable, e merecente de estimanza e loa", que así o veu a prescribir o Apóstolo, os ideou coa fantasía con que Deus o privilexiou a el, e os lanzou ó mundo, atraéndoo logo garimosamente dende Düsseldorf ata a súa querida Chaira natal.

Isidoro Millán González-Pardo.

ÍNDICE

UN VELLO ARQUEÓLOGO ALEMÁN E A SÚA DONA DEIXANSE CAER POR LUGO SEN QUE NINGUÉN OS AGARDE	11
DESACOUGADA PERCURA DE OITO DENTES DUN PEITE DE CORIDÓN VIOLADO	15
AS VERDADEIRAS MOTIVACIÓNS DUNHA VIAXE DE DOUS MIL QUILÓMETROS ERAN UN PUNTIÑO ROIBO	31
HOSPITALIDADE, CORAXE E... MEDOS	35
UN FEIRANTE POETA SEMENTOU FEIRAS ÁS MÁNS CHEAS	54
O MARQUÉS DE LA ATALAYA BERMEJA RETORNA Á SÚA TERRA DISFRAZADO DE LETRA IMPRESA	68
UNHA GUERRA CIVIL DE ÁMBITO MUNICIPAL	79
UN CASTRO QUE OS CHAIREGOS NON TROCARIÁN, PELO A PELO, NIN DEVOLVÉNDOLLES MOITO, POLA MESMÍSIMA GRAN PIRÁMIDE DE KEOPS	92
UN SEMIMESTRE ESBARDALLEIRO, CAPORAL DE SEGADORES	116
AS MEIGAS, TRASNOS E DEMACHIÑOS SON CHILINDRADAS EN COMPARACIÓN CO AVERNAL BAALWERITH	138
CONSOLADORA DECEPCIÓN	153
O MONTE MEDULIO TAMÉN É NA CHAIRA. SE CADRA SÓ É NA CHAIRA	160
MILLEIRÒS DE CHOIAS ESPALLARON POLO MUNDO SEÑORÍOS HERDADOS PRA DAR PASO Ó SEÑORÍO QUE NACE DA NOBREZA DO CORAZÓN	167
TERTULIA EN CASA DO FOGUETEIRO	176
DESENLACE QUE TAMPOUCO EU ESPERABA	189

*"Ás miñas raíces agradecido.
Co compromiso de fidelidade"*

UN VELLO ARQUEÓLOGO ALEMÁN E A SÚA DONA DEIXANSE CAER POR LUGO SEN QUE NINGUÉN OS AGARDE

Era outono do ano mil novecentos corenta e tantos do tempo da Chaira cando, sen que ninguén os agardase nin contase con eles, chegaron a Lugo pola ponte do Rato Don Otto e a súa dona, Eurika, ámbolos dous de nacionalidade alemana. Faltarían todo máis catro días para as feiras do San Froilán, circunstancia que eles descoñecían, pero que os sorprendeu para ben.

Despois de aparcaren o decrepito e desvencellado Mercedes no Campo da Leña, foron dando un borde á muralla e entraron na cidade pola porta Toledana ou de San Pedro.

Don Otto calzaba polainas negras de coiro e vestía zamarra folgada de pana con galla ó medio, cinto ancho de fíbula amarela e sombreiro de feltro marrón que lle tapaba

unha ampla calveira. Tras dos seus anteollos de vidros grosos adiviñábase un rostro sereno e desmaliado. O seu bandullo avultado facía sospeitar que algún día fora bo bebedor de cervexa.

Eurika era estalificada de canela, polpuda de papo da perna, cheíña de traseira, decaída, anque non en demasía, de dianteira, loira de seu natural e de melena curta, catro dedos por riba dos ombros. Toda a súa faciana contaxiaba dozura.

El podía levarlle ben a gusto a ela quince anos, e xa non era nova a muller.

A maleteira que os conduciu a unha fonda da Praza do Campo quedoulles moi agradecida; porque foron xenerosos na propina e moi correctos no trato.

Non é estraño que se mostrasen cortes e ben educados, maiormente el, que era home de estudos, anque tampouco a muller, que non os tiña, o deixaba quedar mal.

Fora o tal Don Otto, antes de xubilarse, arqueólogo de moita sona, becado polo goberno alemán en nove expedicións a Exipto. A súa dona, Eurika, que xa de moza nova pasaba por moi aplomada, aínda se fixo máis afable despois de casar con home de tanta sabencia.

Mentres a saúde e os anos llo permitiron viviu Don Otto entregado de cheo ó seu traballo, con tal dedicación que non estivo exento de certas excentricidades.

Cóntase del que en certa ocasión pasou vinte e três días seguidos sen quita-la roupa do lombo, pescudando nas criptas do museo de El Cairo. Disque foi alí e nesa viaxe donde comenzou a sentir unha paixón que o consumía pola estatua da divina princesa Nofret, que a el se lle antollaba latexante nas noites de devalo e cría ter comprobado que inspiraba e expiraba ó son da oleaxe do Mediterraneo sempre que coincidía o devalo cos solsticios ou cos equinoccios.

A boa muller coa que casara polo rito luterano, despois de obter dispensa de mixta relixión, pois el fora bautizado na igrexa católica, tivera como profesión, ata dous anos antes de coñecer ó arqueólogo xa vello, telana de mantas da tea nun obradoiro de sona internacional, que mercara a remates do século dezaioito a patente doutra casa, tamén moi afamada, fundada por un maragato.

Polo visto, o maragato, de nome Basilides, fora de cócheiro maior do bispo de Astorga ó concilio de Trento e aló descubríuse-lle unha postema pestilente nas súas partes, para o que o tamén cócheiro do bispo de Tubinga aconselloulle ir ós baños quentes de Tubinga. De Tubinga, xa curado, foi recaer a Düsseldorf donde fundou o devandito obradoiro orixinal, que, xa daquela, chegou a ter vinte e sete teares funcionando ó mesmo tempo.

Eurika chegara a ser capataza, moi apreciada polas súas subordinadas; pois todas sabían que lle quería a aquel taller tanto ou máis ca se fose seu propio. Por iso sufriu o meirande desgusto da súa vida cando o esmendrellou, sen posibilidades de reconstrución, aquela maldita bomba aliada. Gracias que ela tiña uns aforriños que lle permitiron ir tirando ata que atopou un novo traballo, por obra e gracia dunha chanza de dubidoso gusto que lle gastaron uns seudo arqueólogos ucranianos a Don Otto.

DESACOUGADA PERCURA DE OITO DENTES DUN PEITE DE CORINDÓN VIOLADO

De retorno da súa derradeira viaxe a Exipto viñera Don Otto apandando cun cargamento de nada menos ca corenta e sete baules e nove cestas de vimbios con tapa, e peche de metal branco, repletos a reverter de cascallos e restroballos que quedaran polo chan como consecuencia do desguace, para posterior remontaxe nun plano superior, dos santuarios de Abu Simbel cando a construción da gran presa de Assuán.

O Don Otto era un científico con pouco sentido do humor e con fonda tendencia a tomar en serio canto lle dicían. Isto seica xa lle pasaba sendo estudante e non dera escarmentado a pesar das múltiples bromas que lle facían os condiscípulos.

Pois resulta que, sendo el dese xeito, foilles doado a uns ucranianos, funcionarios do estado, que pasaban tamén por arqueólogos e dedicaban máis tempo a artimañar trouladas que a unha verdadeira laboura de estudio, facerlle crer a Don Otto que entre os

cascallos dos santuarios de Abu Simbel tiñan que atoparse forzosamente oito ou nove dentes dun peite de corindón violado co que agasallara Isis á súa irmá Neffí en agradecemento por axudarlle a chorar os sete chorares ó enviuar de Osiris.

Desde logo, tiveron que armarlla ben armada para facerlle cargar con tal cantidade de rebo. E a máis gorda aínda foi que lle fixeron crer que o tal peite fora parar alí porque o roubara dun dos templos de Karnak unha sacerdotisa de Ra que acabara secularizándose co fillo máis novo de Ransés II, do que se namorara coma unha perdidiña polo ben que el tocaba o bimbirimbau.

Xa se sabe que un só dente dun peite de corindón violado de tanta antigüidade e historia tería un valor arqueolóxico, e sobre todo mítico, insospeitado; para canto máis, ¡oito ou nove dentes!

Non é, xa que logo, de estrañar que un bo día chegase o sisudo arqueólogo a Düsseldorf, o seu pobo natal, con medio vagón cargado de baules e cestas de vimbios.

Alí en Düsseldorf tiña Don Otto, a medias cunha irmá que quedara solteira e fillada dun fabricante de arados de dobre vertedeira, unha casiña lousada ás dúas augas e con corredor cerrado en madeiras nobres, que herdara de seus pais. Pero, como desque rematara a carreira andara sempre polo mundo moi atafegado coas súas investigacións,

era case un descoñecido no seu propio pobo de orixe.

Aló foi metendo como puido para o faiado todo o seu tesouro sen preocuparse de miróns nin de contareleiros, que nunca faltan anque sexa nos pobos grandes. Couberon no faiado tódolos baules e cestas; porque as casas lousadas ás dúas augas en Düsseldorf teñen un faiado moi capaz.

Pero claro, aínda non remataron aí os trafegos do vello arqueólogo. Coma quen di, case non fixeran máis ca empezar. Quedaba por diante peneirar todos aqueles restos e residuos de terra, pedra, vidro, cerámica e canto se terciou arrepañar. Face-la peneira de todo aquilo, e facela coa meticulosidade requirida, era moito traballo para un home só e, sobre todo, para un home da idade de Don Otto. Así que non lle quedou máis remedio ca meter xente de fóra.

Con tal motivo, dispuxo poñer un anuncio no xornal de meirande tirada da localidade, redactado nestes términos:

“PRECÍSANSE PENEIREIROS OU PENEIREIRAS. É CONDITIO SINE QUA NON TER EXPERIENCIA NO ARTE DE PENEIRAR, CRIBAR, OU AXILAR. PAGARASE O XUSTO.”

Unha amiga de Eurika, que vendía queixos na praza e mercaba xornais para envolvelos, reparou no anuncio e, sabedora como era de que ela estaba sen traballo,

pechou o tenderete da praza e aló se botou avisala de contado.

-Pero eu non teño experiencia de pe-
neirar, -obxectou Eurika.

-Cala a boquiña e preséntate. Non
sexas panoia, -Premeulle a dos queixos-
¿Quen che pode poñe-lo pé diante a ti en
soltura de pulso cos anos que levas facendo
navega-la lanzadeira polo tear portando a
súa carga de canivetes?. Preséntate agora
mesmo.

Tiña razón a amiga. A extecelana su-
perou as probas con moita folganza e iso que
se presentou moita xente, debido a que a
guerra deixara a moitos sen emprego. Por
presentar, presentáronse ate algúns coa ca-
rreira de dereito ou de biolóxicas acabada;
pero Eurika deulles a todos para atrás.

A véspera do día grande das feiras do
San Froilán, despois de ter recorrido xa boa
parte de Lugo, e sentado nun banco das cos-
tas do parque, mentres ollaba cara ó balne-
ario termal que se asenta na marxe esquerda
do salutífero Miño, relembra para si o vello
arqueólogo como chegara a namorar e na-
morárase da extecelana.

Mentres tanto, esta, ben allea os pen-
samentos do seu home, entrefíñase tirando ós
paxariños as pelecas das castañas dun rosa-
rio delas que el lle mercara.

No tempo que durou o relembro, aso-
mou ós seus beizos un leve sorriso que por un

momento lle desenrugou a fronte e fixo re-xurdi-las furadiñas da mocidade nos seus carrillos revellecidos polos anos.

El nos últimos tempos fixérase moi condescendente; pero aínda cando retornara do val de Assuán era moi esixente, tanto consigo mesmo como cos que traballaban con el. Pode dicirse que era un home profundamente austero.

Para durmir chegábanlle tres horas de cada vinte e catro, pero, se un día durmía pola mañá, ó seguinte durmía ó solpor, e ó seguinte máis, pola media noite. Chamáballo a este costume "sonata polo sistema do despiste". Era un ritmo moi peculiar no que dera aló por África, co fin de desconcertar ó mosquito Anófeles, transmisor furibundo das febres palúdicas.

Como el durmía tan pouco, dividiu as catro peneireiras contratadas en dous turnos de dúas cada un, para que traballasen ininterrompidamente de día e de noite. Pagáballes en man por cribo descargado e fixera constar na letra miúda do contrato a oferta dunha prima equivalente a trinta e oito mil réas por cada dente de peite ou fracción que descubriese calquera que fose.

Pasados os primeiros días de nerviosismo e trafego, tornou Don Otto ó seu natural de home aplomado e agardado, como corresponde á profesión para a que se sentía vocacionado e a unha personalidade afectada de certo pampallonismo conxénito.

Non obstante, poñíase feito un áspide cada vez que comprobaba que algunha das catro empregadas emborcaba entre os pousos que quedaran nos cribos o máis pequeno anaquiño de materia escintilante.

Para que non lle pasase inadvertido ningún escintileo, fixera instalar dous potentes reflectores de mil watios cada un en ambos extremos do faiado. Cada un dos anaquiños que reververase un tanto así ó reflexo da deslumbrante luz dos reflectores había que levarllo a comprobar persoalmente e agardar, anque estivese durmindo, a que pronunciase o seu veredicto final sobre se debía conservar-se no estante dos relustros, ou se podía esquecerse definitivamente en calquera das pilas de pousos.

Aínda non se terciou dicir que o home era moi curto de vista, especialmente do ollo esquerdo por mor dunha velida que lle recubría o santo case na súa totalidade. Por isto, a maioría das veces suplementaba o outro ollo cun monóculo recortado, de dezasete aumentos. De calquera maneira, non quería abusar deste artiluxio: porque, se o tiña posto moito tempo, despois tardaba dez minutos ou máis en readaptárselle o cristalino á realidade cotián e dábase o caso de que mesmo vía chanzos donde non os había, ou deixaba de velos donde si os había.

Non se sabe certo se foi casualidade ou se foi que as cousas, cando están para ser,

son, o caso e que unha noite tivo que face-lo seu turno Eurika soíña, debido a que á súa compañeira chegáralle insospeitadamente a visita dun antigo noivo co que non estaba desde antes da guerra; porque fora desertor e vivira fuxido. E claro, había que atendelo, anque a Don Otto contóuselle outra historia diferente.

¡Nin que fose aquela a noite dos reflexos!. A extecelana, que tal e como tiña por costume, perfumárase antes de saír da casa de riba a baixo con auga de rosas, tivo que facer ben ás cheas ducia e media de viaxes á mesa-estudio de Don Otto. Nunca tanto peneirara coma aquela noite. Dunha porque, estando soa, era de sospeitar que repararía máis nela o patrón, e doutra, porque a cobiza de facerse coa prima de trinta e oito mil réas tamén lle daba soltura e donaire.

Cadora Don Otto tiña á vista máis cansa i era preciso apretarse máis contra el para que puidese dictaminar con acerto sobre os restos escintilantes de pretéritas civilizacións. E el, que tampouco era alleo a algunha pequena picardía, permitida ós homes máis comedidos, non se mataba moito que se diga naquela ocasión para aguza-la vista. Así podía inspirar máis fondamente aquel arrecendo a auga de rosas que o consolaba. Tamén naquela ocasión, cada vez que retornaba ela ó seu sitio, volvéndolle a espalda ó xefe, sentía coma un miúdo formi-

gueo que lle recorría todo o carreiro das costas, producido polo fitamento estático do ollo menos malo del.

Debido ó atafegante calor dos dous mil watios nunha noite toda ela de calmizo, permitiulle o amo á empregada alixeirarse de roupa, se así se atopaba máis a gusto.

-¿Non será unha falta de respecto, Señor Don Otto?-, preguntou ela.

-Meirande falta de respecto sería troca-lo arrecendo a auga de rosas polo cheiro a suores-, respondeu el, coma quen non quere a cousa.

Sen máis voltas despoxouse Eurika do mandilón gris de dril e manga larga, e quedouse en chambrá de satén estampado de manga de sisa, que axudaba a resaltar os seus aínda daquela ben conservados e tesións encantos dianteiros.

Aló sobre do abrente Don Otto xa estaba moi canso. Desfixérase do monóculo e, por unha fiestra do faiado, esvaíaselle a minguada vista tentando de albiscar por entre a brétema que subía do Rhin unha lúa en devalo. Eurika tamén estaba moída de tanto trasfegar toda a noite e, na derradeira viaxe á mesa del deixouse caer esgotada nunha cadeira de tres patas ó seu carón, mentres trataba de amosarlle dúas pedriñas en forma de agulla que semellaban brillar.

Os seus intentos foron en balde; pois era tanta a canseira e o magoamento de

Don Otto que, pouquiño a pouco, paseniñamente, moi a modiño, foi esborrexendo da mesa e, deitándose todo para un lado, acabou no colo de Eurika durmindo coa placidez, o sosego, e a inocencia dun meniño indefenso.

Aconteceu todo con tal naturalidade que a muller, sentíndose nai e amante ó mesmo tempo, esqueceu que a quen tiña no colo era o seu xefe, o señor Don Otto. E, mentres lle apaxeaba, case coma quen non apousa a man, a súa espellada calveira, arrolábao cunha tenrura tal, que aló no máis fondo de si mesma sentía medrar unha inmensa paz sen o máis lixeiro asomo de culpabilidade.

Don Otto, mergullado no seu profundo sono, soñou.

Soñou que o espírito daquela loira princesa exipcia, a divina Nofret, reencarnara en Eurika e que era a do latexante seo en noites de devalo quen o anainaba garimosa no seu morno regazo.

Aínda desque abriu os ollos matinaba seguir soñando ó escoitar aquela aloumiñante e queda voz que lle dicía:

-Vostede, meu señor Don Otto, traballa moito demais para a súa idade... Así esta de magoado, que mesmo dá peniña velo... calquera día vains dar un desgusto e despois xa verá... é unha mágoa que non teña sempre onda si un regaciño garimoso donde deixar repousa-la súa nobre cabeza... dóeme

a súa soidade... Se eu puidese axudarlle... E mire, non mo teme a mal, pero esta camisa que tén posta precisa revolverlle o colo e os puños, que xa esta moi zolada, e o pantalón que trouxo a semana pasada xa está moi raído, ¿non terá outro?

Non. Don Otto non tiña máis ca dous pantalóns, tres camisas e un par de botas; pois, coma moitos máis sabios, non dispoñía de tempo para pensar en si mesmo. Cecais por iso chegara ás portas da vellez sen casar. El era dos que preferían meter cen pesos nun libro a investir vinte nunha camisa. Incluso a miúdo quedaba mal afeitado por debaixo do queixelo e polos arredores da boca. Quen non o coñecese de vello podía tomalo por un home adán ou desdeixado; pero, entre os que o trataban, ninguén se estrañaba, como tampouco se estrañaban de que se cruzase co máis amigo e, se cadra, non o saudase.

Despois de escoitar a Eurika, aínda semiinconsciente, respondeu, cos ollos postos no infinito:

-Moitas gracias, divina Nofret. Dispense a descortesía de adormecer no seu colo. Non sei como mostrarlle a miña gratitude. ¿Podería tomarse como unha proba do meu recoñecemento o que a fixese partícipe dun segredo que levo desde sempre ben calado?

Eurika dubidaba entre tratar de espertalo de vez ou deixarlle seguir na súa leira que parecía colmalo de felicidade; pero ó

mesmo tempo, como non sabía a que viña aquilo de chamarlle Nofret, tamén temía que estivese delirando por mor de tanta quentura. Por iso optou por tentar de esperalo, anque evitando facelo de súpeto para aforrarlle un sobresalto. No mesmo son repousado de antes díxolle:

-Don Otto, eu non son esa Nofret, ou como se chame, que vostede pensa... Eu son Eurika, unha pobre e inculta extecelana... Os seus segredos son seus e non tén por que contarmos a min; pero se iso lle sirve de alivio, aquí me tén para o que vostede guste mandar, ¿ou prefire que siga cribando?

Sen o máis mínimo cambio de escena e sen ergue-la cabeza do regazo, proseguiu o canso arqueólogo:

-¿Sabe Eurika?. Eu teño arrincado do ventre da terra algúns tesouros de moito valor. Pero ós meus anos aínda non renunciei a pescuda-lo gran tesouro que encha definitivamente os anhelos do meu corazón.

-¿E ese tesouro poden selo uns dentes dun peite de malaquita?, -curioseou ela.

-Non, muller, non. Os anhelos máis fondos dun corazón só pode enche-lo outro corazón.

-Pois non debe ser nada doado satisface-las aspiracións do corazón dun pescudador de tesouros.

-Pescudador de tesouros ou non, os corazóns de tódolos homes están feitos dos

mesmos tecidos e entramados... Se vostede, Eurika, quixese tomarme en consideración...

-¡Que cousas di vostede, Don Otto! Vostede é un pozo de sabencias e eu son unha infeliz ignorante. Vostede un home culto e eu, unha pailaroquiña, que pasou a súa vida fronte a un tear. Vostede terá admirado as meirandes marabillas do mundo, mentres eu non podía ergue-los meus ollos de madeixas, novelos, lanzadeiras e canivetes.

Don Otto ficou calado durante dous ou tres minutos, ensumido en si, e logo proseguiu:

-¿Quen sabe dicir a ciencia certa o que é a cultura?. ¿Quen pode chufar de que sabe máis ca outro?... O que me gustaría que vostede pensase agora é se se atopa con azos e folgos para enche-las poucas aspiracións que poden ficar aínda adormecidas no peito dun home que pasou pola vida en solitario, mirando sempre para atrás, para o que outros deixaron feito, sen facer el nada para o adiante. Agora, que logo me vou, é cando verdadeiramente boto en falta un fillo que me perpetúe.

-Deixe, deixe. Non matine agora no que xa non tén remedio, -interrompeulle Eurika

-Se é que vostede me toma en consideración, -proseguiu el-, pode que aínda nos quede tempo para mostrarlle algunhas belezas do mundo e eu disfrutaría aspirando

o arrecendo cotián a flor de loto das ribeiras do Nilo. Pero mire, se me toma en consideración, non o faga por piedade. Sería un sentimento viciado para xunguir dúas vidas... Non deixe, por iso de reparar en que dun ollo vexo pouco e do outro, case nada, ademais de térseme acurtado moito o oído.

-Don Otto, se vostede ve mal e non oe ben, e se aínda nunca tivo oportunidade de roza-la miña pel, e se, como sospeito, está namorado de min, e se niso tivo algo que ver o meu arrecendo a flor de rosas ou a flor de loto, como vostede di, haberá que pensar que o noso namoramento foi polo sentido do olfato. ¿Cre que pode ser duradeiro?

-Ninguén demostrou que os sentimentos que poidan xurdir no noso interior como consecuencia das sensacións que penetran en nos por ese sentido teñen por que ser menos estables ca os que son froito de calquera dos outros... Ademais, non esqueza que á intuición tamén se lle chama olfato. Con todo, non pense que eu estou namorado dun arrecendo, senón dunha persoa.

Media hora antes de que chegasen as peneireiras do turno de pola maña pechouse por fora a porta daquel faiado e colgouse un carteliño no picaporte que dicía:

“PECHADO POR ASUNTOS PROPIOS. GRATIFICARANSE OS SERVICIOS PRESTADOS”.

Había moitos días que non se pechara aquela porta. Foi o mesmo Don Otto quen

deu dúas voltas á chave e, desque o fixo, díxolle á muller:

-Eurika, miña Eurikiña, ti serás xa para sempre a dona desta chave. Aí dentro queda un pasado e un segredo. Ti serás desde hoxe a gardiana dos meus segredos, a que recolla o meu pasado e a que ilusione o meu futuro. Esta porta só se volverá a abrir cando ti queiras, se queres.

Gardou Eurika a chave na súa faldriqueira. Nunha faldriqueira de cor lila que ela mesma bordou máis adiante en fío de ouro e prata. E quixo Don Otto, e así se cumpriu, que na cerimonia da voda, en lugar das arras, fose aquela chave o sinal dos bens a compartir.

Como agasallo de compromiso deu-lle o arqueólogo á que logo sería a súa dona algo que el tiña en moito aprecio: un colar de figas irisadas semellantes ó acibeche. En realidade as figas eran ollo de gato mouro fosilizados que se atoparan nunha recámara da pequena pirámide de Xoser, en Sakkara. Andando o tempo, contoulle que en Alemania estivera moi estendida a andrómene de que nos gatos mouros encarna a forza xerminal dos cereais. Pero nin con esas conseguiu que Eurika lucise moi a miúdo aqueles abelorios; porque a ela, xa desde neniña, infundíanlle certo receo os gatos mouros, igual cás pegas carniceiras ou o ouveo dos cans.

Catro anos despois, cando chegou a Lugo a parella polo camiño da Fonsagrada,

aínda non se volvera a despecha-la porta do faiado daquela casa lousada ás dúas augas de Düsseldorf.

Deixaran de ter interese para o vello arqueólogo oito ou nove dentes dun peite de corindón violado e, en cambio, medrara o interese polo seu propio coidado e aseo. O botino de Eurika fora conseguindo paseniñamente que aquel home trocasse os seus hábitos de desdeixado e, mesmo mudase a súa imaxe física, chegando a deixar unha barbiña estilo Pasteur, sempre ben recortada, pois recortáballe ela mesma, que o facía aínda máis venerable. Tamén se operara da velida e recuperara un chisco a visión.

Eurika tiña moito procura en repoñer a tempo a auga de rosas para nunca caer en falta, e o seu esposo contáballe longas historias de Nut, a deusa da bóveda celeste polo que navega Ra, o deus Sol con cabeza de gabián; do deus Ptha, o primeiro canteiro; da divina Hathor, representada a miúdo en figura de vaca leiteira que da leite de eternidade; ou das peripecias do traslado da capital desde Akhetatón a Tebas, por antollo de Tutankamon.

Non pode dicirse que o vello arqueólogo vivise de recordos, pero certamente os recordos formaban parte do seu ser. Nin podía nin quería arrincar de si os que foran para el cecais motores da súa vida. E mesmo a súa muller, de tanto escoitalo engaiolada,

sentíase tamén por veces arqueóloga de sempre.

Por isto, porque a ámbolos dous lles seguían chamando as cousas antigas, chegaran a Lugo.

AS VERDADEIRAS MOTIVACIÓNS DUNHA VIAXE DE DOUS MIL QUILÓMETROS ERAN UN PUNTIÑO ROIBO

Consigo naquela viaxe ás terras de Lugo traían Don Otto e Eurika unhas cartas xeográficas que el sacara caladamente da biblioteca de Maguncia, mentres a muller entretiña ó bibliotecario, tamén un home de idade, facendo que se deixaba face-las beiras por el. Naquelas cartas ou planos un puntinho roibo sinalaba unhas minas de ouro que foran explotadas xa polos romanos, no lugar de "Tojoviejo" da parroquia de Sanmartiño de Goberno, do municipio de Castro de Rei.

En realidade o nome que figuraba nos planos estaba trabucado. O trabucamento houbo ser intencionado e debido a que fora bibliotecario maior en Maguncia durante todo o século dezasete un demo mediano. E, polo que tiña comprobado o universal Cunqueiro e así o deixou de manifesto

no seu discurso de ingreso na Academia Galega, hai moitos tesouros gardados por demos medianos que chegan a argallar nos planos para que non sexa doado dar con eles, anque sempre deixan algunha pista. O mesmo, tampouco fai falla ir tan aló para xustificar tal erro; pois, tamén puido ser debido á pouca capacidade dos castelanizadores dos nosos nomes galegos, por orde de dona Isabel e don Fernando, a quen Deus teña perdoado todo o mal que lle fixeron á nosa lingua.

Por máis que os mapas transcribisen "Tojoviejo", a paraxe sinalada co puntiño roibo foi, é, e será por séculos de séculos "Toxeirosvellos"; que os nomes dos sitios son patrimonio dos pobos e non propiedade privada de reis, nin xoguete de demos medianos.

O mércores seguinte ó día grande do San Froilán, que aquel ano cadrara en domingo, emprenderon viaxe cara a aquel puntiño Don Otto e Dona Eurika, non sen antes deixar recorridas as murallas da bimilenaria cidade e de ter contemplado despaciosamente a catedral, o pazo de San Marcos, a praza Maior, a fonte de Santo Domingo, o chalet de Cobreros, a casa Consistorial, o Museo e demais edificacións nobres e recunchos pintorescos e engaiolantes que fan de Lugo unha cidade cómoda para os seus moradores e acolledora para as xentes da campía; pois nunca perdeu o seu aquel de ruralidade.

O contacto durante os dous días de feiras con cacharreiros de Mondoñedo, ces-teiros de Budián, guarnicioneiros da Ribeira de Piquín, tratantes de mulares casteláns, me-leiros de Cervantes, xateiros de Gontán, ten-deiros de Betanzos, trapeiras de Guitiriz e un longo et cétera, aportou novos saberes ós xa amplos coñecementos antropolóxicos de Don Otto, que non se limitou a ser mero es-pectador, senón que tamén entrou no trato; pois cambioulle pelo a pelo o seu destartala-do Mercedes a un vinculeiro de casa rica de Baralla por un cabalo percherón preciosismo.

Eurika levou unha moi grande alegría, porque desde sempre soñara con ter un ca-balo. Ela encargouse de adquirir provisións para prosegui-la viaxe, pero tiña tanto en que escoller, a pesar de seren anos difíciles tamén no noso país, que se aprovisionou coma se, en lugar de encamiñárense a Castro de Rei, o fixesen ás mesmísimas furnas do Morazón, que tampouco cadran aló na Siberia, senón prefiño da ría de Sada. Ademais de facer avi-tuallamento de víveres, tamén mercou unha navalla de Ferreiravella e dous coitelos de Ta-ramundi.

Antes de porse a camiño comproba-ron coidadosamente que aquel mércores non caese en trece; porque, paradóxicamente, aínda quedan moitos alemáns su-persticiosos, para desacougo de Nietzsche, Kant ou Don Carlos Marx.

Iniciouse a marcha con saída pola porta da estación e no alto de Rubiás fixeron xa a primeira parada. O menos que se imaxinaron foi que a torre da igrexa que albiscaban aló ó lonxe en dirección norte fose xustamente a da parroquial de Goberno a donde se encamiñaban. De Lugo saíra Eurika cabalgando o percherón, pero xa alí en Rubiás tivo que apear; porque, ó ser loira de seu natural, tiña a pel moi delicada e rozábase por entre as pernas, con perdón.

Don Otto tamén seguiu a pé, debido a que lle aconsellaran andar para precave-la arteriosclerose. Serían polas cinco da tarde. Deixaran a cidade despois de xantar. O percherón era dondo, a pesar de estar enteiro, e arramalaba ben.

HOSPITALIDADE, CORAXE E... MEDOS

Foron seguindo os dous viaxeiros, tres co cabalo, pola estrada abaixo á sombra dos tileiros e bidueiros, que, anque en outono non aperte moito o sol, fere máis; porque xa vai baixando. No fondo da costa de Teixeira toparon coa rosquilleira de Rozas, que viña tamén do San Froilán cargada cunha cesta na cabeza e dous cestos de asa e tapas, guindados en cadanseu brazo. A rosquilleira viñera andando todo o camiño e parou alí un chisquiño a repoñer forzas de paso que lle contaba a unha coñecida e case veciña como lle fora nas feiras.

Esta muller, que coma tódolos que dun xeito ou doutro andan no trato, era moi boa fisionomista e recoñeceu en Eurika á mesma muller que en Lugo lle mercara unha peza de pan de trigo. Ó velos pasar díxolles:

-Parece que imos na mesma dirección, señores estranxeiros.

-Iso parece, -asentiu Eurika.

-E, pois, se non lles parece mal, acompañooos e así facemos un cacho de camiño xuntos, -seguiu a muller, que, por estar afeita ó trato, era moi resolta no falar.

-Ó contrario, señora, - interveu Don Otto-, a compañía e a conversa sempre son unha regalía.

O vello arqueólogo que tanto andivera polo mundo, sen dar explicacións sacou un anaco de cordel das alforxas e atando os dous cestos polas asas atravesounos sobre as monturas, cousa que a rosquilleira agradeceu moito; porque xa traía os antebrazos doridos e iso que estaba moi afeita a estes trafegos.

Reiniciouse a viaxe e continuou a conversa. A primeira en toma-la palabra foi a rosquilleira que dixo:

-O mesmo son franceses, e dirán vostedes: ¿a min que me importa?. ¡Nada, abofé; pero é un falar!

-Non. Somos alemáns-, respondeu Eureka.

-¡Xesús!, e iso aínda quedará máis lonxe-, amilagrouse a rosquilleira.

-Máis, -dixo Don Otto-, pero logo ha chega-lo día en que non haxa distancias.

Seguiu a conversa moi animada, levando a meirande parte a rosquilleira, que lles explicou con pelos e sinais en que consistía o seu principal medio de vida: En poñer un tenderete en cada feira da rodeada para vender roscas, caramelos, melindres e pan de trigo a prezos populares.

-Se cadra aló donde son vostedes non se fai coma aquí. Aquí a maioría dos que van a unha feira levan da casa nunha fardeliña

o compango, e dicir: o que se ha de comer co pan, case exclusivamente un cacho de touciño de cocho e un anaquiño de queixo. Levar un chourizo xa é sinal de señorío. Pero, como o día de feira en algo se tén que distinguir do diario, os que poden, mercan alí mesmo pan de trigo. O cotián por aquí é o pan de centeo ou de ferraxón.

Preguntou Don Otto moi interesado:

-¿Que é ferraxón?

Respondeu e seguiu a rosquilleira

-Pois, élle pan de trigo e centeo mesturado en proporción non fixa. O pan de trigo que por aquí tén máis aceptación, por ser o máis esponxoso e molciño, é o que trae un tal Victor de Mondoñedo; e non é por chufar, pero tamén o meu é moi apreciado. Case tódolos que mercan pan na feira teñen moito procura en non comelo todo, especialmente se quedan nenos pequenos na casa, para poder leva-la proba, que á cea cóme-se de moi boa gana con leite fervido. ¿Donde son vostedes non haberá estes costumes?

-Non, -volveu a intervir Don Otto-. Aló xa hai tempo que non se leva mochila ás feiras; pero con iso tamén se perdeu algo tan simbólico coma comparti-lo pan de trigo á cea. O progreso tamén tén os seus custos.

Case sen darse conta foron chegando a Rozas, donde a rosquilleira tiña a súa casa. Unha casa boa para aqueles tempos.

Construída case toda en cachotes irregulares de granito da zona e cubertura ás catro augas. Tería de fachada uns doce metros, con dúas portas na parte baixa, dedicada a cociña, cortes e pataqueiro; e catro ventás no piso, que estaba dividido en tres cuartos e comedor. Non tiña porta vidreira. Daquela aínda se vían os cangos; porque non houbera medios para faiala e enlucila por dentro.

Ó chegaren a diante da súa casa preguntoulles a dona:

-E, se non é moita pregunta, ¿a donde pensan ir durmir?

-Proxectabamos facelo en Balmonte, na casa da Torre, -respondeu o home.

-¡Ai, Señor!. ¿E a que horas pensan chegar?. ¿Non ven que xa case é noite e aínda lles faltan máis de dez quilómetros?

Tiña toda a razón a rosquilleira. En Don Otto non era de estrañar, pero parecía mentira que Eurika non fose un pouco máis previsora. Claro que daquela tampouco era doado facerse cun mapa destas bisbarras que tivese as distancias ben detalladas; e anque as tivese, o percherón era bo, pero de contaquilómetros non estaba dotado.

-Miren, -seguiu a rosquilleira-, aquí na miña casa hai unha corte para a besta. E para vostedes dous, múdolle-las sabas e o cobertor da nosa cama e dormen nela, que eu e mailo meu home xa nos amañaremos. E, por unha noite, nada lles vai custar, que, co-

mo di o refrán: "Deus nos dea un amigo, aunque sexa ás portas do inferno".

Miráronse un ó outro, Don Otto e Eurika e, mesmo cos ollos, dixéronse que aceptaban encantados. A máis encantada era Eurika que non estaba moi afeita a andar e, ademais, por culpa das rozaduras, entrecocíase.

Foi ela mesma quen aceptou en voz alta o agasallo e a invitación dicindo:

-Agradecémosllelo moito; pero no tocante a deixarnos a súa cama, non se preocupe por iso, que, mesmo, queremos mellor durmir en camas distintas. Así o vimos facendo xa desde dous meses e medio despois de casar, debido a que aquí Otto ten un roncar moi estrepitoso, e doutra... el xubilouse o pouco da lúa de mel. Vostede xa me entende.

Don Otto sorprendeuse por estas últimas aclaracións da súa muller e pensou para si: "Algo raro lle debe estar pasando a Eurika; porque en Alemania nunca fixo pública referencia as nosas intimidades". E, sen dicir palabra nin inmuta-lo rostro, concluíu para os seus adentros: "Será cousa do clima ou do embruxo desta terra meiga".

A ámbolos dous sorpredeulles, e moito, aquel comportamento tan hospitalario que só tiñan experimentado noutra viaxe ás zonas rurais dos Países Escandinavos. Non deixaron de manifesta-la súa sorpresa, cando, despois de instalárense e de comer un pique, comezou a tertulia arredor do lume da lareira.

-Chámanos moito a atención, -dixo o arqueólogo-, que ofrezan a súa casa sen máis a uns descoñecidos. ¿É iso habitual por estas terras?

Matizou a rosquilleira:

-Vostedes xa non son uns descoñecidos, que non fai falla moito tempo para coñece-la boa xente.


-Moitas gracias polo cumprido, pero en Düsseldorf hai un refrán que di: "Se queres saber quen son, hemos durmir no mesmo colchón", -agradeceu Eurika.

-Tamén aquí hai outro, - interveu o home da rosquilleira - que é: "A confianza mata ó galego".

Seguiu el mesmo dando resposta a Don Otto:

-Non, Señor, non. Aquí tampouco se lle dá casa cuberta a calquera. E nos tempos que corren, menos aínda; porque hoxe hai que reparar moito en quen che ven petar á porta. Vostedes, se cadra, aínda non tiveron tempo de escoitar falar dos escapados ou fuxidos, nin dos atracadores, que moitas veces son os mesmos.

Non. O matrimonio de alemáns non oíra falar ata o de agora desas consecuencias e flocos da guerra civil. Circunstancia que aproveitou o cabeza de familia, ou cabo de casa, que tamén se di, para contarlles un caso que acontecera non había moito na parroquia de Quintela.



Segundo lles foi relatando, un certo día, á postura do sol, presentouse diante do Señor Xaquín, que ía cunha colmeirada de toxos ó lombo para estra-las cortes, un home duns corenta anos, forte e ben proporcionado que, sen ir moi traxeado, tampouco vestía roupa de cada día. Este individuo preguntoulle á Señor Xaquín se ía ben no camiño de Cadavedo; porque, segundo el mesmo aclarou sen preguntarlle, vendéralle unha xugada de bois a un veciño dalí, xa pasaba de dous meses, e aínda non rematara de cobrala.

-Home, ben vai, -respondeulle o patrón-, pero quédanlle por diante unhas catro leguas ben ás cheas, iso indo polo travesío. E, se non coñece o camiño e se mete na noite, vaise perder ben seguro. E por se fose pouco, a noite vai estar pecha e non está libre de tropezarse co lobo ou cos atracadores, que non sei que será peor... Vostede nin me pediu nin precisa dos meus consellos, pero eu non iría hoxe para aló. Se agardou dous meses e pico, ¿que máis tén unha noite arriba ou abaixo?

-Vostede ben fala, meu home, - retrucoulle o viaxeiro -, pero hoxendía non é doado atopar pousada. ¿Canto me queda para a vila de Castro de Rei?

O señor Xaquín tratara algo en vacas de vida desque retornara de Cuba, a donde emigrara tres anos para facer uns cartiños e redimi-lo prado do Angueiro. Debido ó trato,

el tamén tivera que quedarse repetidas veces en casa de fóra.

Despois de rascar moi reflexivamente a cabeza por debaixo da boina, respondeu con moita resolución:

-Para chegar á vila faltaranlle uns catro quilómetros; pero eu tamén sei o que é andar polo mundo para rematar de cobrar unha res; así que, para pasar esta noite, non lle fai falla dar un paso máis adiante.

Mentres o seu home seguía contando, púxose a rosquilleira a pelar unhas patacas para a cea e de paso advertiulle:

-Se has remata-lo conto antes de muxilas vacas, non podes ir con tanta parsimonia.

-Anda, muller, que noite e día é sempre, -cortoulle el.

A Don Otto, o relato que estaba escoitando traíalle ó pensamento outros semellantes, referentes á proverbial hospitalidade oriental, que el oíra en Exipto.

Despois do breve inciso, proseguíu o relator contando que o recén chegado aceptara quedarse na casa do señor Xaquín e que, para dalgún xeito mostra-lo seu agradecemento, quixera ser útil, ou iso pensaban os da casa, pola súa insistencia en axudar a esfollar no maínzo e en termar do candil de petróleo para alumearlle ó señor Xaquín mentres este lles relaba uns garelos ás vacas nas manxadoiras.

Aquel día, igual ca case tódolos outros días e igual ca en case tódalas casas veciñas, ceouse na do señor Xaquín caldo de leite e pan de feraxón; pero en homenaxe ó hospede, fixo a señora María, a ama da casa, unha tortilla de torresmos, e íase beber viño coma nas festas, se non fose porque ocorreu algo inesperado.

Neste momento o home da rosquilleira, que ademais de labrego tamén era panadeiro, suspendeu o relato. Púxose a envolver un xaruto con moita calma e preguntou:

-¿Queren vostedes unha cunca de viño quente?. Se cadra preferían cervexa; pero nós non gastamos.

Respondeu Eurika impaciente:

-Non, gracias, non bebemos por entre comidas. ¿Que foi o inesperado que ocorreu?

Antes de responde-lo panadeiro rematou o que estaba facendo sen apurarse. Botou man dun tizón do lume. Acendeu o cigarro. Deulle tres ou catro chupadas e logo seguiu:

-Pois o inesperado foi que, ó acabalga-la perna por riba do banco para sentarse á mesa de levante, víuselle con moita facilidade ó home aquel, por debaixo do rodo da chaqueta, un pistolón enorme do nove largo. Quen llo viu foi o señor Xaquín e o fillo ó mesmo tempo. Miráronse un ó outro, fixéronse unha seña disimulada e de momento ninguén

dixo nada. Só, pasado un bo pedazo, falou o señor Xaquín en son moi seguro:

-Elvira, haslle face-la cama a este señor no cuarto de tras e non te esquezas de poñerlle o servicio, por se o precisa de noite. E vostede, durma tranquilo, que ninguén o ha molestar. Non estea trasgolado, que xa o chamaremos nós. ¿A que hora quere marchar?

-Ó amencer, podendo ser, respondeu el.

-Pois, descoide, que xa o chamaremos ó mesmo ser día.

Eurika con cara de medio apampada pediu unha explicación:

-Eu aínda non din sabido cal foi o feito inesperado.

Aclaroulle a rosquilleira:

-Foi que se lle viu a pistola.

-¿E iso é tan grave?, -volveu a querer saber ela.

-O grave, señora, -seguiu a rosquilleira-, non foi que se lle vise; senón que el non fixese nada por evitalo; porque mire, unha arma haina en case tódalas casas, pero como iso está tan perseguido tamén hai bo procura en telas acubilladas, mesmo entre a palla dun xergón ou debaixo da herba da palleira. Só os que a usan a miúdo non teñen reparo en que se lles vexan.

Rematadas as aclaracións da muller, volveu a pilla-lo fío da conversa o panadeiro:

-Tras de seu pai falou o fillo, de nome Rubén, que estivera na guerra e, coma quen non quere a cousa, deixou caer que el tiña o sono moi lixeiro; que mesmo durmindo sentía tece-las arañas; que no fronte en Teruel coñecía a marca e o calibre das armas polo asubío das balas; que de home a home non hai moita diferenza... Logo, fíxose un longo silencio. Parecía que ninguén tiña presa por deitarse. Ata que o señor Xaquín determinou:

-Vostede quereráse deitar, que estará canso e para mañá quédalle unha carreiriña dun can. Nós aínda temos que reza-lo rosario por outro fillo que nos morreu na guerra. ¿Vostede igual librou sen pasar por ela?

O viaxeiro ergueuse sen máis e botou a andar cara a porta do cuarto, coma se coñecese o sitio de vello. El ben se decatara de que a xente da casa estaba maliciada. Fóronlle alumar ata entrar na habitación e desque o sentiron deitarse, déronlle unha volta á chave con moito tino. O cuarto de tras era o único da casa que pechaba por fóra. Aquel día non se rezou o rosario en familia e pai e fillo pasaron a noite en vela. Había moito tempo que non se sentían tan unidos os dous. I é que o medo vencella moito ós que o comparten.

-Pero, ¿de que sospeitaban?, -volveu a preguntar Eurika.

-Muller, -aclaroulle con paciencia o home -, é que desconfiaban de que fose un

desertor, igual có noivo da túa compañeira de Düsseldorf; que ben me decatei eu de que aquela noite que faltou ela ó traballo foi porque viña el visitala.

Eurika ceibou unha gargallada e dixo:

-Madia levaches a decatarte, que fun eu mesma quen cho contou. Gracias a iso estamos os dous hoxe aquí.

Coma se a aclaración da muller non lle fixese moita gracia, seguiu Don Otto:

-E un desertor é o mesmo ca un fuxido, ¿non si?.

-Iso mesmo, -asentiu a rosquilleira -, e un fuxido pode ser un atracador ou un enlace, que disque en case tódalas parroquias teñen algún.

Agora foi o panadeiro o que tratou de reconduci-la conversa:

-¿Contas ti ou conto eu?; porque como metas ti baza, entón si que non muximolas vacas ata mañá.

Ninguén rechistou e seguiu el:

-En toda a noite non houbo movicións sospeitosas. Chamaron ó home á hora acordada e, sen querer tomar nada, despediuse agradecido, pero secote. Preguntáronlle de donde era e unha vez máis fíxose o xordo. Tempo máis adiante, como cousa de oito meses, volveu a atoparse o señor Xaquín co mesmo home viaxando cara a Lugo no autobús dun de Castro de Rei que se chamaba Francisco da Ponte. Eu tamén teño viaxado

nel e, cando ía moi cargado, non é a primeira vez que pola costa de Teixeira arriba nos temos baixado os pasaxeiros para arrepujar.

Aquí volveuse a interromper o narrador para preguntarlle á muller:

-¿Acabo ou muximos, nena?. A Gallarda xa hai un pedazo que berra. Débelle chega-la hora.

-Acaba; que agora xa pouco che falta; pero déixate de andar con arrodeos que non veñen ó caso, -ordenou ela en son de matriarca.

-Pois, xa que ti o dis, abreviarei logo, -aceptou el resignado-. O caso foi que ó subirse ó coche en Quintela o señor Xaquín deu os bos días a todos e dirixiuse especialmente ó home aquel a quen recoñeceu ó primeiro golpe de vista; aínda que daquela viaxaba con pasamontañas de lá e bigote de guías. El virou a testa cara a ventaiña e, segundo parecía seu costume, volveu a facer que non oír. Pero o Señor Xaquín, que; anque non era moi largo de talla, tamén era home bragado, insistíulle:

-¿Que. Rematou ben o trato?. ¿Deu cobrada a xugada de bois?

O outro sen erguer moito a vista e medio ceñudo respondeu:

-Vostede debe estar confundido. Non sei de que trato me fala. Na miña casa xa hai moitos anos que non hai bois, nin falta que fan.

Non se mediaron máis palabras ata que el mandou para-lo coche diante da fábrica de Barrera, un pouco antes de chegar á capital, e alí apeou sen despedirse e internouse por unha carballeira adiante.

-Agarda un momento, -interrompeu a rosquilleira-. Mentres remata o conto, voulle poñer unha pouca auga a quecer, señora Eurika; porque, como me dixo que se rozara, estará querendo refrescarse. Como aquí non dispoñemos de moitas comodidades, terá que lavarse na mesma bacía de madeira na que nos lavamos nós. Heille botar unha areiña de sal para desinfectar, e despois pode untarse con aceite de améndoa doce, que conservo de cando o fillo era pequeno. Dá moito descanso.

-Desde logo, ben se ve que vostede está en todo, e iso que estará ben cansa de todo o día, -dixo Eurika.

Terciou o panadeiro:

-Elle que as mulleres aquí teñen moito aguante. Teñen sete folgos coma os gatos. Fan todo o da casa e axudan no de fóra.

-¡Home, gracias a Deus!. Tén que haber alleos para poder escoitarche un cumprimento, -exclamou a muller.

-Pouco expresivo que é un, -desculpouse o home-, pero, que non se diga non quere dicir que non se sinta.

-Pois mira, -insistiu ela-, os sentimentos déunoslos Deus para expresalos e non para es-

condelos. O que che pasa a ti, e a moitos coma ti, e que vos parece que sodes menos homes se se vos nota que tedes tenrura, e de tanto disimulala pode que acabedes perdéndoa.

Cortou o home:

-Cala agora con discursos e déixame rematar, que ha de estar a Gallarda vertendo o leite... Como lles estaba dicindo, o home da historia apeou antes de entrar na capital e internouse por unha carballeira. Entón o señor Xaquín preguntou se alguén o coñecía; pero non obtivo resposta, anque dúas mulleres, que montaran nos Pedregás miráronse raposeiramente. Ó apearen todos en Lugo, un dos viaxeiros achegouse moito ó señor Xaquín e en voz moi queda díxolle:

-O home polo que vostede preguntaba e un escapado. Chámase Redondo. Non lle convén que se saiba que o coñece e, polo que máis queira non me descubra.

O panadeiro atizou outros dous cotos ó lume e continuou para rematar:

-Cando o señor Xaquín retornou á noite para a súa casa, pasoulle por dentro a tranca á porta carreteira. Xuntou a toda a familia na cociña, mandou entornalas contras da ventá do vertedeiro, ollou arredor, por se o escoitaba alguén e, baixando moito a voz contou o que descubrira aquel día. Despois de escoitalo todos con moita atención, dixo o fillo:

-Non está libre de que calquera día volva a aparecer cunha cuadrilla.

-Non creo, -sentenciou o pai-, faría falta ser moi desalmado para vir atracar a quen ofrece xenerosamente a súa casa.

Concluíu o panadeiro:

-Xa ven que; anque un estea ben disposto, hai casos que obrigan a desconfiar; pero vostedes non teñan medo que non lles hemos pechar por fóra a porta do cuarto.

Este Redondo militara nunha célula do partido Comunista de Lugo durante a República e, ó comeza-la guerra, botouse ó monte, formando parte dun pequeno grupiño de guerrilleiros sen medios, organización, nin cabeza dirixente minimamente capacitada, que tardou non máis de oito meses en escangallarse. Así quen iniciara a súa andadura polos montes movido por ideais políticos, a verdade é que pouco consistentes, quedou reducido á condición dun fuxido máis que non podía volver á súa casa para non ser detido. Roubaba para comer só cando non tiña máis remedio; porque de cando en vez desplazábase á zona da Fonsagrada e aló, en aldeas do interior, traballaba como xornaleiro. As súas orixes foran de Montecubeiro; pero era fillo único e, en canto lle morreron seus pais, tampouco tiña un motivo que lle tirase para volver á casa.

El nunca se considerou a si mesmo coma un heroi, senón máis ben coma un po-

bre home fracasado; pero cando tiña quen o escoitase contaba historias de que atracara a algúns ricachóns solteiros para axudar a camareiros cargados de fillos; de que en tal ou en cal ocasión viaxara nun coche de liña sentado ó lado dun guardia civil que non o coñecera, porque ía disfrazado de monxa; de que outra vez que deran unha batida para atrapalo, pasaron a carón del lo menos unha ducia de guardias e tampouco o recoñeceron, porque se puxo a facer unha sebe entre dous prados.

Comentábase que a guardia civil sabía del; pero nunca tomou verdadeiro interese en detelo, porque o seu apreixamento non suporía méritos para o ascenso de ningún mando.

De remate, un bo día recibíuse na casa cuartel de Castroverde un anónimo que dicía: "demingo ala noitiña redondo atracará de novo encás madeiro de córneas". Fora el mesmo quen o mandara para que o detivesen en acto de servicio e falase del o xornal, ó mesmo tempo que conseguía que o puxesen a tratamento dun enfisema pulmonar que o estaba matando. Acabou os seus días no asilo de Mondoñedo, e non tardou en perderse a súa breve memoria histórica. Outros, coma Foucellas, tiveron máis sorte; pois por uns anos foron mitos e o seu recordo perpetúase en libros.

Mentres a rosquilleira e o home despachaban o gando e, por fin, muxían a Ga-

llarda, a Garbosa e a Lucera, Eurika lavábase no cuarto grande, e Don Otto, debuzado por riba da porta de poxigo, ollaba cara a estrada, pola que non pasaba ningún coche, e escoitaba ás ras que croaban, indiferentes ó mundo e a todo, aló nunhas regas máis abaixo.

UN FEIRANTE POETA SEMENTOU FEIRAS ÁS MÁNS CHEAS

Ó mesmo tempo que remataron os da casa o trafego obrigado de despacha-lo gando tamén rematou Eurika as súas abluções. Foille moi eficaz o bálsamo de amén-doa, pois deixouna moi agustiño; pero para disimula-lo seu olor, deuse dobre dose de auga de rosas; de xeito que con ela entrou na cociña un arrecendo que era un primor.

A rosquilleira fritiu unhas patacas para comer coas sobras do coello asado que lle deixara ó seu home xa preparado de véspera, antes de marchar para o San Froilán. Estaba case enteiro; porque o panadeiro dábase máis coa carne de cocho de cada día ca con esoutras larpeiradas. Tamén se encetou un xamón, que era sinal de gran excepción; debido a que daquela eran poucas as casas de labregos que se quedaban cun xamón; pois o normal era vendelos todos para ir facendo fronte á contribución e a outros gastos. E se algún se reservaba, era

de pensar que ía entrar algún fillo en quintas ou que se andaba con algún pleito entre mans.

De postre houbo mazás tabardilius asadas e púxose o mantel e as servilletas de liño fiado pola propia man da rosquilleira.

Os alemáns fixeron tamén excepción aquela noite; pois eran vexetarianos os días de entre semana, e non obstante, comeron de todo.

Durante a cea falaron estes dos seus proxectos e da posibilidade de volver a extraer ouro, agora con novos medios, nas antigas minas romanas de Toxeirosvellos.

Niso non se meteron o panadeiro nin a resquilleira, porque era unha cuestión que descoñecían. Eles trataban máis ben de leva-la conversa ó terreo de inmediato e concreto, sorteando como podían os futuribeis e as abstraccións nas que Don Otto se manexaba coma peixe na auga. Por iso, tan axiña como puido, dixo o panadeiro:

-E, pois, se van cara a Castro de Rei, aquí están ás portas mesmo do municipio, tén parroquias de nomes moi fermosos e que cadran moi ben ó oído, tales coma: Dumpín, Orizón, Mondriz, Bendia, Loentia, Azúmara, Triabá.

Algúns deses nomes son de orixe xermana, -observou o arqueólogo.

-Ai, serán, si señor. Non digo que non, -asentiu a rosquilleira.

-Otto sabe moito de todo,- corroborou Eurika.

-E xa ora, o que estudia sempre sabe,- confirmou o panadeiro.

E enfriou a conversa.

Foi Don Otto quen a volveu a quentar preguntándolle á rosquilleira datos e cousas das feiras que ela coñecía tan ben.

Anque Don Otto era básicamente un arqueólogo, experimentaba atracción pola antropoloxía. Aínda sentindo gran admiración polo que fora o meirande exiptólogo do século dezanove, o gran Champollion o Xove, discrepaba del no referente ó que este sostíña de que a arqueoloxía xustificase por si mesma, mentres que Don Otto, en cambio, defendía que o seu meirande interese está nos aportes que poida facer á antropoloxía e, máis en concreto, á etnoloxía. Por iso sentía gran curiosidade por todo o que fose costumes e xeitos de vivir. Para el as feiras eran unha exposición etnolóxica itinerante e permanente.

Difícilmente podería atopar a ninguén que lle informase con meirande propiedade e acerto sobre este tema ca rosquilleira, dado que ela, desde había trinta e dous anos, soamente perdera, daquelas feiras en que era habitual a súa presenza, dúas de Meira e unha de Adai, por causa dunhas nevadas que trouxeran moita fame para o gando e que levaran a algún xornal sensacionalista e alburgueiro a falar de que un xeólogo austríaco,

de nome inventado, anunciaba unha inminente glaciación. Isto que parece unha chanza, deixou sin existencias en dous días a un almacén de abrigos de pano que por un casual era do mesmo autor do artigo do xornal. Se hai que dicilo todo, o director da publicación, un antigo falanxista, abrigou de balde e para varios anos a toda a familia da casa e a dúas cuñadas solteiras.

Fóra dese pequeno paréntese, en cada feira de Castro de Riberas do Lea, de Rábade, de Castro de Rei, de Meira, de Adai, de Nabela ou de Gontán, estaba a rosquilleira detrás do seu tenderete. Algunha vez tamén tén ido a Muimenta e a Vilalba; pero estas cadrábanlle máis ó revés; porque non tiña para elas boa combinación de coches de mercado.

Ante a petición de Don Otto referente a que lle contase cousas, preguntoulle a boa muller:

-¿E que quere mellor, que vaia dicindo eu o que se me veña ó pensamento, ou que responda ó seu interrogatorio?

É curioso, pero esta mesma pregunta facíalla a rosquilleira ó cura cada vez que se confesaba.

Don Otto respondeulle, despois de pensalo un chisco:

-Quizabes sexa mellor que vaia dicindo vostede e, se algunha cousa me queda oscura, enton preguntareille.

Aceando con ámbalas mans o pano da cabeza para atrás e deixando ó descuberto unhas guedelliñas de prata moi limpas, arrincouse a improvisada relatora, moi resolta:

-Pois mire, por aquí, unhas veces ou outras, á feira vai todo o mundo: nenos, mozos e vellos. Mesmo hai vellas que xa teñen reparo para ir á misa e, en cambio, siguen indo ás feiras. Uns van tratar, outros mirar, algunhas facerse ver, e todos, atoparse con algún amigo de sempre. Se vostede dá unha volta por calquera feira pode atoparse: aquí a unha muller vendendo media ducia de queixos feitos na casa no tempo dos nabos, que son os mellores; acolá, a outra querendo enganar a unha piteira mal falada para enveredarlle dúas coellas que xa non empreñan e un galo que ataca a traición; naquel recullo, un homiño goberneiro e medio coreñas anda abesullando a como se pagan os ovos; ó pé dunha camioneta con matrícula de Oviedo, outro que se da de listo, merca tres cobertores roídos da couza polo prezo de dous e pensa que fixo negocio.

-Fágame o favor, -interrumpiu o home de estudos-. Sería ben que tomases nota dalgunha destas cousas, Eurika. Faríao eu de boa gana; pero a vista non me axuda, e menos coa luz de carburo, anque alapea ben por certo.

-Cambieille aínda onte a buxía, -aclarou o panadeiro-, ¿Non escoita que ben ronronea ó queima-lo gas?

Eurika botou man dunha libretiña que sempre levaba consigo; porque era habitual que Don Otto lle pedise que tomase apuntes, e dispuxose a escribir; pero antes aclarou:

-Hay algunhas palabras que non entendo, coma coreñas e abesullar.

-Ti escribe o que escoites, que logo xa o sacaremos polo contexto, ou acudindo ó dicionario.

Volveu a falar o panadeiro, non sen certa retranca que lle acaía moi ben:

-Abesullar venlle sendo o mesmo ca atusmar e...coreñas... Coreñas é mellor que non o entenda.

-¿Podo seguir?, que xa non sei moi ben por donde ía, -preguntou a rosquilleira.

-Siga, se é tan amable, -rogou Don Otto.

-Na feira das vacas, un vello e un neno, que foi afalando, amosan, sen intención de vender de momento, unha xubenca, porque, se a ven antes os tratantes na corte, xa non medran máis. Un labrego de media idade trata de abriulle a boca a un boi pinto para adiviñar polo desgaste da dentamia os anos que tén, anque quen vende xura pola memoria de súa nai que non pasa de cinco. Un portugués, por tres pesetas, vélalle a un xateiro, para que non se metan outros, unha vaca maronda pola que ofrece a metade do que vale. Detrás dun campano de viño dous danse a man para partiren unha diferenca...

Con permiso, vou molla-la palabra, que se me resecan os galaxes.

-¡Non faltaba máis, muller!. Tómese un momento de descanso e perdoe o atrevemento de pedirlle tanto esforzo, -disculpouse o arqueólogo-antropólogo-etnólogo.

O home da rosquilleira, sen apea-la sorna de antes, botou man da xarra do tinto e, servíndose unha cunca, dixo:

-Mesmo parece que ata a min se me seca a gorxa de tanto falares ti. ¿Vostede non quere tamen un grolo, señor?.

-Pois, por unha vez... que sexa, -aceptou Don Otto.

A rosquilleira bebeu auga da sella con só dúas gotiñas de viño para namais darlle cor. E continuou:

-Xa non me quedará moito que dicir... ¡Ai, sí!: Na feira dos cochos un da Pontenova apalpa disimuladamente as polpas dunha moza mentres bota un ollo por riba dos ladrillos do carro a unha larada de ranchos do leite. Ela faise a desentendida, na espera de que o outro se abrande e afloxe algo máis a carteira.

Volveu a mediar Don Otto, tratando de concretar:

-Polo que vexo, as feiras son verdadeiros mostrarios das profesións máis variadas.

-Ai, si, señor, -seguiu a rosquilleira, nelas danse cita: zarralleiros,afiadores, zoqueiros, xateiros, xamoneiros, piteiras, co-

cheiros, tendeiros, trileiros, guardias civís, requicheiros, guarnicioneiros, albardeiros, tendeiros, artesáns de aguilladas, loras e caxatos, requicheiros, pordioseiros, carteiristas, parlanchíns, polbeiras...

-¿Polbeiras?, -preguntou Don Otto.

-Pulpeiras, señor, pulpeiras, -aclarou o panadeiro-, é que esta muller miña, desde que deu en relacionarse aí cunha mestra que falou castelán toda a vida e agora por parte de tarde convertiuse ó galego, mete algúns términos que non hai deus que os entenda.

-E moi propio dos neoconvertos en case tódalas ramas deixarse levar por un certo fanatismo, -matizou o científico, e seguiu preguntando-, ¿Non sigue habendo tamén unha especie de troveiros?

Quedouse cavilando a rosquilleira e logo respondeu:

-Agora son eu a que non entende...

-Desculpe, -tentou de matizar Don Otto-, refirome a uns que cantaban copras...

-Ai, xa sei, os que venden historias, -caeu na conta a muller -. Sígueos habendo, sí. Algúns só venden copras, como vostede dí, con letras de cantantes célebres ou dalgún crime moi sonado. As copras deben andar a tres na peseta. Outros tamén cantan, algúns acompañanse ou fanse acompañar con algún instrumento musical. Sempre hai grupos de xente arredor deles, sobre todo se son cegos.

Aproveitando que a rosquilleira fixo outra pausa para volver a acea-lo pano outro pouco máis atrás, entrou de novo o home.

-¿Por que non lles contas o que lle pasou á de Paradavella co Florindo de Samartiño?

-Iso é preferible que o contes tí, que estabas presente e ademais, paladéalo mellor-. Foi agora a muller a que adoptou o son retranqueiro.

-Ande, que así tamén descansa un pouco ela-, pediu Eurika.

O panadeiro, volveu a enche-la súa cunca e a de Don Otto, sen preguntarlle. Removeu o lume e púxose a liar outro cigarro mentres parecía andar buscando aló na súa mente as palabras máis axeitadas. Por fin decidiuuse.

-Pois... vai logo... Resulta que a de Paradavella era unha muller que tivo unha desgracia da que ninguén está libre: deixouna o mozo case ás portas da igrexa cunha criatura no ventre. Os pais botárona da casa e, tivo que poñerse a servir... O certo é que a moza podía servir para todo, polo ben contorneada e volteadiña que era toda ela. Na casa donde a colleron de criada había sete vacas atendidas por un matrimonio de mediana idade e sen fillos. Alí deu a luz un neniño repoludo e da cor das rosas. Ó principio todo eran méquiños para o neno e cara de risa para a nai; pero, andando o tempo, un mal

día, ó pouco de mallar, sorprendeu a ama da casa ó seu home e á moza en brinquetas na aira detrás do palleiro da palla relada. Ó día seguinte pola mañá, a nai tivo que arrincar co pequeno no colo e un fardiño de roupa na cabeza.

-¡Arrenegado sexo o demo!, -interrumpiu a rosquilleira-. Mira que fuches pillala volta ben aberta para dar chegado ó Florindo.

-Agarda, muller, que aínda non cheguei, pero xa me vou achegando, -respondiu o panadeiro sen acelerar máis a marcha-. O caso foi que nai e fillo foron recaer onda un cego de Benvibre que tocaba con moito tempero o violín... e o que se lle terciase. O cego encariñouse co pequeno e adoptouno, así tamén tiña parte na nai.

A Don Otto, xa fose por efecto do viño ó que non estaba afeito, xa pola sorna do panadeiro, asomáralle ós olliños, reducidos aínda máis polos grosos vidros ca polos anos, un lene sorriso pícarón. Eurika parara de tomar notas. A rosquilleira foi ó vertedeiro poñer unhas fabas a amollo para o caldo de rostrido do día seguinte. O home seguiu falando:

- Xuntos os tres: cego, nai e fillo recorreron Galicia, León e parte de Asturias, ata que, despois duns sete anos sen separarse, caeu o cego dunha ponte aló en Luarca e estortillouse contra o chan. Toda a herdanza que recibiu o pequeno foi o violín, do que quedou usufructuaria súa nai. Ela seguiu polas

feiras e ruadas tocando, vendendo historias de horrendos crimes por celos, que ela mesma cantaba... Ter, tiña una voz que namoraba... Tamén se dicía que se prestaba para outros mesteres... E cunha miguiña de acó e outra miaxa de aló, ían vivindo. O pequeno aprendera a marca-lo ritmo coa pandeireta e tamén lle daba a súa gracia. ¡Pobriño!

-A ver, home, vente ó rego dunha vez, -volveu á carga a rosquilleira.

-Xa vou, muller, xa vou, ¡qué diaño de presa che entrou!. Ben, pois un día en Meira estaba esta muller realizando o seu oficio coma de costume...., ó dicir oficio, refírome ó de tocar. ¿E quen se arrimou tamen escoitala?. O Florindo de Samartiño, que era peor có mesmo diaño. Fíxense como sería de áxil e preventivo, que pillaba as lebres á carreira. Ela, xa ora, para toca-lo violín tiña que erguelo brazo esquerdo, deixando amosar por debaixo del un seo provocativo e ben posto no seu sitio, do que non apartaba ollo algún rapaciño dos que empezan a botar barba. O Florindo quixo comprobar por si mesmo se era ouro todo o que relucía, ou se por aí había unha parte de estopada. Situouse do lado dereito dela, para disimular e, moi amodiño, foille pasando o brazo por detrás á artista ata trae-la palma da man por debaixo do brazo esquerdo mesmo ó punto preciso para darlle unha palmetada en salva tal parte.

-¿E era todo de seu natural ou había molido? , -preguntou Don Otto.

-¡Mira que che poden importar a ti esas cousas agora!, -dixo Eurika con cara de defensora do vínculo.

-Pois, sabe vostede, que iso non se me ocorreu preguntalo, -respondeu o panadeiro-. A muller, que sería o que fose, pero sabía garda-las aparencias, revirouse coma un lóstrego sobre da esquerda e, nun abrir e cerrar de ollos, plantoulle un lapotazo nos fuciños ó espectador que tiña máis preto, coidando que fora el o do tocamento e que resultou ser outro veciño do Florindo, o Cachelo. Este xa non era moi ben encarado; pero dígolles que a cara de ferreiro que puxo era digna de retratar. Todos cantos observáramo-los movementos felinos do Florindo rimos a cachón e comprobamos como unha vez máis pogou xusto por pecador, igual ca na traxedia que se estaba cantando. Nela falábase, acórdome ben, dun marido burlado que, despois de espichar con un coitelo coma un nefando reptil á sua infiel esposa, acabou guindándose dunha trabe, para non beber por máis tempo a aceda vergoña dos cornudos.

-Ve aí tén, -dixo o arqueologo-, estas cousas, que tamén son historia viva dun pobo, non se aprenden nas criptas dos museos de El Cairo en Exipto.

-Eu vou propoñer unha cousa, -falou a rosquilleira-, pero antes quero que me

respondan, se non lles importa, a unha pregunta: ¿Vostedes teñen moita presa por chegar a ese puntinho roibo do mapa?

Tentando de adiviñar que podería vir detrás da pregunta, respondeu Don Otto:

-Non. Ben mirado non temos moita presa. Nós agora xa non temos presa; porque os días que poidan quedarnos de vida temos que vivi-los repousadamente para saborealos ó maximo.

-Pois logo, aí vai a miña proposta: Agora ímonos deitar e mañá, se Deus quer, vostedes van, dan unha volta por Duancos e por Mondriz para botárenlle unha ollada ó Colexio e á Casa do Pacio, que teñen moito que ver e, despois á noite, como o arrodeo é pequeno, volven durmir aquí; que lles conto de boa gana o da lea da Feira Grande de Castro de Rei. ¿Qué lles parece?

-Parécenos que é abusar da hospitalidade que nos brindan tan xenerosamente, -respondeu Don Otto.

-Se fose abusar non llela brindaría-mos, ademais, a nós que tamén xa imos indo sobre os nosos anos, fainos moi ben ter a quen comunicar algo do que levamos dentro.

-¡Qué ben falaches, muller!, -exclamou o panadeiro-. Pero, eu aínda vou engadir algo máis: se quen nos escoita é xente tan distinguida, a cousa convertese nun honor.

-Falando así, non queda máis remedio ca aceptar, ¿non che parece, Otto?

-Dixécheo ti, Eurika. Que sexa, logo.

E foi. Todos marcharon para a cama. E todos durmiron ben aquela moite, ata o percherón que non extrañou a corte nin pouco nin moito.

O MARQUÉS DE LA ATALAYA BERMEJA RETORNA Á SÚA TERRA DISFRAZADO DE LETRA IMPRESA

Non madrugaron ó día seguinte os alemáns; porque lles sobraba tempo para o recorrido que pensaban facer, e ademais, estaban cansos da camiñata do día anterior. Así que, erguéronse polas nove e desaanaron chocolate con roscas, coma nas casas dos curas; que, xa cando baixaron, tiña a rosquilleira ó lume unha chocolateira de barro con mango. E aló polas dez e media tomaron camiño cara a Duancos, non sen que antes lles preguntase a rosquilleira se tiveran frío na cama e, máis concretamente a Eurika, se quería darse outras fregas de aceite de améndoas, ó que ella respondeu que non; porque xa case non notaba pruído das rozaduras.

O panadeiro ofreceuse para acompañalos, ofrecemento que rexeitou Don Otto por innecesario. E, despois de encamiñárenos ben, despedíronse ata a volta. Non levaron o percherón.

Ata Duancos seguiron todo pola estrada de Lugo a Vegadeo e desque levaban

andados uns tres quilómetros, á altura do aeródromo militar de Rozas, torceron á dereita por unha corredoira que os levou mesmo ó Colexio, Pazo e Capela, fundados no século dezaioito por López de Carbajal.

Sentiu satisfacción Don Otto por atopar en pleno corazón dunha aldea, que vivía a súa monotonía á sombra de carballos e castiñeiros, unhas edificacións tan nobres nas que se alternaban, en harmónica proporción, columnas, arcadas, corredores, escalinatas e balaustradas; todo construído en granito.

Non tardou en aparecer por alí o caseiro da señora e dona do pazo; que, cando algún alleo aparece de novo por calquera aldea galega, nunca tarda en asomar algún curioso para averiguar, con disimulo mal disimulado, que curioseá o recién chegado.

Despois de da-los bos días, foi preguntando o home:

-¿Parece, logo, que tamén lles faláron disto?.

-Faláron, si señor. Faláronnos en Rozas; pero aínda é máis bonito do que nos dixeron, -respondeu Eurika.

-E feo non é, non señora, -asentiu o caseiro-. ¿Vostedes, logo, non son de por aquí?.

-Non, señor, somos de Düsseldorf, -volveu a contestar Eurika.

-Ai, ¿de Dussorf?. Está ben. -quedouse sen entender o paisano.

Aclarou Don Otto:

-Non, de Dussorf non. De Düsseldorf, en Alemania, pero, ¿que máis ten?. Todos somos cidadáns do mundo. ¿Vostede ben seguro que sabe moitas cousas referentes a quen mandou construír todo isto?. ¿Tería a ben axudarnos a saír da nosa ignorancia?.

Sentiuse valorado o home e iso deulle moita confianza. De xeito que xa se ceibou a falar sen máis reticencias.

-E, pois, algo sei, si señor, anque non sexa moito. Verán: Todo isto mandouno facer un de aquí que marchara para as Américas, por máis señas, Domingo López de Carbajal Novoa Barreiro y Freire.

-¿Faríase rico en América para sufragar estas construcións?, -preguntou Eurika.

-E, pois, verá señora: cartos debeu facer, si; pero tamén debeu chegar a ter moito mando; porque foi Marqués de la Atalaya Bermeja e Bizconde de Carrión. E, segundo din algúns papeis que hai pola casa, e que eu non entendo moi ben, tamén foi Señor da Vila de Santa María de Guadalupe del Algar e da Mesa de Sotogroso. Eu..., se lles hei dici-la verdade, non sei por donde ven caendo nada de todo iso; porque o máis lonxe que cheguei foi a Ferrol, donde fixen o servico militar. Debe ser bonito ver mundo... Vostedes xa terán visto moito.

Sempre cortés e amigo de valorar ós demais como bo humanista, dixo Don Otto:

-O máis importante non é o que se ve, senón o que se asimila. Vostede tén boa memoria para recordar todos eses nomes; sen saber donde están.

-Eu, señor, pouco puiden ir á escola, que meus pais tamén eran caseiros e había que traballar para irmos tirando nós e axudar a vivir ós amos sen traballar; pero, e non é por chufar, os ríos e as provincias quedábanse moi ben... Pois, como lles estaba dicindo, ese señor debeu ser un home de ben; porque, segundo teño oído, mandou construír todo isto para colexio de nenos e vivenda dos mestres. Polo visto, ademais de cargar cos gastos da construción, deixara unha especie de fundación para que se pagase unha soldada os nenos que estudia-
ban.

-¡Que cousa máis rara!, -exclamou Eurika sorprendida.

-Non tan rara, -dixo Don Otto-, ós que verdadeiramente estudian sempre se lles debe axudar; porque o seu estudio, se non saen uns comenenciudos, redundará de novo en ben da sociedade... ¿Morrería sen fillos o tal Carbajal?

-E, pois, non, señor, que os tivo, lo menos un; pero debía sentir tamén coma fillos seus ós fillos da súa terra; xa que quería que tivesen máis cultura para viviren mellor. Ese mesmo sentimento deberon ter moitos outros emigrantes a América; porque teño oído que

por Galicia adiante hai moitas escolas fundadas por habaneiros.

Dirixiuse o arqueólogo á muller:

-Vexo que te esqueciches da libretiña, Eurika, pero disto convén tomar nota.

-Descoida que xa o farei á volta, -disculpouse ela.

Seguiu o caseiro:

-Sinto non te-la chave da capela para amosarlles unha Purísima moi linda que hai nela. Tamén dan que ver os cinco arcos de cantería tan ben rematados.

Observou o científico:

-Parece raro que sendo el galego se apelidase Carbajal e non Carballal. ¿Castellanizaría o apelido en América ou xa iría con el adulterado aquí?

Despois de rascarse tras dunha orella contestou o improvisado guía:

-Iso, meu señor, eu non lle sei, que de apelidos non entendo gran cousa; porque... eu tamén levo de segundo Conde e, sen embargo, sonlles caseiro.

Don Otto non entendeu este falar con segundas. El era especialista en pergaminos exipcios, bo coñecedor de linguas mortas e bastante ben dotado para as vivas; pero escapábenselle moitos xiros e reviravoltas destoutras linguas que tiveron que resistir, medio na clandestinidade, para que non as matasen de vez.

Axiña que se despediron do caseiro seguiron para Mondriz, pero, en lugar de fa-

cereno polo travesío, preferiron volver á estrada. Sería un arrodeio inútil, se non fose porque así pasaron polo taberna do Amaro onde xantaron. Comeron caldo de verzas, sen unto, porque aquel día cocerase unha man travesa de touciño e para graxa chegaba. Logo, comeron tamén tortilla de patacas, non tan abundante en ovos como quixera a dona da casa; porque deitaran había dous días unha galiña e quedarán algo escasos. Preguntoulles a taberneira se querían que lles abrise un latón de sardiñas, ó que responderon que non; por mor de que, na medida do posible, querían seguir sendo vexetarianos.

Durante a comida deulles conversa o Amaro, que era home de moito mundo; porque tamén era tratante que compraba para os Dionisios de Lugo, e cobraba cando podía. Por andar metido no trato coñecía a moita xente de moi distinta condición; pois quen anda moito polo mundo sabe algo do bo e algo do malo que hai nel.

Rematado o xantar, partiron sen dilación para Mondriz co fin de visita-la Casa do Pacio, tal e como a rosquilleira lles aconsellara.

Arredor das tres da tarde xa estaban diante desta casona de baixo é piso, planta cadrada, con patio a xeito de claustro por tres dos seus lados, na que se mesturan os estilos neoclásico e barroco. A súa feitura,

igual cas Casas do Colexio tamén data do dezaoito, e igual ca aquelas, pode lucir columnatas, corredores, arcadas e amplas escaleiras.

Cecais sexan estes dous conxuntos arquitectónicos os máis nobres do municipio de Castro de Rei, que non anda nada sobrado de construcións señoriais. Non falta, é certo, quen sosteña que non por iso é peor; xa que así márcanse menos as diferencias entre ricos o pobres.

Que se marquen menos, tampouco quere dicir que non as houbera. E boa proba de que si as houbo é o mesmo escudo de armas da Casa do Pacio, emprazado aló no cumio, entre pilastras estriadas, nunha especie de torreta.

Neste escudo están recollidos tódolos símbolos heráldicos das que foron máis destacadas familias do señorío galego; xa que todas, ou case todas, tiveron algo que ver con esta casa e solar. E foi esta peza a que máis lle chamou a atención a Eurika, que compasiva lle dixo ó seu home:

-¡Canto sinto, querido, que non poidas ti ver coa precisión que quixeses a coroa e os cuarteis que compoñen a pedra de armas desta Casa!

-Sí, muller, sí. Nunca un as ten todas presentes. Deberíamos traer o catalexo que deixamos esquecido nas alforxas. Vaime dicindo que é o que ves ti.

-Pois vexo, -seguiu ela-, un lobo, unha cruz, un M coroadado, unha árbore e un brazo armado que loita cun dragón arrepiante.

Estando nesta descrición, apareceu por alí o señor cura da parroquia que viña á igrexa, emprazada mesmo ó carón, botarlle aceite á lampadiña do Santísimo. Era un home alto e forte, tirando a grosso e coloradote, con aspecto apacible e bonachón, que gozaba de moito aprecio no contorno; porque, cando a guerra, salváralle-la vida a varios veciños da rodeada, e iso que daquela tiña ocasión de vingarse dos aldraxes de que fora obxecto sen motivo aparente, cando lle cantaban: "Si supieran los curas y frailes la pazliza que van a llevar...", ou cando lle berraban sen ningún recato: "corvo carroñento", ou cando lle espantaran a besta a ver se se desbocaba e non a daba dominado. Gracias que non chegaron ó salvaxismo da cuadrilla de fuxidos que matará ó crego de Bravos en presenza dun compañeiro.

Achegouse ós alemáns o abade e de contado iniciouse conversación fluída. E foi providencial a súa chegada; porque, gracias a el puideron informarse eles dalgunhas cousas que por si mesmos dificilmente poderían dar sabido.

Visto o seu interese polo escudo, explicoulles:

-O M corresponde á familia dos Montenegro; a aguiar, ós Aguiar; a cruz, ós Riba-

deneira e a árbore probablemente sexa dos Rois; xa que se defende que este mesmo foi antigamente solar dos Rois e Luaces. Nesta casa, entre outros nobres fidalgos, naceu don Tomás Pardo Sancibrán e Ribadeneira, que soubo defende-la nosa terra contra os franceses coma un valente que era, ata chegar a da-la vida por esta causa na guerra da Independencia.

Logo, levounos á igrexa e alí seguiulles explicando:

-Foi construída tamén no século dezaioito polos donos da mesma Casa do Pacio. Xa ven que ten unha serie de elementos que fan referencia ás familias antes citadas, coma eses tres escudos da fronte. Con todo, ben se dan conta de que, quitado o campanario adornado con algúns emperifollados barrocos, e o arco triunfal de medio punto, non tén especial mérito. Pero, aínda así, é unha das mellores da Terra Cha luguesa; pois toda ela é pobre en arte relixiosa.

-¿Tamén é pobre en relixiosidade?, -preguntou Don Otto.

-Non. En relixiosidade, neste momento, pode dicirse que está nun nivel máis ben alto; pero digo eu, que non son un especialista, que non sempre a relixiosidade e a arte relixiosa están en proporción directa.... Non sei por que me parece a min que os pobres atopan a Deus máis axiña nunha igrexa pobre ca nunha moi rica e artística que os abata aínda máis.

Volveu a falar Don Otto:
-¿Permíteme outra pregunta, señor cura?

-Pregunte, que, se sei, non ha quedar sen resposta, -dixo o abade.

-Cando vostede fala dunha igrexa pobre, ¿refírese ó templo ou á institución?.

O señor abade sorriu un chisco e logo seguiu:

-Vostede é home agudo, abofé... Eu cando falei referíame ó templo simplemente; pero, sen dúbida, o máis importante é que a institución viva a pobreza evanxélica... Conseguido iso, xa os templos acabarían sendo dignos de Deus e acolledores para o seu pobo. Claro que na institución todos temos algo de parte... Pero, respóndame vostede agora, ¿coñece a fórmula para trocar os corazóns dos homes en corazóns de anxos?

-Non. -Respondeu Don Otto-. Nin creo que interese esa fórmula; porque a Igrexa non foi pensada para os anxos, senón para os homes... Neste caso, eu penso que non hai máis fórmula ca utopía do evanxeo, e digo utopía como ideal, non como quimera.

-A súa agudeza, señor, no que eu entendo, non se queda na tona. Vai á raíz.

-Gracias polo cumprido, señor cura, pero tamén hei de engadir que no terreo das ideas pode estar todo moi claro, o difícil é facer baixar as ideas frías da cabeza ó corazón,

para que alí, ó seu calor, se convertan en sentimentos motores.

Fíxose un pequeno silencio que o párroco aproveitou para cavilar se sería procedente propoñer algo que se lle viñera á mente. Ó fin, aínda sen estar moi seguro, decidiuse.

-¿Importaríalles que rezásemos os tres xuntos unha oración polo éxito da utopía en liberdade?

-Farémolo con gusto, -responderon os dous.

E rezaron os tres.

Eurika, anque luterana, non deixara de ser muller relixiosa. Na vida de Don Otto houbo de todo. Pasou polo alonxamento, pola indiferencia, pola increnza e, conforme foi profundizando máis e máis nas raíces do home, tamén foi retomando unha fe madura, persoal, serena e serenante.

O sol ía caendo paseniñamente e había que retornar con día á casa da rosquilleira. De maneira que despedíronse do sacerdote con un difuso sentimento de que cecais algún día podían volver a encontrarse. Seguiron camiño de Rozas polas corredeiras que el mesmo lles indicara e chegaron ben, sen extraviarse.

UNHA GUERRA CIVIL DE ÁMBITO MUNICIPAL

Xa saíran máis dunha vez a rosquilleira ou o home mirar a ver se parecían vir os hóspedes e non é que obxectivamente tardasen; pero a eles tardábanlles. Así que aledáronse cando os sentiron petar á porta. Mesmo pareceu que tamén se aledara o percherón cando lle foron botar unha ollada e iso que o animal pouco tempo tivera aínda para encariñarse con eles. Dona Eurika peiteoulle a longa crin cos dedos e apaxeoulle as ancas con moito agarimo dicíndolle verbas garimosas en alemán, que o cabalo parecía entender.

Mudaron parte da roupa e puxéronse cómodos. En canto estiveron dispostos preguntoulles a rosquilleira:

-¿Queren merendar algo, ou prefiren que despachemos máis cedo o gando e facer merenda e cea todo xunto?

Respondeu a alemana:

-A nós énos igual, como vostedes queiran mellor,¿ou non,Otto?

-Así mesmo é, -confirmou el.

-Pois logo, imos despachar, - decidiu a rosquilleira.

Mentres os da casa estiveron entretidos nesta laboura, aproveitou Eurika para anotar na libretiña algunhas das cousas que máis lles chamaran a atención durante o día, e que Don Otto ía dictando.

Para a cea matara un polo campeiro a rosquilleira, que preparou en guiso con patacas, moi gustoso, por certo e, ademais, fixera unha fonte de freces. Chamabáselles así na comarca a unha especie de doce moi apreciado que non moitas mulleres sabían facer e que consistía en ovos e fariña fritos na tixela cunha especie de escuma burbullenta que quedaba ó coce-la manteiga. Estes doces caseiros non só sabían moi ben, senón que tamén mantiñan o seu. Para rematalo banquete volveu a haber mazás asadas, pero nesta segunda noite foron temporás e non tabardillas, para evitar repetir.

Recollida a mesa, contaron algo os viaxeiros de como lles fora, pero en seguidiña pediu Eurika:

-¿Como foi iso da lea da Feira Grande de Castro de Rei, que onte nos prometeron contar?

-Folles unha gran traxedia, -dixo a rosquilleira-, unha verdadeira desgracia. Unha ruína para a Vila.

Volveu a enterada muller a acealo pano uns centímetros atrás, que era un costume que tiña sempre que ía arrincar cunha larga parrafada. E logo seguiu:

-Todo empezou porque un rapaz novo, que despois emigrou ás Américas, fillo de Cibrao de Outeiro, espantou cun foguete unha égoa na feira das zocas, causando gran estropicio. Os zoqueiros, instintivamente, atacaron ó pai, zoqueiro tamén. Este, sendo de seu temperado e home de paz, non sabía aínda, e iso que logo chegaba ós sesenta, o que era o medo. Así que desenfundou un esbeirador moi afiado que sempre levaba consigo para repasa-las zocas e comezou a chuzar indiscriminadamente a cantos se lle achegaban. Deste xeito, por motivo tan banal, armouse unha liorta na que se viron envoltos ducias e ducias de feirantes, que, sen transición, sentíanse pasar de espectadores a actores.

-¿Pero iso foi agora recente?, -preguntou Eurika.

Respondeu a mesma rosquilleira:

-Recente, non, señora. Foi polo trinta e tantos; pero eu acórdolleme coma se fose agora; porque me tiraron o tenderete e, sen recollelo tiven que meterme para unha casa desde a que seguín mirando por tras do poxigo. Pillei moito medo e pensei retirarme de andar polas feiras.

-Pero non se retirou porque había que seguir vivindo, -aclarou o panadeiro.

Seguiu a muller:

-Nun abrir e cerrar de ollos, resoaron nos ceos os alaridos das mulleres que corrían

ó tolo despavoridas, cos panos da cabeza tirados sobre os ombros, revoltos os cabelos e arrastrando pola man ós nenos. Os homes, tamén correndo, arremuiñáronse de contado por parroquias e non tardou en cheirar ó sangue o aire que se respiraba.

No intre de falar dos panos caídos sobre os ombros, retirou con brío a rosquilleira o seu e quedouse con el embrullado no regazo.

Observou Don Otto:

-Debeu ser coma se revivisen na conciencia colectiva os instintos tribais dos ancestros. Aflorou o subconsciente do home do clan e do home da caza ó mesmo tempo.

Case sen escoitar, e ben seguro que sen entender, o que dicía o arqueólogo, continuou a rosquilleira:

-Centos e máis centos de aguilladas de abelaira e de caxatos de xunquiño revoaban lixeiros para viren apousar nas cabezas, nas costas, nos brazos e nas pernas de calquera que non puidera ou non quixera fuxir. Deu tempo a ir avisar do que estaba acontecendo en Castro de Rei ás parroquias dos arredores e logo comezaron a chegar sabas de liño, raxadas en tiras para vendaxes, e escadas e angarellas para transportar ós feridos. Todo foi un inmenso barullo. Os homes, cegos de furor, chegaron a pegar paos coma posesos dalgún espírito infernal sen ton nin son nin mirar a quen; dándose o caso, de que nun momento quince homes en roga esta-

ban mallando nun só home que tordeando protexía a cabeza entre os brazos, arrecullado contra a cerca dos Santomé, ata que algún dos mesmos que lle zorregaban berrou:

-¡Parade, cómame o demo, que estamos matando ó noso veciño, o Roxo de Samartiño!

-Mesmo parece que dá arrepío só o escoitalo, -dixo Eurika.

-Pois se o dá o escoitalo, ¿que lle parece que non daría o vivi-lo?, -asentiu e seguiu a rosquilleira-. Só tres en toda a feira mantiveron temperada a cabeza, frío o corazón e ben posto o ollo no punto de mira. Foron tres homes: O primeiro, un mozo de pouco máis de vinte anos que lle chuzou unha puñalada traicioeira na illarga esquerda a outro mozo, por culpa dunha rapaza a medias que andaba cos dous e con ningún. O segundo foi un home que xa pasaba dos cincuenta. Este baixoulle un xasteirazo ás mans ambas co mango dunha picaña no medio e medio da testa a un cuñado por mor dunhas augas de regadío. E o treceiro era alguén de idade difícil de precisar que levaba anos apodrentándose por dentro pola xenreira que o consumía contra un malnacido que lle forzara unha filla subnormal e menor. Dunha patada deixouno impotente para o resto da vida.

Con rabia mal contida exclamou Don Otto:

-¡Estívolle ben, que os subnormáis sempre son menores!

-Nunca unha cousa así che escoitei, Otto, -volveu a falar Eurika.

-Perdoa... Perdoen todos...Deixeime levar... E que saber que alguén abusa dun menor infeliz bótame fóra de min.

Asentíu o panadeiro:

-Tén razón, si señor, bota a calquera.

Fíxose un pequeno silencio que rompeu a alemana para preguntar:

-Pero, ¿son tan incivilizadas e agresivas as xentes de por aquí?

Contestoulle o mesmo panadeiro:

-Non, señora, non. Non vaia pillar medo. Os homes da comarca, cando se ergueron o luns para volveren ós seus traballos cotiáns, tamén tornaron ó seu ser habitual de homes pacíficos, sufridos, traballadores e serviciais. Todos, se non fose polas secuelas que tiñan no corpo, creían que lles caera mal a cea e que soñaran un mal pesadelo.

-Ben mo parece, ben, -asentíu Don Otto-, despois de coñecelos a vostedes e de tratar cos caseiros do Colexio e do Pacio.

Volveuse a face-lo silencio e as miradas de todos encontráronse no lume da coziña de lareira que, alleo a canto alí se dicía, chareteaba argalleiro, liberando faíscas brincadeiras que revoaban en mil bucles antes de enfilala cambota da cheminea.

Logo, preguntou o panadeiro:

-¿Vostedes tiveran antes cabalo?

-Non, é o primeiro que temos e estamos moi ledos con el, -respondeu Eurika.

-Pois souberon escoller, abofé. Pero, xa que non están afeitos a tratalo, voullas dar un consello sobre algo no que, se cadra, vostedes non caían. Verán: Cando lle dean de beber, convén asubiarlle; para marcarlle co silvo o ritmo e compás dos grolos; xa que o gando cabalar non tén tino de por sí no beber e propende á aerofaxia, con unhas consecuencias moi desagradables para o oído e o olfato dos usuarios. Pero tamén con outros efectos nocivos para eles mesmos.

Admirado Don Otto polo saber de quen non tiña estudos de veterinaria, dixolle.

-Iso é novo para nós, ¿e vostede por quen o soubo?

-Eu aprendino dun albeite de Fraialde moi entendido que, despois de moito observar e discurrir, sacouno por propia experiencia... Os efectos nocivos a que me refería son que, ó beberen sen ritmo tragan moito aire, beben de menos e quedan con sede o que é causa, por algunha lei misteriosa, de que críen piollos e miudas que lles tronzan a crin e poden chegar a matalos entre grandes torzons de barriga. Claro que tamén lle escoitei dicir ó veterinario Valcárcel que o de criar miudas era producido polas augas ferreais que tanto abundan en toda a Chaira. Así que non sabe un a quen facer caso.

-¿De xeito que dí vostede que abondan as augas ferreais por aquí?, -preguntou Don Otto.

-Abondan, sí señor; porque en toda a Terra Chá hai moitos xacementos de ferro. Tamén dín que debido a iso ataca tanto por aquí o trono. Elles cousa seria. Case tódolos anos fai por estas terras algunha desgracia. A que nos tocou máis de preto foi aí en Duancos, donde unha chispa matou unha xugada de vacas e máis o home que as tiña pola corda, cando estaban nunha cortiña e se dispoñían a apaña-las patacas. Desde aquela hai algúns que dín que, anque a electricidade viñese regalada, non a querían na casa.

-É curioso, -dixo o arqueólogo-, como ás veces o atraso non tén só razóns económicas, senón tamén de tipo sentimental.

-Ai, iso elle verdade, -remachou o panadeiro-, que aquí quixemos anchear algo un camiño e non houbo maneira de que algún cedese nen unha cuarta nas fincas; porque as herdara do papaiño.

Mèdiou a rosquilleira:

-Nese caso o cariño só era un boa disculpa para a mala idea. Moito acordarse do papaiño desque morrera e, en vida, tratá-rano peor ca un capizo dos pés...E, digo eu, ¿non queren unha taciña de leite quente ou calquera cousa?

-Non, gracias, estamos moi ben.

-¿E a vostede como lle van as rozaduras?

-Mellor, gracias a Deus.

-Pois antes deitarse, únteas outra vez. Se quere bótolle nun botelliño un pouco dese aceite e lévano.

-Non. Moitas gracias. Penso que xa non ha facer falta.

Terciou na conversa entre as dúas mulleres Don Otto:

-Tén que probar a cabalgar sentada en vez de ir á carrancha perna.

-Ai, iso sí, e non é difícil, -retomou o fío a rosquilleira-... ¿E queren levar unha bolsa de auga quente para a cama, que xa arrefrían as noites?

-Non que a min prodúceme, ¿como se dí?...¿sabañóns?

-Frieiras, muller, frieiras. En galego dise frieira, -aclarou Don Otto.

-Pois por aquí sempre dixemos sabañóns, -aclarou tamén a rosquilleira.

Seguíu Don Otto:

-A palabra sabañón é de orixe incerta, probablemente prerromana. Non habería, logo, razón para non dicila en galego; pero, como esas tumefaccións da pel, sempre están relacionadas co frío, ou máis ben cos cambios bruscos de temperatura, non cadra tampouco mal a palabra portuguesa que é frieira. En alemán chamámoslles frostbeule.

- ¡ Canto sabe !, - amilagrouse a rosquilleira.

-Moito, abofé, -asentiu o home.

-Isto non é saber, -aclarou Don Otto-. Atópase con facilidade en calquera enciclopedia etimolóxica... e non convén confundir a cultura enciclopédica coa cultura de enciclopedia.

-¿Donde aprendeu vostede o galego, Don Otto?, -preguntou o panadeiro.

-Pois, bebín de dúas fontes. Unha foi un arqueólogo de Coimbra co que traballei en Exipto e a outra...-sorriu o arqueólogo... a outra non se imaxinan. Foi un afiador da Cañiza que montou unha forxa ambulante para aguza-las piquetas dos arqueólogos que alí traballabamos.

-Tén a súa gracia o choio, -dixo o panadeiro e sen solta-la palabra seguiu-. Eu vou nos deixar, que mañá teño que madrugar para colle-lo coche de liña; que preciso ir a Lugo por mor dun asunto que teño no rexistro da propiedade.

-É que mercamos unha finquiña e hai que tratar de inscribila antes de que lle dea por aí a algún veciño malicioso por saír ó retracto, -interrompeu a muller en voz baixa.

Continuou o home:

-Pois, como lles estaba dicindo, teño que madrugar e aínda hei de lava-los pés, que non sabe un o que pode pasarlle cando

sae da casa... Así que, como, se cadra, mañá xa non os vexo, voume despedir.

Ergueuse el, e con el todos se puxeron de pé, menos a muller.

-¿Que lles vou dicir?... Alédome moito de coñecelos e xa saben donde deixan un amigo... Agardo que aínda nos vexamos algunha vez por aí e... xa mañá, aquí a parenta lles axudará a aparella-lo cabalo.

Foi Don Otto quen falou no nome dos dous:

-Nós tamén sentimos moito pracer en telos coñecido.- Estarémolles por sempre agradecidos e, igualmente, confiamos en que poidamos volvernos a ver.

Déronse un forte apertón de mans e o panadeiro colleu cara á corte para botar un ollo ó gando antes de se retirar. Os alemáns tamén decidiron irse á cama e, despois de desexarlle as boas noites á rosquilleira, subiron para o cuarto. Ela aínda se quedou unha hora máis trafegando pola cociña; que, coa conta de dar conversa ós invitados, tiña o traballo atrasado.

Despertaron cedo ó día seguinte os alemáns. Despertaron cando se ergueu o amo da casa; porque, anque el andivo con todo o xeito, renxían as táboas do piso. Non tardaron en erguerse e, axiña que almorzaron papas de trigo, cocidas pola rosquilleira, e allos porros en conserva, das provisións que mercara Eurika en Lugo, dispuxéronse a apa-

rella-lo percherón ó que xa a ama dera un bo brazado de maínzo con mazorca e todo. Para aparellalo, botárono fóra, que había máis lugar ca na corte e, se non fose pola rosquilleira, ben seguro que non lle darían amarrado a cincha nin graduado os estribos. Pouco a pouco foron poñéndolle a cabezada, a sela, as alforxas e o cobertor atravesado. Non lle quixeron poñe-lo bocado do freo nin calzaron tampouco eles esporas, por considerar inhumanos estes artiluxios.

En canto o tiveron aparellado quixo a rosquilleira que se montase sentada Eurika e que dese unhas voltas polo prado da porta antes de saír á estrada a ver como lle acaía.

Así se fixo e ó principio a amazona tiña medo a irse para diante; mais non tardou en sentirse segura.

A rosquilleira dicíalle que non se apease; pero Eurika quixo facelo para darlle dous bicos ben sonoros como despedida, que, anque din que é de mala educación que soen os bicos, parecen máis auténticos cando soan.

Don Otto colleu a man dereita da rosquilleira entre as dúas del e, sen soltarlla, visiblemente emocionado, ceibouse a dicir:

-Danke schön. I alldem was ich nur kann, stehe ich ihnen ger zue verfügung. So sie wissen es chon, in Düsseldorf, Schwarlbenstrasse 34, haben sie immer ein zuhause.

A rosquilleira quedouse coma vendo visións. E Eurika non o interrompeu mentres fa-

laba, pero, cando acabou, ceibou unha gran gargallada e díxolle á rosquilleira:

-O que Otto lle acaba de dicir é: Moitas gracias, cousa que eu poida non tén máis ca mandar. E, xa sabe, en Düsseldorf, na Rúa das Andoriñas, 34, tén a súa casa.

-Moitas gracias, -dixo a rosquilleira-, aquí queda tamén a súa. Ben seguro que aínda nos hemos ver na feira de Castro de Rei ou na de Castro de Ribeiras do Lea.

Don Otto sentiuse un pouco en ridículo pola parrafada en alemán; pero xustificouse para os seus adentros pensando: "Por máis linguas que un aprenda, cando se fala co corazón, aflora a lingua na que nos acariñou a nosa nai".

Botáronse a andar pola estrada adiante sen saberen aínda que nas alforxas levaban, ademais do que touxeran de Lugo, un tarro de mel e unha regazada boa de mazás reinetas. Cando ían alo adiante aínda lles berrou a rosquilleira:

-Non se esquezan de asubiarlle ó percherón.

UN CASTRO QUE OS CHAIREGOS NON TROCARIÁN, PELO A PELO, NIN DEVOLVÉNDOLLES MOITO, POLA MESMÍSIMA GRAN PIRÁMIDE DE KEOPS

A parella de alemáns fixo a primeira parte da camiñata deste día por terreo coñecido; pois xa a véspera viñeran pola mesma estrada ata torceren en Mondriz cara á Casa do Pacio. Nada novo atoparon nese traxecto. Só cando volveron a pasar fronte ó aeródromo militar de Rozas, emprazado a uns poucos metros da estrada, pola banda esquerda, dixo Eurika, que o dexergaba mellor por ir sentada no cabalo contra aquel lado.

-¿Queres que nos acheguemos botar unha ollada ó campo de aviación, Otto?

El que, como bo humanista, era antibelicista de toda a vida; anque nunha ocasión caera nunha trampa que xa se dirá máis

adiante e pola que sufríu grandes remorsos de conciencia, contestoulle :

-Se ti téis moito interese, imos; pero coído que non temos nada que aprender aí. Ti xa viches algún outro aeroporto civil, e eu vin máis militares dos que quixera.

E seguiron de largo sen deterse.

Cecais Don Otto menosprezase este aeródromo; porque, entre outras vantaxes, tivo a de mostrar ós chairegos algunhas panzas de avionetas en voo rasante que, ó mesmo tempo que espertaban admiración pola pericia dos seus pilotos, tamén axotaban as galiñas e facían emborcar algún que outro carro se o chamador non daba tido man das vacas, espantadas polo súpeto ruído. Con todo, o ter un campo de aviación tan cerca, naqueles tempos, era un motivo de presunción fachendosa para os veciños da zona. Moi rendible para a demarcación igual non foi; pero productivo si; xa que quedaron varios fillos nados, e outros poucos encargados por mandos intermedios, que engaiolaron a máis dunha mociña xurándolle, polo honor dos seus galóns, liberala da escravitude de seguir traballando na terra. As panoíñas non se decataban, ou non se querían decatar, de que os galóns ían cosidos e, ó descosérense, podía desprenderse con eles o honor.

Xa en Ludrio, entraron na taberna de Xerbasio para encargarse uns ovos fritos que levaron nunha cazoliña con tapa, mercada

por Eurika en Lugo. Sorprendeulle á taberneira que encargasen ovos para levar, e díxolles:

-Eu non me quero meter nos seus gustos, pero, ¿non lles sería mellor unha tortilla á francesa?

Responderon os dous ó unísono.

-¡De ningunha maneira!

Non dixeron a razón; pero é que os alemáns non proban a tortilla á francesa desde os tempos de Napoleón. Disque o só cheiro revólvelle-lo estómago.

Ata Ludrio Don Otto fixera todo o camiño a pé; pero alí, cando se dispoñían a reinicialo, despois da pequena parada na taberna, díxolle Eurika que montase el mentres andaba ela un pouco. O home non accedeu en todo ós seus desexos, senón que propuxo cabalgaren os dous levándoa a ela sentada ás ancas.

¡Mesmo daba gloria velos! Don Otto moi teso guiando e a muller abrazándoo pola cintura, moi apretadiña contra el. Incluso o percherón parecía que bráceaba con moita máis lixeireza e soltura.

Cando xa estaban saíndo desta parroquia, reparou Don Otto na gran extensión de monte baixo que el malamente podía albiscar e díxolle a Eurika:

-Fíxate ben. Diante tí té-los grandes xacementos petrolíferos desta terra.

-¿Cales, Otto?

-Os montes, muller, os montes. Ti, claro, non tiveches ocasión de ler a un tal Castelao que dixo que o día que os galegos saiban o que valen os seus montes non terán que emigrar máis.

-Non, Otto. Non. Ti ben sabes que eu pouco lin e en galego nada; pero non importa, home, liches ti para os dous.

-Si, muller, si. Lin, mentres ti te preparabas sen sabelo para colma-las aspiracións dun pescudador de tesouros.

Aquela muller, loira de seu natural, apretouse un pouquiño máis contra aquel home que, por obra e gracia dela, lucía unha barbiña recortada, que lle daba un aire de aínda maior distinción.

Entrando xa en Viladonga sentiron o touporroutou dunha moto que foi aminorando a marcha conforme se achegaba ó percherón; porque o seu conductor, que era home delicado, decatouse de que se podía espanta-lo cabalo co estrépito. Curiosamente a moto era de fabricación alemana e o seu piloto era Rielo, capataz de Obras Públicas, encargado da conservación da estrada pola que transitaban.

Cecais sorpresa a máis dun; pero este Capataz de Obras Públicas choraba, e iso vino eu cos meus ollos, escoitando a Alborada de Veiga e, despois de remata-lo seu traballo de esforzos inauditos por conseguir que os peóns camiñeiros, mal pagados por

unha deficitaria administración, tivesen menos sona de loráns, poñíase, ó chegar á casa, a escribir poemas, cunha sensibilidade e un gusto que xa quixeran para si moitos dos que teñen gañado premios florais.

Ó chegar á altura dos alemáns, parou a moto, apeouse, alisou coa man a zamarra de coiro, baixoulle o colo peludo que traía alzado, despoxouse das gafas redondas, descubriuse, sostendo a gorra de prato na man dereita e dirixiuse a eles dicíndolles:

-Paréceme que son vostedes estranxeiros neste país, e sospeito, perdón se me equivoco, que alemáns. ¿Podo serlles útil en algo? Eu son empregado do estado.

-Moitas gracias pola súa atención, -respondeu Don Otto-, pero non precisamos de nada... Só unha cousa, xa que é vostede tan amable. ¿Podería informarnos de canto nos queda, pouco máis ou menos, para a casa da Torre de Balmonte?

-Quedaranlles aproximadamente uns catro quilómetros se se meten polo camiño que vai a carón da igrexa parroquial; pero eu tómomeme a liberdade de aconsellarlles que sigan pola estrada ata Couto de A, e alí xiren sobre da esquerda, para poderen achegarse con facilidade ó Castro de Viladonga; porque se vostedes, como presinto, son xente de estudos, non se perdoarían nunca o pasaren de largo sen visitalo.

-¿Tan importante é?, -preguntou Don Otto.

-Para nós moito, -respondeu Rielo-. Canto lles puidese dicir desde aquí sería un pálido reflexo comparado coa realidade. Hai que poñerse de pés nel para senti-lo que é.

-Terémolo en conta e faremos caso dos seus consellos, -dixo o arqueólogo- e, despois de despedírense, non sen antes escoitar de novo o ofrecemento dos seus servicios por parte de Rielo, seguiron camiño.

Un pouco máis adiante conduciron ó percherón por unha pequena rampa de servicio, para levar a bebe-lo gando e para baixaren as mulleres lavar, a un regato. Alí trataron de que bebese; e díxolle Don Otto a Eurika.

-Será mellor que lle asubíes ti; porque eu teño medo a que se me solte o padau de riba que xa non asenta moi ben, motivo ó desgaste das enxivas.

Púxose a asubiar Eurika, pero o percherón non quixo beber. Non se sabe se foi porque non tiña sede, ou porque non podía facelo, a causa do enfeitizamento que lle produciu o escoitar en beizos da súa dona os acordes agudos dunha danza rústica do bucólico Tirol.

O fin deron chegado ó Gran Castro.

As catro murallas, de ata catorce metros de altura, cos seus correspondentes fosos que o protexían da banda do leste, pola que

eles se ían aproximando, facían que a cada paso un alento de misterio lles fose asulagando o peito. As terras chás, que se despregaban preguiceiras pola banda oposta, arrecendían a promesas de fertilidade, nunha outonía preñada de incertidumes, do ano mil novecentos corenta e tantos do tempo da Chaira.

Por cen corredoiras, douscentos labregos marchaban ó lento compás dos seus carros, acugulados de esterco fertilizante e esperanzas en flor.

Os carros das vacas enchían os ceos de arrecendo a amoníaco, e de arrechouchíos dun meigo cantar.


Xa na cima do Castro, non ben traspasada a última muralla, Eurika non puido menos de exclamar:

-¡Marabilloso!

-¡Marabilloso, e fantástico! ¡Único e irrepetible!, -remachou Don Otto.

A primeira emoción do momento impedíulles ver a un home, vestido todo de panna negra, calzado de alpargatas brancas de esparto con trenzas e cuberto con "pajilla", por caridade dun habaneiro, que comía á sombra dunha xesta un bo pedazo de pan e un cacho tampouco pequeno de touciño pola paletiña.

El si os viu e, nun primeiro movemento instintivo, arriñou contra si un saqueto de estopa basta e un caxato de toxo que tiña



pousados no chán. Algo moumexou tamén para os seus adentros; pero cecais nin el mesmo se entendeu. Ollando con vista medio extraviada ós recién chegados, seguiu comendo coa súa navalla ben afiada e enchada en marfil.

Don Otto, sen máis, púxose a medir a grandes zancadas o diámetro daquela superficie plana e redondeada, circundada toda ela por unha gran coroa. Ó chegar ó extremo oposto esgazou dun codeso un espeto, encrequeñouse, e coa mesma ramalla, escribindo no chán, aplicou nun instante a fórmula da circunferencia. De contado berroulle a Eurika, que permanecía na banda oposta a uns cen metros

-¡Apunta, nena!: ¡Case hectárea e media!

O home de debaixo da xesta dixo en voz queda:

-Seis fanegas por Castro de Rei e máis de sete por Vilalba.

Seguiu facendo operacións aritméticas Don Otto e volveu a berrar:

-¡Cento cincuenta e catro áreas!

En son un pouco máis alto repetiu o outro:

-Vintecatros ferrados por Castro de Rei e beiras de trinta por Vilalba.

Aínda volveu a berrar o arqueólogo:

- ¡Próximo a quince mil catrocentos metros cadrados!

Tamén berrou, agora posto de pé, o de debaixo da xesta:

- ¡Noventa e seis tegos por Castro de Rei e sabe o demo cantos por Vilalba! ¡E paren xa dunha vez;¡¡rediola!!; que me fai reventala testa botar contas de memoria!

Efectivamente. Era tolo, pero non de remate.

Eurika, ó sentilo berrar, pegou un brinco e botouse a correr para xunto do seu home en busca de protección.

O tolo, de nome Faustino, volveuse a sentar e seguiu comendo con toda a calma coma se nada pasase.

Don Otto e a muller, visto que todo seguía en calma, viñéronse achegando; pero con precaución, por se un caso. Cando xa estaban cerca da entrada ousou dicir o arqueólogo:

-Non saben o que teñen. Se esto estivese en Exipto xa estaba escavado e, se ca dra, estudiado por centos de arqueólogos de tódalas nacións civilizadas.

Ergueuse de novo o tolo e adoptando son de arenga púxose a discursar:

-¡Sabemos o que temos, señor estudiado, sabemos. Non lle somos tan parvos! ¿A ver por quen nos toma vostede? Sabemos que temo-lo Castro máis monumental que vostede pode atopar desde o río Navia ó Douro.Sabemos que non o trocaríamos pelo a pelo pola mesma Gran Pirámide de Keops,

xa que vostede citou a Exipto. E voulle dicir para que se entere vostede que, polo meu gusto, non o trocaríamos nin aínda que á Gran Pirámide lle engadisen o Museo Arqueolóxico de Florencia. ¿E sabe vostede por que, señor estudiado?. ¿Non o sabe verdade e pensa que estou tolo?. Pois vouullo dicir para que se entere vostede, señor enterado; eu non o trocaría por todo iso e por moito máis, primeiro porque isto é o noso e aquilo é o dos outros, e segundo, porque aquí está a cultura castrexa que é unha cultura de pobres traballadores. Vostede, señor estudiado, o mesmo se sente deslumbrado pola cultura dos faraóns; pero esa, señor deslumbrado, é a cultura duns poucos que quixeron perpetuarse sobre as costas dos escravos. ¿Que di agora? ¿Sabémolo ou non o sabemos?

Eurika tirando polo home díxolle:

-Imonos, Otto. Imonos aquí.

Don Otto botoulle un brazo por riba dos ombros e refívoa protexida ó seu carón sen dar un só paso.

Aquel xesto de aplomo do vello serenou un pouco ó tolo, que dirixíndose á muller dixo:

-Vostede, non teñas medo, que contigo non é nada. E que a min revéntanme os de carreira. Eu son o primeiro en saber que non estou moi ben... ¡Boh!, ben, ben non está ningún... Pero non hai por que preocuparse que non son agresivo... Xa o sabe o teniente de

Meira que é meu amigo... ¿E vostede sabe, señor de carreira, que a cultura castrexa durou doce séculos?. ¿Sabíao?. E iso sen necesidade de andar facendo crer que o xefe era de orixe divina como tiveron que facer os faraóns e case tódolos emperadores para que non lles abaneasen a cadeira; pero levárona cadrada... ¡Foron para a furada como hei de ir eu!. ¡Estívolles ben, por chulos! Aquí non sei como enterraban; pero tanto me dá que fose na terra para podreecer nela e abonala coma que os queimasen e gardasen a cinza. Ó fin, deixábanse morrer e morrían con dignidade, en cambio os emperadores non. Aínda de mortos queren seguir mandando e fanse construír mausoleos para que se diga: "¡canto podía!"... Eu xa sei que non estou ben, pero ¿quen está ben?... ¿Estábano os faraóns que para non podreecer mandaron que os convertísen en momias?... ¡Momias! Habían verse a si mesmos agora que fan rir e dan noxo... Dan noxo, si, que eu vin un retrato dunha momia e fíxome rir.

Chegado a este momento, parecía que o tolo se estaba quedando sen folgos; pero non. Agarrouse á barriga e botouse a rir con estrepitosas gargalladas sen deixar de xirar sobre si mesmo coma unha buxaina, e mentres dicía:

-¡Momias!. ¡Momias!. ¡Momias!.

Despois duns dous minutos de frene-sí, caeu espatarrado no chan e cun fío de voz e os ollos estartalados susurrou:

-Mareeime. Síntome mal. Non me deixen agora, que eu non me meto con ninguén.

Non o deixaron só; pero tampouco vían nada que puidesen facer para axudarlle. Don Otto comentou coa muller en son baixo:

-No medio da súa tolemia, dixo moitas verdades.

Pasado un momentíño de suores e respirar latexante, o tolo quedouse durmido, e os alemáns aproveitaron para iren ás alforxas do percherón e trae-los ovos fritos, pan integral, cebolas, tomates, aceite de xirasol para adobo, e mazás reinetas; que foi daquela cando atoparon as que lles metera a rosquilleira sen eles sabéreno. Esa foi a súa dieta, máis ou menos vexetariana, para aquel xantar no Castro.

Despois de comer e recolle-los cacharros, Eurika agatuñou ó máis alto da coroa e desde alí puido contempla-la serra de Meira e unha fermosa panorámica de boa parte da Chaira. Logo, deixou ceibo o seu maxín buliceiro e púxose a cavilar que poderían estar facendo a aquelas horas os desaparecidos habitantes do Castro. Pasóuselle pola cabeza que algúns igual andaban de caza, outros traballando as terras, máis dun gardando as ovellas, varios extraendo mineral dalgunha mina próxima, os máis artimañas entretidos en labores de ourivería. As mulleres, mantendo animais menores, fiando na lá, cosendo unha pel, moendo cos muíños de man,

ou dando o peito a unha criatura. Os nenos, subíndose ós tellados das casas, choutando nas pozas de auga estancada, ou xogando á pedra raia.

Don Otto, sen poder esquecer-lo que fora, botou man dunha pedra alargada, estreita e aguzada e púxose a sachar no chan.

Estando el entretido neste enredo, despertou o tolo e, coma un energúmeno increpouno:

-¿Quen lle deu permiso para remexer nas miñas raíces? ¿Non sabe que aí está enterrado parte de min?

O vello asustouse ó pillalo desprevenido e, moi maino, respondeu:

-Perdoe, non era a miña intención molestar.

-Pois despertoume e mancoume. ¿Non ve que as raíces son moi delicadas?... Pero non teña medo... que eu non son agresivo... As miñas raíces son celtas, ¿sabe?... ¡Boh!... Eu ben sei que de todo celtas non son pero...

-achegouse o tolo a Don Otto e díxolle ó oído-, non o digo a ninguén; porque convén que se crea que son celtas de todo... e só celtas... Vostede non diga tampouco a ninguén que non son de todo celtas...¿Promete que me ha de garda-lo segredo?

En voz moi baixiña preguntoulle Don Otto tamén ó oído:

-¿Por que convén que se crea que son celtas de todo?

Sen ergue-la voz nin un semitón, seguiu o toliño:

-Polo mito, que tamén forma parte da identidade... Vostede parece algo pampo, señor estudiado... Olle como nos mira a súa muller, ¿ou é a súa querida?... ¡Boh!... Se cadra é a súa enfermeira... ¿Sabe que pensa?... Pensa que o entolei.

E sen máis nin máis púxose a cantar con ritmo de pandeirada e dirixíndose a ela:

-Púxencho tolo. Púxencho tolo. Xa non che vale. Xa non te quere.

Don Otto xa sorría e o vento argallaba irreverente, enguedellando e desenguedellando o cabelo de Eurika, dourado de seu natural. O tolo reparando na escea volveu a berrar:

-¡Xa chegou! ¡Estate quediña! ¡Non o axotes!

-¿Quen chegou?, -preguntou o científico, coidando que viñera alguén a quen el non atinaba a enxergar.

-Chegou el, o meu amigo, o vento lúdico da Chaira, que pasa por aquí tódolos días a estas horas por ver se atopa con quen brincar... Desde aquí vai á vila romana de Doncide e despois á outra, á de Arcas en Ansemar. Antes, cando non estaban atoados os pasadizos subterráneos, ás veces mefíase por eles e co seu estrondo asustaba ós señores das vilas. Facíao adrede, por rirse, porque el, o vento, aínda é máis señor.

-Pero, ¿é certo que había pasadizos?,
-preguntou Don Otto.

Volveu o tolo a achegarlle a súa boca, con só tres dentes de riba, ó oído do vello e respondeulle:

-Non se sabe seguro;pero eu digo que si; porque convén que se crea que si.

-¿E logo?, -volveu a preguntar Don Otto no son máis baixo que puido.

-Polo mito, -contestou o tolo, poñendo dous dedos da esquerda diante da boca. Polo mito da relación dos señores das vilas cos traballadores dos castros... Vostede parece algo pampo, señor estudiado, pero infúndeme confianza... ¿Quere que lle diga unha cousa?. Voulla dicir e á súa muller, ou o que lle sexa, tamén... Vente para xunto de nós que o vento é un cargante e se lle fas caso, pilla confianza e érgueche a saia... O vento é así, como sabe que é un señor, ás veces cómpórtase coma un señorito... E máis, non deba falar mal dun amigo. Imos sentarnos os tres. ¿Non somos tres?

Sentáronse; pero antes Eurika quixo ir ver se seguía pacendo o percherón no antecastro. De paso que veu trouxo dúas mazás e deullas ó tolo. El colleunas e meteunas no saco dicindo:

- Vostedes non sodes mala xente. As mazás non as vou comer agora, que, cando como, é cando me poño máis arramado. Teño pensado que se non comese igual non to-

leaba e fíxeno unha vez; pero se non me avisan, morro, ¡carajo!, e non quixen volver a probar. Desde que levo un pedazo facendo a dixestión, voume serenando.

Preguntou Don Otto con curiosidade:

-¿Dicía que non sempre foi mal da cabeza?

-Non me aseñore, que ós tolos todo o mundo os atúa. A ver se con tanta reverencia me vou esquecer de quen son e despois empezo a sufrir... Non. Non sempre fun tolo. Meu pai e máis miña nai valíanse ben, que tiñan tres lugares e vacas postas. Só me tiveron a min e a unha nena que morreu das vexigas. Eu quería estudar; pero non me deixaron; pois dicían que con administra-lo capital tiña abondo; ora que tampouco me ensinaron nunca a administralo. Así que, cando morreu meu pai, eu non sabía nin donde estaban as fincas. Só me levaba consigo cobra-las rendas. Trataron de casarme; pero a que eles querían non a quixen eu e ás que eu quería tamén as querían outros que chegaban antes ca min. ¿Verdade que agora mesmo ningún pensaría que estou tolo?. Pásame ás veces; pero teño un certificado do forense que acredita que o estou sempre e para sempre, e o forense cando o acredita por algo será, ¿non?... O malo é que se un día me poño cordo, con ese certificado do forense non pode ser, ¿non? ¡Boh!, ¿e para que me hei poñer cordo? Xa non me paga a pena. Teño

sesenta anos e son de tras de Pena Mazada. Son, ¿que hei ser?... Fun. Agora son de calquera sitio. Non, calquera sitio non existe. Logo, se cadra, non son. ¡Vaia lío!... Pois, ser, son, que teño documento de identidade. Deixá-deme ver, non sexa que o perdese e se por aí o perdín, ¡aló vai!. Daquela, xa non son de vez.

Eurika ía tratando de seguir todo aquel debaneo do pobre home que tiña ó seu carón e, por veces, humedecíanselle de bágoas os ollos.

El quitou do peto de dentro da chaqueta de pana negra unha carteira que noutros tempos debera andar repreta; polo desgonzada que se vía; pero agora só portaba dous recortes de prensa, un certificado médico e un documento de identidade. Un dos recortes, moi breve, era dun xornal arxentino no que anunciaba a publicación en Buenos Aires de "Sempre en Galiza" de Castelao. O outro, moito máis amplo, era dun xornal español que falaba da gran orfandade que significaba para o mundo civilizado a perda de Adolfo Hitler.

-Esta carteira quedoume de meu pai. ¿Vedes, vostedes? Estou aquí retratado na cédula de identidade. Eu son este, ¿vedes?. Chámome Faustino. Faustino, Alexándre, Alfonso, Fernando... Case todos nomes de reis... ¡Boh!, de reis, si. Alfonso tamén se lle chama ó raposo... Xa o dixo Cunqueiro. ¿Sabe

vostede, señor estudiado quen é Cunqueiro?
¡Responda!. ¿Sábeo?

-Pois, non, -respondeu Don Otto.

-¡Ai!, non sabe quen é Cunqueiro, pobriño. Logo tampouco sabe quen é Bóveda, Cabanillas ou Risco. ¿Sabe unha cousa, señor estudiado?. Non diga a ninguén que estudiou; porque se han rir de vostede.... Agora mesmo estou pensando que se perdese o carné, aínda seguía sendo eu; porque hai un pouco, señor foscallón, andivo escaravellando no chán e atopou as miñas raíces. ¿Non é certo que as atopou?. Pois ¡xa está!. Se teño raíces, son. Danme pena os que non teñen raíces, porque eses non son. ...¡Bah! Vou parar de cavilar tanto, que xa me doe a cabeza e, se sigo, aínda me hei poñer tolo outra vez e, como xa me puxen tolo unha vez...¿Vistes, vostedes, a alguén que se puxese tolo dúas veces, unha enriba da outra?. ¡Carajo! ¡Vaia cousa se me foi ocorrer! ¿Que diría o forense?... Igual se poñía tolo tamén e escribía: "demens reduplicative sumptus", para que eu non o entendese; pero, ¡Tócase.... -mirou para Eurika e dixo-, tócase as narices! ¡Iso, as narices!; porque eu sei latín pero el non sabe que o sei. Se puxese "ilutus" en lugar de "demens", igual non o entendía. ¿Vostede pensa, señor doctus, que non o entendía? Pois entendíao igual, que eu sei latín. Eu lín o diccionario enteiro de Raimundo de Miguel e aprendín as gramáticas latinas de Blanco e dos Fanegos.

-¿Vostede estudiou latín?, -preguntou Don Otto.

-Xa che dixen a vostede que non me aseñorase, ¡rediola! ¿Ou como hai que dici-las cousas? Axiña que morreu miña nai, que pouco atrás quedou de meu pai, eu xa tiña trinta e dous anos e estaba emparentado coa Casa da Olga de Caraño, e boteime a estudar coma un tolo; para alcancañar ben e recupera-lo tempo atrasado. Aprendín a ler dous regos a un tempo, un con cada ollo. Ensumido no engolesmo de devorar canto podía, esquecinme dos tres lugares e de facer de comer. ¡Non me interrompan! ¿Ou non saben escoitar? Ós que tiñan as máis de cincuenta vacas postas mandeilles aviso de que se quedasen con todo e non me viñesen molestar contándome lerias de que unha trouxera dúas crías ou de que malparira outra. ¡Que, rediola, me importaban a min esas vulgaridades, se eu estaba lendo a Heráclito e Parménides, os dous pilares do pórtico do templo da filosofía por donde entraron Aristóteles e Platón! ¿Que tal, señor estudiado? ¡Vaia párrafo!. ¿Vostede tamén fala así?

-Moi ben.

-¡Cale!. ¡Non me interrumpa!. ¿Quén lle preguntou a súa opinión?. ¿Qué podían importarme a min cincuenta vacas se eu estaba profundando en Avicena e en Averroes, en Dante e Petrarca, en Lulio e Camoens, en Ovidio e Horacio, en Cicerón e Descartes, en

Montesquieu e Rousseau? ¿Vostede, leu a súa Carta a d'Alembert?

-Non. Non tiven ocasión, -respondeu desculpándose Don Otto.

-¿Ve?. ¿Logo tampouco sabe que aquí neste Castro apareceu un torques de ouro que o atopou un boi no mil novecentos once, foscallando cos pés para botar terra ós tabáos?. ¿Nin saberá que tamén se atoparon dous áureos de Arcadio?. ¿Sabíao?

-Non. Tampouco o sabía, -volveu a recoñecer Don Otto humilde.

-E, se cadra tén títulos. A min revéntanme os de carreira....¡Boh! En Lugo, tamén hai quen vai ve-lo castro de Santa Tegra e nen siquera sabe que hai este.

Preguntou Eurika:

-¿De donde sacaba tantos libros para tanto ler?

-¡Ai!, ¿estabas tí aí?, xa te esquecira... Eu non facía de comer e funme quedando sin cartos. Traíanme a comida de cas dun veciño. E primeiro pagaba con mobles, que os había na casa moi bos. Despois comecei a pagar con fincas e, ó remate o veciño quedouse coas casas e co panteón de meus pais. Por unhas pelás de bacalao, unhas latas de sardiñas, uns ovos, e cincuenta bolos de pan perdín o que tiña. Cando me quixen dar conta xa me meteran na carteira o certificado do forense para que quedase constancia de que son tolo sempre e para sempre. Os libros eran

da biblioteca do seminario; que mos quitaba ó seu nome o cura de Seixosmil, ata que un día arrinqueille dúas follas a un. Eran dúas serigrafías de "Las Gracias escuchando los cantos del amor" por Alberto Thorwaltzen e de "Venus del collar" por Arístides Maillot. O bibliotecario deuse conta e, non só non lle deixaron sacar máis libros ó cura, senón que o chamou o vicario para preguntarlle a ver por que se quedara el con esas porquerías. Como non podía dicir que me deixara a min os libros, mandárono facer exercicios espirituais.

-¿Non quere agora unha mazá?, -volveu a preguntar Eurika.

-Non, que agora parece que non estou tolo. ¿Verdade que o parece?. E que eu ás veces engaño a calquera; pero se como, vólveme a da-lo ramalazo e ¡aló vai!. Eu podía saber como se chama a miña tolemia; pero non o quero saber; porque as tolemias teñen nomes moi vulgares. ¿Verdade que soa vulgar "paranoia"?. ¿Por que para Noia e non para Muros?. Non se rín... Non teñen sentido do humor e se non teñen sentido do humor, pódelles pasar coma min... Eu tamén fago coplas. Sí, ó que me comeu o capital cantáballe: "Ai, Manuel, Manuel, rompícheme a ola e comícheme o mel" ... Vosoutros, ¿non cansan?.

Respondeu Don Otto:

-Un chisquiño, sí; porque non é doado seguilo. Perdón, seguirte.

-¿Vedes como vas aprendendo, señor de carreira?. O que acabou de poñerme tolo foi un libro da Editorial Bruguera que se chamaba "Se tú mesmo". Decía que para ser arrogante había que camiñar na punta dos pés, co peito saído, o mentón recollido e a espalda moi tesa. E ademáis declamar en letra maiúscula moitas veces de cara a un espello: "Las huestes de Don Rodrigo / desmayaban y huían / cuando en la octava batalla / sus enemigos vencían" ... Eu fíxenlle caso e un día sorprendinme a min mesmo botándolle un discurso a un gallo de mainzo que quedara só no medio dunha leira. E dixen para min: "Faustino, estás entoleando, vai ter gracia" ... Agora ando a pedir polas portas... Son amigo de tódo-los cas, porque sempre me dan pan e carne, pan e carne, pan e carne e, como eu como pouco para que non me dea moi forte, reparto con tódolos cas.

-¿Hai moito que non lé nada?, -quixo saber Don Otto.

-Non. Moito non. Aínda hai pouco que lín a Amor Meilán e a Carré Alvarelos, e tamén lle din un repaso a Ferreras y Flórez. Agora préstanme libros os curas; pero len case todos os mesmos, que, según me dixo o dos Baos, téñenos algo controlados... Téñome que ir; porque se están formando castelos de treboada. ¿Non vedes vostedes acolá ó poniente?. E nos días de treboada, se non me poño cedo a cuberto, danme

moita faterna os demachiños e trasnos. Vou-me.

Ergueuse, colleu o saco ó lombo e o pao na man e botou a andar a grandes alcançadas sen despedirse. Cando chegou á boqueira da coroa do Castro revolveuse e dixo:

-Quedades vostedes encargados. Cando eu morra, que me enterren no mesmo sitio donde caín cun só cura; que se concentra máis na oración un só ca se reparten entre moitos. Que non me convertan en momia. Que me enterren na terra sen chantos darredor e por riba que poñan unha lousa do país que diga: "Faustino. Pasouse por querer saber. Amén".

UN SEMIMESTRE ESBARDALLEIRO, CAPORAL DE SEGADORES

Antes de deixaren tras si o Gran Castro aínda Don Otto virou a cabeza cara o antecastro e pensou para si: "Este sería o emprazamento ideal para un museo monográfico o día que se inicien aquí as escavacións pertinentes". Esa mesma idea lle bulía xa daquela nos miolos a un fillo de Castro de Rei, Ramón Falcón, que, chegado máis tarde a Subdirector Xeral de "Bellas Artes", impulsou eficazmente a súa creación.

Baixando polo Cordal tiveron ocasión de ver outro castriño que lles quedaba pola esquerda coñecido polo vecindario como "A Rodela" e do que dixo Eurika:

-Mesmo parece un xoguete, ou un fillo do Grande. Durante a súa estancia na cidade de Lugo tivo Don Otto necesidade de ir á botica por un laxante; que, xa fose polo tempo que botara sentado ó volante do vello Mercedes, xa polo cambio de augas, levaba beiras de oito días sen movérselle o ventre, con perdón; e quixo o destino que recaese en busca da pócima desatoante e liberadora na farmacia de D. Manuel Pardo.

Este señor, que á sazón ocupaba o cargo de Vicepresidente da Deputación, non levaba directamente a farmacia. Ó público atendíao un mancebo moi eficiente e, cando non daba abasto, tamén axudaba a mesma muller de D. Manolo, señora moi delicada e atenta, por certo.

Cadrou que aquel día o tal don Manolo estaba na rebotica facendo unhas contas e picoulle a curiosidade ó escoitar fala-lo galego con acento alemán. Saíu á tenda e, facendo que colocaba no seu sitio uns apósitos, seguiu observando. Logo decidíuse a falar, anque era home tímido e moi recatado.

-Agora, -dixo-, xa non é frecuente ver alemáns por esta cidade. Ó remata-la guerra víanse máis a miudo. ¿Non será vostede por un casual algún inxeñeiro que ven revisa-las emisoras para a navegación aérea do Arneiro; porque recibimos, tanto na Deputación coma no Goberno Militar, un aviso do Consulado no que se nos comunica a inminente chegada dun técnico desa nacionalidade.

Non puido Don Otto conter un lene sorriso ó comproba-la confusión de que estaba sendo obxecto e sen voltas respondeu.

-Non señor. Eu son arqueólogo xubilado e vou na pescuda dun puntiño roibo en Tojoviejo de Goberno.

-¡En Toxeirosvellos quererá dicir!, -amilagrouse don Manolo-. Nós temo-la casa nativa por alí pretiño. En Balmonte,

concretamente. É coñecida como a casa da Torre.

Ó pouco de iniciarse a conversa xa se atopaban arredor dunha mesa camilla Don Otto, Eurika e don Manolo. A muller deste último, dona Concha, non estaba naquel momento; porque, aproveitando a súa presenza, saíra mercar unhas botas altas e un abrigo acolchado para o inverno que se aveciñaba. Alí, na rebotica, lugar sempre moi axeitado para tertulias vespertinas, manifestou Don Otto os motivos da súa viaxe. Motivos que ó vicepresidente parecéronlle un tanto inconsistentes; pero, sendo como era, home respetuoso e cordial, reservouse as súas impresións.

O que si fixo foi darlles ós seus contertulios unha carta para os caseiros da casa da Torre, despois de comprometerlos a pasaren alí unha noite ou as que fixese falta.

Recorrido o camiño do Cordal que enlaza o Castro con esta casa e solar, chegaron a ela ó mesmo tempo que un sol esmorecido se deixaba caer lentamente por tras dos montes.

Entregaron a misiva ós caseiros ó mesmo tempo que lles dicían:

-O menos que nós queremos é causar incomodo. E, por favor, non se preocupen da cea, que xa traemos nós provisións.

Os caseiros, a pesar de todo, leváronse un pequeno apuro; porque a casa na

que eles vivían non estaba en condicións de recibir a un señor de sombreiro, polainas de coiro, e barba estilo Pasteur; pero, como na patrucial dos señores pasaba as noites un substituto do mestre da localidade, viron o ceo aberto e chamárono para que lles fixe-se compañía e lles dese conversa, mentres eles seguían nos seus trafegos.

Abríronlle-la casona, despois de que o mesmo substituto lles lese a carta, dado que eles non tiveran tempo a aprender, e acomodáronse os recién chegados nunha ampla sá, amoblada en nogal e dotada de abundantes diváns de estilos sobrepostos.

En canto se despoxou das polainas e do sombreiro, iniciou a conversa Don Otto, que non era dado a estar en silencio cando tiña compañía e, ademais, despois do encontro co tolo do Castro, parece que tamén a el lle entrara presa por saber máis; pois amoláralo un pouco ter que recoñecer a súa ignorancia nalgunha das cuestións que el lle plantexara. De xeito que comezou insinuando:

-Vese que esta casa non é de calquera.

-Non, abofé. Daquí saíu algo de todo: militares, avogados e, sobre todo políticos, tanto de ámbito municipal coma provincial; xa que un dos máis destacados persoeiros da familia, don José Benito Pardo Rodríguez, exerceu un control case absoluto sobre a Deputa-

ción Provincial durante os primeiros vinte anos deste século. E, xa se sabe, que, quen controla a Deputación tamén controla a Provincia; porque estende as súas ramificacións, a través de colaboradores fieis e agradecidos, por valorados, ós máis recónditos caseiros.

-¿Non estaría esta casa emparentada, por un casual, coa do Pacio de Mondriz?. Alí dixéronnos que con aquela estiveran relacionadas as principais familias de Galicia, -preguntou Don Otto.

O substituto abriu unha cómoda e dun dos caixóns sacou unha protocolada de legaxos medio afumados e atados con correas de coiro. Escarpullou entre os papeis e retirou unha escritura. Logo dixo:

-Xa o creo que estiveron emparentadas as dúas casas. Aquí mesmo pode vostede ler que fundou o vínculo desta casa, o dezasete de marzo do mil seiscentos corenta e un, don Pedro Saavedra y Aguiar el Viejo, que casara con dona Aldonza González de Pedrosa y Miranda da casa de Abres. O apelido Pardo chegou aquí por primeira vez ó casar un neto de don Pedro, don Bernardo de Saavedra Aguiar y Sarmiento, con dona Catalina de Rigueiro Freire de Andrade y Pardo da casa de Quintela.

Seguiu rebuscando entre os legaxos o entendido e proseguíu:

-Tempo máis adiante, xa ben andado o mil setecentos, don Francisco Javier Pardo

Ribadeneira trocou os seus apelidos por Pardo Balmonte.

Observou o arqueólogo:

-Deben ter boa confianza en vostede para facelo depositario de documentación tan valiosa para a familia.

Respondeu sen altiveza o substituto:

-E que eu tamén son parente; anque por unha liña colateral; que algún dos antergos, parece ser que non chegou a recoñecer a tódolos fillos, cousa moi usual nalgunhas épocas.... En realidade o mestre titular é un tío meu que vive en Ponferrada administrando uns bens. Eu non teño titulación; pero son home lido e deféndome bastante ben en calquera das materias, mesmo nas horas libres fago de perito e de picapleitos, e, para o que se cre que lles fai falta saber ós labregos, vou sabendo abondo. Cando un rapaz sabe tanto coma min dígolles ós pais que o debían mandar estudar e sácano da escola para poñelo a traballar, ou consiguen que algún parente o reclame para as Américas. Meu tío despáchame con douscentos pesos.

-¿Ó mes?, -preguntou Eurika admirada e ó mesmo tempo pensando que o pantalón remontado con mendas doutra cor e as zocas escachadas e encintadas cunha canterla amarela de latón de sardiñas mal posta non correspondían a eses ingresos.

Respondeu el, acompañando a palabra cunha especie de risa, pero que non

era risa; que semellaba tose, e tampouco era tose; que se parecía a un eructo, e, sen embargo, eructo non era.

-¿Ó mes? ¡Ó ano, señora!... Iso está claro que non me chega para vivir. Por algo se dí: "pasa máis fame ca un mestre de escola". Así se valora a cultura neste país, e máis eu non son o máis indicado para falar destas cousas; pero, na miña cortedade penso que hai moitos que cren que un pobo culto é un perigo para os poderes establecidos que tenden a perpetuarse.

-¿Pero, vostede dílle iso ós seus alumnos?, -preguntou Don Otto.

-Dicir, non lle lo digo; que neste país aínda quedan fusís "Mauser" cargados de saudade por volveren a disparar, e aquí a liberdade de expresión, e as outras liberdades tamén, son a liberdade das acémilas que dan voltas e voltas darredor dunha noria e andan e andan, pensando que avanzan... É triste dicilo, pero a iso quedou reducido o pregoado movemento, ó movemento das voltas concéntricas arredor dun embigo dictatorial. E, por se fose pouco, señores, o máis indignante aínda é que cada volta vai bendecida por un hisopazo de auga sagrada. E todo iso en nome de quen foi á cruz por amor, é verdade; pero tamén arrastrado pola arrogancia do corrupto poder... Eu iso non lle lo digo ós alumnos, non señor, pero fago o posible para que o entendan.

Despois de cavilar durante uns momentos, matizou Don Otto:

-Se vostede se esforza por axudarlles ós seus alumnos a ser críticos e lles da base para a crítica, a titulación é o de menos. Neste caso está sendo un bo mestre. Pero permítame recordarlle que toda crítica, para ser eficaz, debe ser sopesada e moderada, non visceral; xa que de selo desvirtuaríase por sí mesma. O debuxo que acaba de presentarme ven a ser un retrato máis ou menos fiel de tódalas dictaduras e de tódolos absolutismos, que, se á hora de acuñar moeda poden escribi-la lenda de: "Pola gracia de Deus" adquiren unha forza redobrada e, segundo os seus artífices, incuestionable.

-¿Como consinten, logo, as autoridades relixiosas esa lenda?, -preguntou o ensinante.

-As autoridades relixiosas tampouco teñen o monopolio de Deus, anque ás veces pensan que si. Agora que, no caso de España, danse circunstancias que, aínda que non xustifican, poden explicar determinados comportamentos. Eu teño lido, corríxame se erro, que co triunfo do Fronte Popular ademais de seren incendiados moitos templos, tamén foron asasinados trece bispos e beiras de oito mil clérigos e relixiosos de ambos sexos.

-Non todos foron mártires; que moitos morreron por reaccionarios.

-Tampouco no outro bando todos foron herois. Ademáis, o feito de ser reaccionario non convertirá a ninguén nun santo; pero tampouco xustifica a barbarie do encarnizamento nin do vil asasinato. Doutra banda, tamén teño lido que mesmo entre os bispos houbo honrosas excepcións á hora de bendecir cañóns para a chamada Santa Cruzada. ¿Non disentiron enérxicamente, incluso enviando misivas, pouco eficaces, é certo, a Roma o cardeal Vidal i Barraquer e o bispo Múgica? ¿Ó mesmo cardeal Gomá, tan afervoado defensor do Caudillo como salvador da fe, non lle prohibiu unha carta pastoral sobre a cuestión social o Ministerio da Gobernación?

Parapetándose nas súas conviccións o substituto, obxectou:

-Pero foron os menos.

-Foron os menos, pero foron. ¿Despois de triunfa-lo Movemento non seguiron sendo "depurados" ... Depurados polo bautismo do sangue, sacerdotes que non comungaban cun goberno que se proclamou defensor da liberdade evanxélica mentres oprime as ideas?

Seguía reticente o semimestre:

-Todo o que me di non xustifica o concubinato da igrexa e o estado.

-Non xustifica o concubinato; pero pode explicar que vivan máis arrimados. Con todo, e agora falo por boca da "Revue Philosophique" de Lovaina, non está libre de que

sexa a mesma igrexa de España a que chegue a ter unha actuación transcendental na caída deste réxime, debido a que, xa neste momento, non son poucos os cristiáns de base máis concienciados e algúns pastores máis xoves disconformes coa cuestión social. Non deixa de ser sintomático que se vaia substituíndo o concepto e o término de "Santa Cruzada" polo de "Sanguenta Guerra Fratricida". De xeito, meu amigo, que paréceme a min que por entre os hisopazos tamén se deixa caer algún que outro vergallazo.

Eurika, que entendía máis do que aparentaba, preguntoulle ó substituto:

-¿Non será vostede masón, por un casual?

Agora si que riu o home de verdade.

-¿Masón?... ¿Masón eu?... Polo Deus bendito a quen adoro, non me faga rir... ¿Eu masón?... Se lles contase... Eu son un infeliz que, por non chegarlle para comer o que gaña por ensinar, organiza rogas de segadores para mandalos a Castela. Meu tío, o de Ponnerrada fai de intermediario e a metade da comisión cómea el. Se eu lles contase... Case daría vergoña, se non fose porque traballar honradamente nunca é vergoñento. Cando retornan de Castela esas rogas e se enganchan a segar por aquí para os non moitos que teñen con que pagarlles, eu, "o señor mestre", como din os nenos na súa inocencia, vou de caporal, que amanado moi ben. Así,

ando uns días a mantido e suplemento con catro cadelas a miseria. Tamén axudo a mollar; xa que, aínda que iso non se paga, mantéñense un ben nas airas dos veciños.

Tentou de consolar Don Otto:

- Non vaia peñar que o seu é caso único. Tamén en Alemania se dan situacións ben semellantes. Eu podería falarlle por propia experiencia dun arqueólogo que queimou o mellor da súa vida investigando en Exipto e que logrou varios éxitos que capitalizou o goberno. Agora, xubilado, malvive dunha especie de pensión que é máis ben un monte pío, e sinte a dor de non poder soste dignamente á súa muller, tamén en idade de xubilación.

Seguiu o mestre non titulado, sen facer moito caso do que lle dicían, porque mentres escoitaba véuselle á mente aquilo de: "Mal de moitos..."

-Os segadores das rogas saben que eu son esixente, pero, sen embargo, estanme agradecidos, porque lles facilito moito traballo. Eles mesmos acostuman a ser os que segan para esta casa.

-¿Tén, logo, moito que segar?, -volveu a preguntar Eurika; que preguntar era o seu ó non ter tanto que responder coma o seu home.

-Agora xa non tanto; porque foron vendendo; pero houbo tempos, na segunda metade do século pasado, en que foi a de

meirande propiedade de todo o municipio de Castro de Rei. Aínda hoxe teñen, por pór un exemplo, o quinto das colleitas dos montes veciñais de Santalocaia. Poida que sexan as derradeiras manifestacións dun señorío rural que vai decaendo. Non sería o primeiro nin o segundo ano, nestes mesmos tempos que estamos vivindo, que xuntan na aira máis de trinta carros por pares de pan, froito dese quinto.

-¿Que quere dicir: carros por pares?,
-tornou Eurika a preguntar.

-Quere dicir que aquí os carros de pan cótanse por cen pares, ou sexa: dous-centos mollos, con independencia do que cada xugada de bois ou de vacas poida acarrear, ou do que seus donos queiran alardear á conta dos animais.

-Sigo sen entender de todo.

-¿Que non entende, o dos pares?

-Non, iso entendino, no que non caio é no de alardear á conta dos animais.

-A ver como llo explico... Teño observado que algúns cando se sentan ó volante dun automóbil incorporan á súa propia personalidade os cabalos do vehículo e así trócanse en asoballantes. Pois, cos carros do país pasa algo semellante. Para gabarse un home das súas propias forzas e do ben que mantén, sobrecarga ós animais de tiro. Tirando, e valla a redundancia, pedras contra o seu propio feito.

-¿E quen tanto carreta?, -preguntou agora Don Otto.

-Os veciños das parroquias dos arredores; pero non vaian pensar que o fan todo por pleitesía. Non; que os homes do rural, ó son da zorra, tamén son comenenciudos, ce-cais como mecanismo de supervivencia. Eles ben saben que pode ser útil que lles deban favores os que teñen máis mando, que así algún día, dun ou douto xeito, poderanos cobrar. A min dáme mágoa que os homes labregos, tan creativos e medio filósofos; nas cousas máis serias declinen funcións; así eles mesmos, coa súa deixadez, sustentan as bases do caciquismo.

Eurika, sempre atenta ó detalle concreto, comentou:

-Só mante-las xugadas e os seus donos para os carretos sería un dispendio grandísimo.

-As xugadas, -seguíu dando explicacións o mestre-, mantéñenas os mesmos donos, que para iso levaban no carro cando saen, pola mañá ben cedo a non ser que haxa orballada, un bo feixe de herba seca ou verde, según os casos e as posibilidades. E os donos...Claro está que tantos homes, postos a comer, comen moito; pero tampouco son moi esixentes na dieta nin no adobío.

Don Otto, desde a súa teima de etnólogo, ávido por saber sempre máis do sentir e do comportarse do ser humano inmerso nos

distintos grupos sociais de referencia, seguiu interesándose:

-Aportou vostede un dato que me gustaría volver sobre del, se non ten inconveniente. Dixo que estamos a falar dunha casa que non hai aínda moito tempo foi a meirande propietaria do municipio, e teño entendido, por algo que lin, non sei se a memoria me é fiel, que este municipio de Castro de Rei ten cento setenta e sete quilómetros cadrados, nos que se asentan vintecinco parroquias. Logo, eran os meirandes propietarios nunha extensión moi considerable e entre unha poboación nada despreziable. ¿Sabe vostede cal foi o medio ou a fonte do seu enriquecemento?

Cavilou un chisco o informante e, logo, seguiu:

-Con toda precisión non sabería dicirle; pero coido que foron varias as fontes que manaron cara un mesmo piñón... En principio xa tiña que haber un manantial de cauce abondoso, ó confluíren aquí apelidos coma os que citei, e outros que podería engadir, pero non os quero cansar con nomes patronímicos que non tardarían en esquecer. Os apelidos por si sós non din moito. O importante é que esta casa non veu nunca a menos, ó contrario do que lles pasou a moitas outras familias de fidalgos, que durante séculos viviron folgadamente de rendas; uns cantos anos foron malvivindo con fumes que se esvaecían ó máis lene vento dunha subida dos

impostos; e, de remate, decidiron colgar tras dos cadros de vestidos sedáns e gargantiñas de pedras preciosas encastradas en prata de lei, os derradeiros disfraces de abelorios de folla de lata e grosos broches de ouropel; para de alí en adiante seguir vivindo cada un do seu traballo.

Agora era Eurika a que preguntaba:

-Pero ese non foi o caso desta familia; ¿ou si?

-Non, que souberon adiantarse ós acontecementos e puxéronse a facer carreiras e a traballar en tempo. Anque... no caso dos que viviron da política, e non o digo por don Manolo, sempre se poderá aplicar aquilo de que, nunca se sabe certo se viven do seu traballo ou do traballo dos demais; que unha cousa é dedicarse á política como arte de gobernar para servicio do pobo e outra ben diferente é dedicarse á política como arte de non traballar para comenencia propia e dos dun.

-Con permiso, -volveu á carga Don Otto-, permítome recordarlle que estabamos coas fontes.

-É certo. Desculpen... O que pasa é que, como non teño ocasión de falar destas cousas con ninguén, cando me ceibo, se non atopo cancelas, métome en tódalas boqueiras. Ben. Pois, ese cauce abondoso do que falei tivo, máis adiante, un afluente tan importante como pode selo o Sil para o Miño.

Foi o incremento de facenda provinte da adquisición de rendas eclesiásticas, cando a desamortización de Mendizábal.

-Pois, o señor coquenós falamos e que nos deu a carta, a min pareceume moi boa persoa, -quixo aclarar Eurika por facer un comentario pasaxeiro.

En ton desmesuradamente alto, e supetamente excitado, respondeu o substituto emparentado coa casa:

-Con tódolos respectos, señora. Aquí ninguén dixo o contrario, nin del nin de ningún outro membro da familia vivo ou morto. E se nalgún caso, do que eu dixen puidese deducirse o contrario, no tocante a esta familia ou a calquera outra persoa da que eu puidese abertamente falar, non foi a miña intención emitir xuízos absolutos de valor. Só tratei de relatar feitos que, anque asociados a persoas, só deberán ser enxuizados aplicando as normas éticas, principios e valores do momento en que se produciron. O contrario sería distorsiona-la realidade, ou pretender xulgar un pasado en penumbra á potente luz dun presente ó que o mañá tamén lle ha descubri-las súas sombras.

Ante a forza e a seguridade con que se expresou o mestre, Eurika sentiuse un tanto confusa e Don Otto viuse na obriga de saír na súa defensa. Por iso, falou tamén con moita coraxe, facendo uso dunha dureza de expresión da que nunca máis botara man

desde un agre enfrontamento cun oficial das S.S.

-Tamén con tódolos respectos, señor mestre. Non estou disposto a consentir-lle que falte á cortesía debida á miña muller. E vostede acaba de facelo, non só berrándolle a quen lle falou con moderación; senón tamén presupoñendo gratuitamente e atribuíndo, sen base nin fundamento, intencións críticas que ela non tiña. Ela só constatou en voz alta a súa apreciación subxectiva, pero con firme apoio obxectivo, da bondade dunha soa persoa que nos tratou con delicadeza e magnanimidade. E ante ese feito tan sinxelo e desmaliciado, ¿vostede que fai? Desátase nunha ringleira de despropósitos, respondendo a non sei que fantasmas que só deambulan polo seu maxín quenturento.

Estaba a piques de producírense dúas reaccións totalmente inmaduras. Fillas, unha delas, do semimestre e de sabe Deus que complexos, por mesturárense coñecementos, falta de recoñecemento social, e descoñecemento do propio pai. A outra, dun home ben entrado en anos, como consecuencia de vivi-la adolescencia, con todo o seu apaixonamento afectivo, en idade de ser avó.

Excitándose cadora máis o que ben puidese ser abó, seguíu:

-Nós non lle témo-la culpa das súas frustracións nin de que o seu traballo non estea debidamente remunerado. Tampouco lle

témola culpa de que non atope no seu entorno a quen largar improperios en son de discurso altisonante. Nós tampouco lle temo-la culpa de que por un casual leve os dous mesmos apelidos de súa nai ou se apelide Incognito ou Expósito. Nós non lle temo-la culpa dos seus complexos, que son seus e só seus e que non tén dereito a transferir a ninguén. E retiro o dito anteriormente. Vostede, nunca será un bo mestre; porque ningún resentido pode ensinar co aplomo que require a docencia, se ha de ser humanizante e integradora nunha sociedade de non resentidos. E, xa para rematar dunha vez, rétoo a que sen máis dilación, se escuse ante a miña muller, ou do contrario, a que saia para fóra; que, anque son un vello, poida que aínda non esquecese de todo algunhas artes marciais que me obrigaron a aprender e das que sempre reneguei.

Mentres Don Otto se enardecía de xeito inusitado o semimestre meteu a man dereita no peto do pantalón e apertaba con forza unha navalla de folia de gadaña e cachas de corna de vaca, que sempre traía consigo.

Eurika ben se decataba de que algo fora catar ós petos e, sen deixar de quitarlle ollo, tentou de interpoñerse entre os dous; pero o seu home apartouna con brusquedade, cousa que endexamais fixera desde que casaran.

O vello arqueólogo iniciou unha chave de Karate, curvando aínda máis aquel espiñazo que dun tempo a esta banda comezada a arquearse. Retrasou como cousa de setenta centímetros a perna dereita. Levou unha man ben aberta á altura dos ollos. Baixou o brazo esquerdo, dobrado case en ángulo recto, aproximadamente enfronte á cintura e a trinta centímetros dela. O que non cadraba coa aparente fereza eran aqueles olliños minguados polos grosos vidros das gafas.

O substituto en vista de que Don Otto se poñía farruco foi sacando do peto a navalla, xa aberta, non se sabe por que arte, con movementos de gato que non quita ollo da presa. Ata mesmo semellaba que o santo dos ollos perdera redondez e se alongara horizontalmente.

Eurika temeu o peor e nun derradeiro esforzo disuasorio pregou:

-Por favor llo pido, señor, teña compaixón dun vello que nun rauto de celos perdeu o sentido.

Entón o substituto pechou a modo, moi a modiño a navalla. Gardouna. Deu media volta. Dilatou a pupila. Cuspiu as mans. E..., dando as costas con arrogancia a Don Otto, pillou a porta para fóra.

O vello acababa de facer un tremendo esforzo de corpo e de alma. Non puido máis. Desplomouse, medio esborrexendo, no

diván que lle cadraba máis ó xeito, aunque se non houberse diván, esborrexería o mesmo polo chan de vellas e grosas táboas de castiñeiro. Rompeu a suor. Bafexaba facendo globos cos beizos e non tardou en adormecer.

Ó seu carón Eurika ía limpando cun fino paniño das mans, unha por unha, cada pinga de suor e, en son infinitamente aloumiñante, murmuraba:

-Ben sei que me queres moito meu homiño da alma; pero pasácheste... Se acertas a verte naquel espello redondo da parede de enfrente, sentirías peniña por ti mesmo... ¿A quen se lle ocorre ós teus anos poñerte con esas cousas... Gracias que non te viu ningún... Era esperpéntico, pero ben sei que o fixeches por min... ¿Que podería chegar a pasar se el non se bate en retirada?... Gracias de tódo-los xeitos, pero que non se che volva a ocorrer tal cousa...

Don Otto, trasgolando, tamén farfollou ó mesmo tempo que ía recuperando ritmo no respirar:

-Divina Nofret... Divina Nofret...

Conforme lle foi vindo o sentido, pero aínda moi quebrado de forzas e de voz, pediu:

-¿Haberá por aí ó xeito unha mazá?

Eurika levou unha gran alegría; porque ela ben sabía que, cando alguén ó que se lle barreou o sentido pide de comer é que a

cousa vai para diante e xa está fora de perigo. Así que deu un brinco e botou man da mazá desexada que ela mesma pelou e, coma quen abicada a un paxariño, foilla dando para a boca, cuarterón a cuarterón.

Había máis de sesenta anos que Don Otto non comera por man allea. Pediu outra mazá e aquel día non ceou outra cousa, nin lle conviña; que podían atacarlle os nervios ó estómago e darlle que tecer despois de noite. Tampouco a muller quixo atravesar boca-do.

A conversa seguiu lenta e entrecortada durante uns corenta minutos ou máis. Logo, xa repostos case de todo, o científico humanista consultou coa muller:

-Debeu haber algún mal entendido... ¿Non che parece que deberíamos ir en busca dese home e pedirlle desculpas?

-Parece, -respondeu ela-, pero non sei cal será a súa reacción; porque semella ter comportamentos moi instintivos e mesmo, en certa maneira, primitivos.

-Pois déixao aínda un pouco e, logo, imos tras del, se che parece.

NOTA ACLARATORIA:

As verdadeiras razóns polas que non chegaron ás mans os dous homes non quedan reflexadas no texto con fidelidade. Agora, rematado o capítulo, e xa entre bambolinas, confesareinas. Se non o fixen antes foi por non romper unha escenografía agreste dos anos corenta e tantos con modernas innovacións de progresía. A cousa foi que, canso eu de escribir, tiven que deixa-lo relato, aló polas catro e media da madrugada, xusto no intre en que o substituto tiraba de navalla. Era tanta a canseira que nin apaguei o ordenador en que estaba escribindo.

E, como cando se está máis canso non é cando mellor se dorme, non facía máis ca trasgolar. Lembrei o ordenador e veume a dúbida de se arquivara o escrito e apagara a máquina. Erguínme e fun mirar. Estaba apagado; pero na pantalla do monitor había unha notiña escrita á man en letra moi ben formada. Só dicía: *"Apagueino eu para deixar sen vitalidade ós personaxes. Non mo volvas a facer, que pillei moito medo e...déitate máis cedo. Eurika"*.

AS MEIGAS, TRASNOS E DEMACHIÑOS SON CHILINDRADAS EN COMPARACIÓN CO AVERNAL BAALWERITH

Cando lles pareceu ben a Don Otto e Eurika saíron en busca do substituto que estaba sentado contra unha figueira por tras da casa arredondando as uñas coa mesma navalla que fora medio protagonista nos incidentes de había hora e media, pouco máis ou menos. Cando sentiu que se achegaban non ergueu a cabeza, pero ollounos enxegado por debaixo do petemelo.

A primeira en dirixirlle a palabra foi Eurika:

-¿Poderíamos dicirle unha palabriña?

Sen deixar de arredonda-las uñas da esquerda nun movemento semicircular da dereita respondeu moumeando máis para si cá para eles:

-Falen.

Falou Don Otto:

-Quixeramos desfacer, se fose posible, o malentendido que deu lugar ó noso enfrontamento; pois non quero deixar ningún inimigo tras min no meu paso pola vida.

Con rudeza e desabor respondeu o interlocutor:

-Se é só por iso, xa cumpríu. E, se é que pensa que se pasou, dígao sen voltas nin arrodeos.

-Si, -seguiu Don Otto-, coido que me pasei; porque o interpretei mal, pensando que ofendera a quen máis quero nesta vida: a miña muller. Cecais fun duro nas palabras.

-Foino, por certo... O que me anoxou non foi o medo á súa superioridade física, que á vista está que non a tén, nin con artes marciais nin sen elas. O que me feriu no máis fondo de min foi o mal uso que fixo da súa superioridade intelectual. Vostede asoballoume e tentou de esmagarme a base de vergallazos da palabra e iso doe moito. Se eu pechei a navalla foi porque para defenderme das súas poses ridículas ¡maldita falta me facía a navalla!. E para defenderme das súas ideas non me servía, que aínda nunca unha navalla apuñalou un idea.

-¿Podería atoparse desculpa?, -case suplicou Eurika.

-Aínda non o sei, señora, -seguiu respondendo o semimestre-. Para certas cousas eu son lento...Deixar a ver.

-Eu abáixome a pedir perdón, se é iso o que quere, -dixo o intelectual.

Mediaron uns segundos que o substituto aproveitou para erguerse e deixar a navalla pechada de vez aló no fondo do peto dereito e despois só dixo:

-Non sexa que se abaixe demais. Conserve a dignidade... O ser vello leva consigo moitas atenuantes.

Dito isto botou a andar cara o salón da casa e a parella seguiu en silencio.

Non tardaron en chegar os caseiros que remataran a faena para aquel día e tamén xa cearan castañas cocidas con leite morno. A caseira gustaba moito de espotroarse nalgún dos diváns sempre que tiña ocasión e só a tiña cando había xente de fóra, e iso non sempre.

A certa altura dunha conversación máis ou menos intrascendente preguntou Eureka:

-¿Que pode ser unha especie de calzada que enxerguei desde a coroa do Castro contra o nordés e que parece subir pola Serra de en fronte arriba?

O caseiro, que se criara, en Vilar de Mouros na caída da Serra, deu a resposta que escoitara de neno:

-Polo visto, foi unha regazada de croios que se lle ceibou a unha meiga que tentaba acroiar a un vello frade do cister do convento de Meira; pero el fixo un escon-

xuro e á meiga ceibóuselle a mantela. As pedras rodaron polo monte abaixo e deron lugar a unha cascada de cachotes ciclópeos que chama a atención a calquera.

-É unha lenda fermosa, abofé, -comentou Don Otto.

O medio mestre, medio segador, aínda estaba medio enfurruñado, pero engadiu:

-Esa lenda pode completarse. Os cachotes non eran tan grandes cando se ceibaron do mantelo; pero por debaixo deles corre o fertilizante Miño nun dos seus máis seguros nacementos. As súas augas, preñadas de toda a virtualidade orixinal, son a causa de que as pedras, que afunden nelas as súas raíces, medren media arroba por tonelada de peso cada dez anos.

-Tamén é ben fermoso o que acaba de dicir, -apurou a corroborar Don Otto, ledo de ter oportunidade de dar unha satisfacción a aquel con quen antes liortara.

Ó comeza-la tertulia, encendérase unha fogata reconfortante e creadora de fraternidade na vella cheminea do salón. O vello arqueólogo, coma fóra do tempo e de si, cos ollos perdidos nas charetas fuxidías, marmullaba palabras incoherentes para os caseiros e tan só evocadoras para o semi-mestre:

-Pedra, auga, lume. Lume, auga, pedra. Moisés. Pena de Horeb. Pedregal. Pico Sacro. Sartego xacobeo. Abala-la pedra...

A caseira, rebordante de simpleza, de traballo realizado a conciencia e de sufrimento agochado no fondo da alma preguntou:

-¿Aló donde vostedes son hai meigas?

Cando Eurika ía responder que si cortouna Don Otto respondendo el polos dous:

-Tamén alí se cre nelas. Tamén alí morreron queimadas varias que se cría que o eran e, incluso, poida que elas mesmas o cresen. Nas meigas crese en case tódo-los sitios donde o vento zoa nas árbores as noites de treboada, e donde as pólas baten nos vidros das ventás coma longos brazos do medo.

Volveu a preguntar a caseira, que das palabras de Don Otto concluíra que certamente hai meigas en Alemania:

-¿E hai demachiños e trasnos?

-Nos trasnos tamén se cre; anque non se lles dea ese nome, -seguiu Don Otto-, especialmente nas zonas rurais; pero os demachiños non son coñecidos. ¿Que son?.

Despois de restregar ámbalas dúas mans de dentro a fora polas perneiras do pantalón á altura das coxas, deu contestación o substituto:

-Os demachiños disque son os demos máis pequenos dos que se rebelaron contra Deus. Como eran tan pequenos a súa ofensa non podía ser moi grande e, na caída ó inferno, non chegaron a tempo polo pouco peso, de xeito que se pechou a terra antes de que

eles se afundisen; por iso quedaron revoando por aí sen paradeiro fixo. Agora dedícanse a facer trangalladiñas indignas dun demo que se precie.

-¿Que trangalladiñas?, -preguntou Eurika.

O substituto ía recuperando a normalidade; porque ter quen o escoitase era superior á xenreira, e seguiu:

-Pois, cousas coma derrubar os pans dos galleiros, enguedellarlle-lo pelo ás mulle- res, troupelear polo faiado, aparecerse en forma de cabritiño ou añaño aterecido de frío e fuxir logo, despois de quentalo, pola chemi- nea deixando cheiro a xofre, e... cousas así.

-Pero iso, -preguntou agora Don Otto, ¿ten algunha base científica?

-Anxel Fole dí que o ten comprobado, e a un cura que houbo en Prevesos sábese de certo que lle teñen dado moito que facer. Claro que ese tamén se meteu algo de máis nesas cousas.

Mediou a caseira:

-¡Ai, meteu! Que teño oído eu que comprou un lugar cos cartos que fixo deslen- do polas casas.

Contradiciulle o home:

-Eses son contos; que por desler non cobraba e téñeno vido buscar ata da Ribeira de Piquín.

-¿Ti sabes que é iso de desler, Otto?, -procurou informarse por vía indirecta Eurika;

pois ben sospeitaba que el tampouco o sabía.

-Non. Non caio.

Seguiu aleccionando o substituto:

-Para esconxura-los demachiños hai que saber desler, ou sexa: ler ó revés no ritual. Polo visto así é como se len os libros escritos en hebreo e ós demachiños, como son de orixe semita, só lles fai efecto a linguaxe de diante para atrás. Eu non sei se ese cura de Prevesos sabía desler ou non; pero contoume un sobriño que tiña "O Ciprianillo" e outros libros de maxia tales coma: "Neo Magia en el amor" e "Neo magia en prácticas ocultistas" por Salomón Audiens do Comité Activo das Loxias de Calcuta.

Volveu a meter baza a caseira:

-Tamén se falaba de que tiña moi boa man para escorrenta-los vermes dos hortos e desconta-las lombrigas ós pequenos e mesmo para entroniza-los evanxeos tras dos poxigos.

-Aí no Abeledo, -mediou o caseiro-, pode verse un croio grande que non o arrastran dúas xugadas de bois e que, polo oído, descargouno un nubeiro que andou revoando sobre Gondel e Luaces en figura de sátiro. Cando se foi aproximando a Prevesos o crego fíxolle unhas requilindorias e veu caer aí, donde non causou mal a ninguén.

Cando puido, volveu a toma-la palabra con moito aplomo o substituto:

-Tamén me dixo o sobriño que estivera en poder dun "Talismán de la Salud" que lle trouxera de Filipinas un tío seu que fora reposteiro maior no Pazo Real. Hai quen non sabe a donde subilo e quen non sabe a donde abaixalo; pero en xeral crese que loitou contra as forzas do Averno con fins caritativos. Un compañeiro tense pronunciado no senso de que, ó ser de carreira breve, nunca deu entendido ben iso de que os fins non xustifican os medios e deixouse levar de boa fe ata meterse máis dunha vez en camisas de once varas, por exemplo: cando caeu na tentación de invocar ó Gran Fur Fur, que leva o título de Conde do Inferno por méritos propios.

Eurika non pestanexaba. Esas historias engaiolábana desde neniña. E, como viu que o substituto fixo unha pausa para padezar, preguntou temerosa de que se rompese o fío:

-¿Como foi iso?

-Foi por culpa das discordias dun matrimonio. Ó home dicíase que lle deberan dar algún bebedizo; porque non había quen o sacase da casa dunha pendanga que era estación obrigada de tódolos pousafoles da rodeada. De ser home robusto e ben parecido, trocouse esfracareñado e amarelo coma a cera. A muller xa recorrera a unha saudadora que curara co alento a un tal Mohammed, xeneral marroquí. Esta aconselloulle o do ovario de galiña, que é dos reme-

dios máis eficaces, pero non deu resultado. E, en vista diso foi falar co cura.

-¿Podería especificar, aínda que sexa sumariamente, en que consiste iso do ovario de galiña?, -pedíu Don Otto.

-Deixar a ver se me acordo, -seguiu o semimestre-... Cóllese unha galiña moura, canto máis vella mellor, dególase cun coitelo de forxa, arríncaselle o ovario, lávase ben lavado e un tercio do mesmo métese nun zapato do home. Tamén se podería meter nunha zoca; pero é máis prudente nun zapato, porque tén que ser sen que el se entere e non se debe move-lo calzado en tres días e, como os zapatos só se poñen de pascuas en ramos... Logo, hai que telo ó sereno co ovario dentro eses días. É fundamental que un dos días cadre en lúa chea para que reciba de cheo os fluídos luares atraídos polo órgano da galiña que fai de elemento catalizador e maxístico. Despois emburúllase o calzado, aínda co ovario dentro, en papel de estraza e déixase outros tres días a carón dun loureiro castelán no que haxa restos dun niño de pega carniceira. Hai que tapalo ben tapado, claro, por mor dos cans. Feito todo iso, entérrase o ovario e agárdase a que o consorte infiel calce a peza en cuestión. Ás veces hai que inventar calquera desculpa para que a poña antes do ano que vén. Abonda con que ande con ela unha hora para que xa nunca máis vaia buscar a fóra da casa o que debía ter dentro.

-¡Uf!, -dixo Eurika.

-Si, ¡Uf!, -dixo a caseira.

E seguiu dicindo o semimestre:

-A pobre muller ben podía agardar ata o día do xuízo final; porque o home nunca máis quixo calzar aqueles zapatos; xa que ceibaban un fedor que botaba para atrás ós mesmos demos do inferno. Ó fallar ese feitizo foi, como xa dixen, cando ela acudiu ó crego. Este botou man do libro e escolleu, de entre as sete fórmulas posibles para invocar a Fur Fur, a terceira que é, polo visto, unha das máis breves... Deixar a ver se me recordo... Si, palabra arriba ou abaixo, di así:

“Neam care dua Fur Fur,

Rama selpis ecom leo.

¡Adamot, Adamot, Adamot!

¡¡Supla florens!!

Caulibus fatia,

fatia, fatia. Nemma”

-Pero...¿Como sabe todo iso vostede?,
-preguntou Don Otto.

Non se fixo agarda-la resposta:

-As noites de insomnio e soidade dan moito de si... Fur Fur non se fixo de rogar. Revocou tódolos compromisos pendentos, ceicais alagado porque nunca ata daquela fora invocado por un crego. Á hora de xantar presentouse na casa da desconsolada muller e foi eficaz. ¡Eficacísimo!. Tan presto o viu o home xa non deu chegado coa culler á boca. Ver a aquel ser adobiado de longa capa

bermella, chapeu de copa e pezuñas de macho cabrío e darlle un soponcio foi todo un. Ó día e medio, cando o quitaban para enterrar, a boa da muller non deixaba de saloucar con voz quebrada, desde a ventá do curral, ben suxeita por dúas cuñadas que a agarraban por baixo dos brazos: "Vaite Fur Fur, que a viñeches facer boa. Debiches quedar descansado, debiches e debiches".

Ós beizos de todos acudiu un leve sorriso mesturado con certa compaixón. Só a caseira lamentou en voz alta:

- "Válganos Dios". Non somos nada.

- Nada, filla, - apoiou Eurika.

O caseiro era home de poucas falas; pero, se se terciaba tamén gustaba de intervir na conversa, tendo sempre bo coidado de non interromper. Agora tivo ocasión, mentres o semimestre subía un carpín de la.

- Teño oído dicir que á sazón andaba o crego matinando en desencanta-la fonte de Orxás; pois contáralle un pobre das portas que alí estaba encantado un eunuco babilonio que chegara en forma e corpo de lagarto arnal; pero o mesmo día do enterro queimou no incensario tódolos seus libros e talismáns.

Volveu a retoma-lo discurso o semimestre.

- Todos, todos non os deu queimado; que algúns non os tiña na casa; pero tampouco puxo interese en recuperalos. Fíxose

moi piadoso e rezaba tódolos días os quince misterios, repasaba ata catro veces o Oficio Divino por medo a saltar unha antífona e mesmo, se tiña que interromper un salmo por culpa da tose, volvía ó comenzo; pero, como os demos desde que pillan confianza con un non hai quen os dea botado da casa, un bo día aparecéuselle Su Excelencia Baalwerith.

Aínda ben non pronunciou tal nome o substituto a Don Otto fóiselle a cor das meixelas. Tornouse branco e tremábanlle as mans.

- ¿Pásache algo, Otto?, -preguntou Eurika.

-Nada importante, -tratou de disimular el.

Baalwerith era un vello coñecido de Don Otto. É o demo máis lido de todos. Esíxello o cargo que ostenta; pois é censor de libros. Disque cando atopa as palabras: amor, solidariedade, fraternidade, transixencia e outras de significado espiritual, pega brincos coma un corzo, bota espuma pola boca e lume polos ollos e emborrancha cunha especie de tinta indeleble páxinas enteiras.

A Don Otto achegárase unha noite nas criptas do museo de El Cairo. Vestía de investigador sen escrúpulos e ofreceulle os seus servicios para axudarlle a descifrar un pergamino co que o arqueólogo levaba case dous meses. A oferta non foi desinteresada. A cambio pediulle que, facendo uso da confianza que depositara nel o seu goberno, se lle fixe-

se cos planos dunha certa bomba, para completalos o mesmo Baalwerith e espallalos polo mundo como semente de morte que contrarrestase os pulos de vida. Don Otto, por curiosidade científica, caeu na tentación e aquel pecado nunca deixou de rillarlle na conciencia.

O semestral non deu maior importancia ó estado de Don Otto, atribuíndoo a deficiencias de rego sanguíneo e proseguiu:

-A encomenda que traía para o crego de Prevesos o emisario de Belcebú era ofrecerlle, con ademáns moi comedidos e palabras moi leiseiras, a posibilidade de degustar néctares espirituais que só libara ata agora un monxe do Monte Atos. Unicamente poñía como condición que nas súas prédicas fose condescendente co becerro de ouro, coa filosofía hedonista e con certos postulados xenófobos. O crego, aínda sendo de carreira breve, ou cecais por iso mesmo, por non ter grandes aspiracións da sabedoría deste mundo, maliciouse e botouno da rectoral a trancazo limpo co mástil dunha cruz parroquial de prata que gardaba na casa.

-¿Fixo ben!, -comentou Don Otto exaltado.

-¡Ai, señor fixo! E máis eu non entendín moi ben o que quería, -asentiu a caseira.

E seguiu o relator:

-En vinganza, Baalwerith deixou ó pobre cura tatexo para o resto dos seus días. Só

se lle desatou a lingua de novo no momento de poñerlle a Santa Extrema Unción; pero antes, chegou a tal punto que non se lle entendía palabra de canto quería dicir. Dixéronme que mesmo escribindo tatexaba. Soamente era posible entenderlle algo se pillaba carreiriña e o dicía de cantinela. Seguramente sería por iso que recibiu un despacho da Curia, que aínda se conserva no Libro de Fábrica da época, en virtude do que se lle ordenaba, baixo as penas canónicas a que houberse lugar en dereito, a predicar los domingos e festas de gardar en son de salmodia.

Don Otto fora recuperando a tranquilidade e maila cor. Tamén deixara de tremar e chegados a este punto dixo moi serio:

-Ás veces, incluso as autoridades eclesiásticas dictan normas nas que pesa máis o rigor legal ca o valor que se protexe... ¡Que difícil debe ser, sendo autoridade, manterlo corazón despegado do autoritarismo. Si-ga vostede.

-Sigo, e logo remato, -dixo o semimes-tre-. Con esta endrómene das cantinelas facíanse tan longas as súas misas que se foi quedando sen clientela e, non obstante seguía obrigado a gardar obediencia por respecto ó sancristán que lle foi fiel ata a morte. E tamén el, o sancristán, acabou contaxiado de tatexose, de xeito que ten sido vez de empezaren a misa ás seis e media da mañá

e aló polas catro da tarde andaren aínda polo "sursum corda". Menos mal que obtivo dispensa directamente da Sagrada Congregación de Ritos para comer un pique sen navalla nin obxecto punzante de ningunha clase ó remata-la epístola ou despois do "orate fratres". Finou ós oitenta e dous anos con sona de santo; pois eran públicos e notorios os seus sufrimentos e ademais moita xente estáballe agradecida polos servizos prestados tanto por diante coma por tras da institución eclesial.

A noite ía correndo e deloutro día todos tiñan que deixa-la cama cedo. Os alemáns para proseguir viaxe. Os caseiros; porque así era tódolos días. O substituto; porque, a pesar dos incidentes, tiña intención de acompañar ós viaxeiros ata a vila de Castro de Rei e de paso sentirse máis realizado por codearse con xente de títulos.

CONSOLADORA DECEPCIÓN

A caseira, por indicación de D. Manolo, na carta que lles mandara, puxo un braseiro debaixo da cama dos hóspedes; porque as sabas e cobertores estaban fríos debido á falta de uso e tamén a que xa comenzaran a deixarse caer as primeiras xeadas.

Don Otto tardou moito en adormecer. Daba voltas e máis voltas na cama. Eurika estaba quedíña cabo del. Ela durmira ás primeiras horas; pero logo tamén se desvelou.

As emocións e o inesperado reencontro coa memoria de Baalweriht desacougaran ó vello arqueólogo. Aló polas catro da noite ficou rendido e encetou un sono mesturado de pesadelos. E foi o caso que nun momento, atopándose o vello entre trasgolos, por non saber do braseiro que lles puxeran debaixo da cama, pensou que recuperara enerxías e forzas instintivas perdidas; pero o intento resultou fallido.

Eurika bicouno na testa desque el volveu a arreconchega-la cabeza na almofada e con gran ternura díxolle:

-Non te preocupes, Otto; que as divinas princesas reencarnadas temos sublimadas algunhas tendencias ás que o común dos mortais dan importancia desmesurada.

Don Otto, cos ollos pechados na escuridade daquel gran cuarto da casona da Torre, respondeu moi sosegado:

-Non sei se te quero porque te necesito ou se te necesito porque te quero; o que sei certo é que te quero e que te necesito.

E houbo silencio ata o día. Un silencio cheo de presenza en mutuo apoio e axuda.

Ó raia-lo día erguéronse os dous ó mesmo tempo. Cada un polo seu lado da cama e dispuxéronse a encetar unha nova xornada na que cada un andaría o seu propio camiño; pero ámbolos dous apoiándose e na mesma dirección; que xa dixo o inefable Khalil Gibrán, pouco máis ou menos, que non tén por que un carballo asombrar a un piñeiro, nin un piñeiro a un carballo; anque ambos e dous medren nunha mesma leira.

Despois de aseárense, despedíronse dos caseiros e dispuxéronse a seguir camiño cara ó puntíño roibo de destino, do que non os separaban xa máis ca uns tres quilómetros. A caseira agasallounos cun púcaro de mel amareliña coma unha posta de sol. Mel de uceiras, carpazas, carqueixas, queirugas e castiñeiros.

Pero na viaxe uníuselles un acompañante co que non contaban. Foi o semimestre que puxo como desculpa que tiña que ir arranxar uns asuntos á Vila, capitalidade do Concello, Castro de Rei.

A verdadeira razón pola que quixo ir con eles foi para disfrutar un pouco máis de tempo da súa conversa e para sentir el mesmo satisfacción de conversar. Ó que haberá que engadir un certo desexo de desculparse para que non levasen del a impresión de que era máis inculto do que era en realidade.

Ó pasaren por Zacariade entráronlle ganas á alemana de facer unha pregaria na capeliña desta familia; pero o semimestre aconselloulles achegarse ata o pazo de Fontixón que, segundo dicires dos máis vellos, fora dun cardeal e tamén conta con capela de seu.

Alí cada un rezou ó seu xeito. Don Otto deu gracias, por ter chegado con ben, ó Grande fillo de Davide, ó Refillo do tronco de Xesé, ó Sol que anubou a Ra, a Velferico, a Odin, a Apolo, a Zeus. Eurika deu gracias por térenlle pasado as rozaduras ó mesmo Deus ca o seu home; pero en clave luterana. E o semimestre, máis ca dar gracias, pediu.

De Fontixón guiounos polo Cadaval e amosoulles as coroas do Cotillón, perfectamente aliñadas co castro de Viladonga e co de Castro de Rei. Explicoulles:

-Aquí teñen foscallado moitos veciños da rodeada, de noite mentres habían durmir, en pescuda dun prezado barreño re-preto de moedas de ouro do emperador Arcadio ou dunha grade tamén de ouro dos mouros; pero todo o máis que deron atopado

foron roletes de pedra utilizados como muiños de man.

Cando pasaron por xunto da fonte do campo de Cal acordouse Don Otto de achega-lo percherón para que bebese e, vendo bebe-lo cabalo, tamén el sentíu sede. Ocorríaselle beber alí mesmo; pero o acompañante, que tiña trato coa familia da casa de Cal, impediullo e conduciunos ata esta casa, donde sabía que serían ben atendidos, como era costume en todo o contorno con calquera que se achegase a calquera porta pedindo unha cunca de auga fresca.

En Cal había un tear de medio uso feito todo de madeira de carballo e tan presto Eurika lle botou o ollo por riba da porta, unha forza irresistible tirou dela. Sen pedir permiso a ninguén entrou con paso solemne e con moita estrañeza do seu home, do semimestre e da xente da casa. Arrimou un tallo que tiña ó xeito. Deulle para atrás con xesto resolto ó rodo dereito do abrigo de pano que levaba posto. Sentou, deixando o xeonllo esquerdo un tris retrasado. Pechou os ollos. Inclinou a cabeza para adiante. Deixou apousar suavemente as dúas mans sobre o tear. E nunca soubo con certeza se resoara en toda a Chai-ra a novena sinfonía de Beethoven ou se só resoara nos seus adentros; pero do que si quedou ben segura foi de que resoara.

Toxeirosvellos, o lugar do emprazamento do puntiño roibo sinalado nas cartas

xeográficas retiradas con arte da biblioteca de Maguncia, estaba pretoño e, con todo, aínda lle deu tempo ó semimestre a facer unha confianza antes de chegaren a el.

-Eu, señores, ontè tiven unha reacción desproporcionada. Pásame ás veces. E que eu, señores, non teño claro quen son. Cecaís porque non son nada en serio fiquei solteiro. Se fose un labrego bo segador, atoparía unha labrega para casar. Se fose mestre titulado, tamén tería outro aprecio. Pero non son unha cousa nin outra. ¿Que son?

-É o que é, -respondeu Don Otto-, e se non se reconcilia consigo mesmo, estará en perpetuo conflito con todo canto o rodea. Acéptese tal e como é e déixese de sufrir polo que podería ter sido e xa non será.

Mentres o substituto de mestre tentaba de asimilar o que acababa de escoitar, seguiu Don Otto dando explicacións.

-Quizabes vostede non saiba que de Toxeirosvellos e do seu entorno extraeron os romanos ouro do máis apreciado.

Tal afirmación rescatou ó acompañante das súas cavilacións; pois sempre significa unha forte sacudida anímica iso de saber que preto dun houbo ou hai ouro. El era sabedor de que antes das minas de arsénico, que á sazón estaban en funcionamento en Azúmara, tivera que haber outras explotacións nas inmediacións, a xulgar polas escombreciras e os buratos que se atopaban a

cada paso polo monte de Toxeirosvellos; pero que esas explotacións fosen de ouro nunca o escoitara nin chegara a sospeitalo.

Alí arriba, no cumio do monte, só aparecían á vista algúns bultos de vellas escombreciras tapadas por mestas toxeciras, algunhas covas de coellos, respiradoiros das actuais minas de arsénico e algúns buratos, como xa queda dito. Algún deles tan fondo que servía de cemiterio para vacas e becerros que morrían nas casas.

A decepción de Don Otto, de Eurika e mesmo do percherón foi considerable nun primeiro momento. Aquelo non se parecía en nada a un puntiño roibo nunhas cartas xeográficas. Pero, pasados uns instantes, o vello arqueólogo comenzou a rir con tan grandes gargalladas que resoaban en todo o Val de Francos, en Fondoi e nas Lamelas de Ramil, en Fonte de Trás, de Azúmara e en Lama de Miño de Prevesos.

Ó parar de rir, con todo o seu ventre doridiño, non cansaba de repetir:

-¡Und trotzdem war es der Mühe wert!

Eurika traduciu:

-¡E, non obstante, pagou a pena!

As grandes gargalladas espombaron dunha leira de nabos que comenzaban a agromar unha bandada inmensa de pegas carniceiras e corvos que fuxiron despavoridos e asustaron e fixéronlle anicrarse aínda máis a un veciño de por alí, xa daquela atusmón,

que os estaba velando por tras dun valado
cunha fouciña apoiada no antebrazo; que
hai homes que, para aparentar que non an-
dan sós, acompañanse de ferramentas.

O MONTE MEDULIO TAMÉN É NA CHAIRA. SE CADRA, SÓ É NA CHAIRA

O semimestre quixo levalos antes de entraren en Castro de Rei, pois aínda non deran as once da mañá polo sol, ó monte da Escrita, en Santalocaia, para amosarlles unha das máis fermosas panorámicas de toda a Terra Chá.

Baixaron por Regoparedes e tiraron pola estrada da mina.

A chegada ó monte da Escrita nò que desde o mil novecentos trinta e un está ben emprazada unha grandiosa estatua do Sagrado Corazón, feita con aportación popular e por iniciativa da familia dos Rey-Stolle, foi apoteósica.

A paisaxe revestida de toda a fermosura da Chaira ía enchendo paseniñamente os seus sentimentos e non era doado dixerila toda nunha soa dose.

Alternativamente íanse pasando o catalexo os dous alemáns, sen case darse tempo un ó outro a botar unha ollada por el. O semimestre non lles quitaba ollo nin saía do

seu asombro. Nunca pensara que aquela parella tan comedida, tan reflexiva, puidese chegar a tal grado de desenfreo.

Nin tempo lle deixaban ó guía para responder ás súas preguntas. Viñan todas encadeadas ós seus beizos coma as doas dun rosario.

Era un rosario de pobos, lugares e xentes.

-¿E aquel monte?

-O Padornelo, vixía de Mondoñedo.

-¿E aquel?

-O Cadramón, gardián do Vale Douro.

-¿Aqueloutro?

-Montecubeiro, ás portas de Castroverde.

-¿E aquela corda?

-A Serra da Loba nas lindes da provincia. E máis aló a Serra da Cova da Serpe.

-¿E aquel fume?

-O dun mercancías que pasa por Rábade.

-¿Máis á dereita?

-Vilalba, a Vila Branca das terras pardas, dos mansos bois, dos capóns mantidos para morrer en sacrificio redentor de obrigas, das mulleres de cerna, revestidas de dozura e cubertas con toca de entrega, dos labregos rebelados contra don Nuño Freire de Andrade, capataz de caciques galegos, da fortaleza impotente ante o furor irmandiño, da torre octogonal do homenaxe, centro refe-

rencia da aberta Chaira só enmarcada en oito puntos cardinais.

-¿Alí enfronte?

-A Ponte de Outeiro, que deu vida e inspiración ó gran poeta Crecente Vega e ó político matemático Manuel Becerra.

-¿Aquí máis preto?

-Prevesos, en tempos, solar de María Teresa Uz y Freire de Andrade. E aquí á caída pola banda da esquerda, Coea, a probable "Cauca civitate Galleciae Provincia", patria de Teodosio o Grande. Ó pé, Bazar, patria dos Rafaeles, ós que a Chaira se lles fixo pequena na súa herdada vocación de aliviar e curar doenzas de animais domésticos, servidores e irmáns de campesiños pobres.

-¿Aló ó lonxe preto daquel castiñeiro?

-San Xulián de Mós, patria de García Abad, santo misionero que sementou de humanismo e fe a súa terra.

-¿A carón de San Xulián?

-Triabá, donde se mazotou e teceu liño do máis branco e refinado para túnicas de gala de emperadores romanos.

Cando baixaron do monte da Escrita borrachos de concentrada fermosura, toparon co crego, Don Plácido, que viña de matar unhas goteiras no cruceiro da igrexa.

Entablouse conversa que pariu cordialidade. El xa fora amigo doutro alemán, inxeñeiro das minas de Azúmara, que o agasallara cunha ducia de coitelos de marca,

todos enmangados en recatóns de paraugas de metal amarelo.

O crego foilles explicando con moito detalle como ó monte da Escrita lle cadra moi ben aquilo de "Montem Minio flumini imminentem" que Paulo Orosio escribiu encol do Medulio. Como neste monte se cumpren tan ben coma en calquera outro as tradicións orais e escritas que fan referencia ó mítico Monte, tales coma a de xuntárense nel celtas de moitos quilómetros á redonda para faceren fronte ós invasores romanos.

Don Plácido foi enumerando e dando nome a máis de cincuenta castros emprazados nun radio de vinte e cinco quilómetros.

Eurika escoitaba engaiolada; pero non atinaba a entender cal podía se-la verdadeira importancia do monte do que o crego se puxera a falar con paixón e, sen miramentos, preguntou:

-Pero, ¿cal é o interese dese Medulio? E desculpe a miña ignorancia.

Respondeu o substituto:

-Verá, señora. O Medulio é a Numan-
cia dos galegos. Para nós é o mito da resis-
tencia que rematou en sacrificio heroico,
mentres que para os romanos foi o signo da
prepotencia sobre unha raza indómita.

Apoiou don Plácido:

-Sí, efectivamente, no Monte Medulio,
-aquí-, os valentes habitantes desta terra, vis-
to que non podían resistir por máis tempo ós

inxustos agresores capitaneados polo mesmo emperador Octavio Augusto, decidiron, antes ca vivir amargados pola aceda vergoña dos domados, que as mulleres, nenos e vellos bebesen infusión de raíz de teixo para morren placidamente, mentres eles, mermados xa pola superioridade imperial, atravesaban os seus peitos coas propias armas. Os teixos, señores, tíñanos ben á man nesta mesma parroquia, no barrio das Teixoeiras.

Don Otto, aínda valorando as tradicións orais, tiña por norma, como científico, non tomalas como proba irrefutable dos feitos que lles deran corpo; porque tiña comprobado por sí, como etnólogo, que a conciencia colectiva dos pobos tende a mitificar. Por iso, díxolle amablemente ó señor cura:

-Todo o que vostede me dí merece todo o meu respecto e atención; pero entendendo, e perdoe se lle contradigo, que as probas escritas poden ser coincidentes con múltiples lugares sen que a través delas se chegue a atopala luz necesaria. A única ciencia que pode aportar esa luz, ó meu humilde entender é a arqueoloxía. Sería moi importante que houbera algúns vestixios arqueolóxicos.

-É que me parece que os hai, -seguiu Don Plácido-. O castro do monte da Escrita, polo inmenso horizonte que desde el se divisa, é o lugar ideal para concentrarse os que resistían, xa que desde alí albíscanse tódolos lados polos que podían ser atacados.

-Non quero contrarialo; pero todo iso pode rebatelo, refutalo, calquera historiador que queira leva-lo Medulio para preto da súa casa. Vostede quizabes inconscientemente tamén está pretendendo traelo para a carón da súa. Pero repito, ¿pode aportar algún apoio arqueolóxico?

-Podo aportar infinidade de restos humanos que se teñen atopado e se seguen atopando pola ladeira do monte.

-Iso é importante.

-Xa sei que é importante; porque outra tradición di que pasados moitos anos aínda se vían branquear por todo o Medulio os ósos daqueles heroes anónimos que preferiron a morte á escravitude.

O semimestre non cabía en sí pola fachenda de poñer en contacto ó sabio vello arqueólogo cun crego namorado da súa terra, dos seus costumes, das súas tradicións e da súa historia.

O percherón pacía ceibo polo adro da igrexa ben alleo a disquisicións máis ou menos científicas.

Don Otto sentía rexurdir nos seus adentros fogosos ideais de arqueólogo recién estreado. Algo comezara a rebulir de novo aló entre os seus pensamentos apagados.

Seguiu o párroco:

-Vostede acusoume veladamente de pretender trae-lo Medulio para xunto da casa rectoral de Santalocaia, -pode que así

sexa-, pero eu diría que non fago máis ca apropiarme das teses de Amor Meilán e Ferreras, os historiadores, no que eu coñezo ata agora, que mellor puideron coñecer este monte da Escrita. A outros, que seguramente tamén trataron de levalo para preto das súas casas, este quedáballes a desmán.

Mediou o substituto:

-Señores, a conversa é sumamente interesante, e un gran alimento espiritual para os homes que coma min quixeran saber moito máis do que saben, pero as miñas tripas xa comenzan tamén a demandar outra clase de alimentos. Perdoen se rompo de xeito tan prosaico o engado das súas disquisicións preñadas de poesía.

Por tódolos medios tratou o crego de que xantasen na súa casa; pero os alemáns consideraron que a confianza non daba aínda para tanto, polo que seguiron camiño cara a Castro de Rei.

MILLEIROS DE
CHOIAS
ESPALLARON POLO
MUNDO SEÑORÍOS
HERDADOS PRA
DAR PASO Ó
SEÑORÍO QUE
NACE DA NOBREZA
DO CORAZÓN

En menos de vinte minutos estaban en Castro de Rei.

Esta Vila, sendo pequena, ten encanto. Ten historia soterrada nos seus alicerces. Alí dormen coitelos de seixo que ás veces espertan e asoman. En cada pedra do que foi castelo e fortaleza está escrita unha páxina de vida pretérita. Ten lenda na pel de boi repreta de ouro das súas murallas, celosamente gardada por unha fada encantada en corpo de cóbrega ata que algunha andoriña retorne da súa viaxe migratoria coa herba de cabra para desencantala. Ten galanura no seu xeito de Castro vello, abrazado

nunha agarimosa aberta polos ríos Pequeno e Azúmara.

O río Pequeno naceu para anano bufón dos Señores Ríos.

O Azúmara naceu para señorito. Un señorito que padece de complexo de inferioridade por vivir tan preto do Miño. Polas veigas faise preguiceiro. Coma calquera señorito que se prece, dorme de día e deixase ir, tordeando en mil voltas, de noite. Por inmaduro mecanismo de superación do seu complexo, tódolos invernos enrabéxase e di:

-Ides saber que tamén son importante. ¡Ides fixarvos en min! ¡Dígovolo eu!

Entón, ínchase e ínchase ata botarse fóra de si e... ¡Zas!, asolaga cortiñas e prados.

Tardan en pasarlle os enrabexamentos, igual ca os señoritos de tódolos tempos, e non retira en dous días ou máis.

Xantaron na fonda de Amador levantada sobre parte do que fora solar do castelo. Por tras dela aínda se podían ver parte das paredes da torre da homenaxe. A comida dos alemáns foi a base de acelgas, cenorias e repolo, conforme ós seus costumes vexetarianos. O semimestre, -invitado polos estranxeiros-, non se resistiu a comer unha boa pratada de callos e outra de carne asada; que un día é un día. Todos eles remataron dando boa conta dunha fontada de fritos coa que Floripes, a muller de Amador e cocineira da casa, os agasallou. O dono da fon-

da tamén os agasallou ós postres cunha animada conversa á que se veu unir o Recho.

Este sabía moitas historias aprendidas por tradición oral e era un deses narradores innatos que tanto florecen en tódalas terras nas que o mesmo vento conta contos polas noites desde a copa maxestuosa das árbores nobres.

E foi el, o Recho, quen contou ós inesperados visitantes que a antiga fortaleza fora no século XV casa de Gómez Pérez das Mariñas, Señor de Suevos e Miraflores. Logo, de Don Pedro Álvarez Osorio, Conde de Lemos e "O máis poderoso Señor de Galicia" nos seus días. Despois pasou a ser de Galaor Osorio, xenro de Don Pedro Pardo de Cela.

En palabras textuais do Recho:

-Gracias a esta fortaleza, entre outras varias, encheu o ollo o Don Galaor a Pardo de Cela para que este acabase accedendo a darlle a man, e todo o que puidese vir detrás da man, da súa filla Dona Constanza de Castro.

-Este Don Galaor, -seguiu narrando o Recho mentres daba conta dunha copa de coñac das Tres Cepas-, ou foi de armas tomar ou era pampo de remate; porque unha vez que se enfrontaron en Sobrada de Aguiar "Lo más florido y granado de Galicia" e "Las huestes valientes y leales del Conde de Monterey", tivo que darse preso a seu sogro, Par-

do de Cela. ¡Que vergoña darse preso un xenro a un sogro!

Preguntou o semimestre:

-Pero, digo eu, ¿Tería que haber causas de moito peso para que se enfrontasen as nobrezas de Galicia en Sobrada de Aguiar?

O Recho, co escepticismo de quen herdou fames seculares respondeu con son retranqueiro:

-Os nobres nunca necesitaron causas de moito peso para os enfrontamentos. A maioría das veces a verdadeira causa era o aburrimento. E neste caso sospeito que o foi tamén; pois todo empezou porque a Fernán Díaz de Ribadeneira, veciño de Sobrada, lle deu por facer unha cerca de mamposteiría de arredor da súa casa, dándolle así aires de pazo. Un novo pazo sempre era unha provocación para quenes o herdaran dos seus antergos xunto co apelido. Entón o Conde de Lemos e Monterrei mandou un propio con orde expresa de que se derrubase aquela parede que, se medraba, podía chegar a ser muralla. Pero o de Ribadeneira púxose farruco, fíxose ás once, e deu por non recibida a misiva.

Aquí interveu Don Otto:

-¿Non lle parece que era un tanto morgañenta a nobreza Galega?

-¿E que me di vostede dos güelfos e xibelinos, dos Hohenstaufen e dos husitas?, - respondeu o Recho preguntando, como bo galego.

Don Otto baixou a cabeza e o semimestre ergueuna, fachendoso de que un simple afeccionado á lectura, tapase a boca a todo un titulado.

Con aire de vencedor disimulado proseguiu o Recho:

-Como o de Ribadeneira tamén estaba emparentado con señorío non lle faltou apoio e armouse a liorta entre "lo más florido" e as "leales huestes".

Amador levaba tempo agardando a poder meter baza, que o seu non era botar moito tempo escoitando sen participar na conversa e comentou:

-Quen pagou as consecuencias foron os que as pagan sempre, os labregos de Sobrada, os fillos-de-nada, que aquel ano non tiveron que mallar; pois as súas cortiñas, rozas e restrebas quedaran xa malladas polos pés dos cabalos e da infantería ó servicio de tantos fillos-de-algo.

Amador botoulle outra copa ó Recho e aproveitando que este a levaba ós beizos entrou de cheo:

-Esta fortaleza e Castelo tamén foi dos Reis Católicos. Pero non sei se chegarían a saber destas terras máis ca para sometelas a doma e castración.

Estando Amador neste comentario deixouse caer pola tenda de ultramarinos, da que este era dono ademais da fonda e cafetería, Don Augusto que ía mercar unha

lata de aceite de "La Giralda"; pois, por principio, non usaba doutro desde o mil novecentos trinta e oito.

Este Don Augusto era home instruído, pois fora mestre aló pola Fonsagrada; pero certas simpatías coa república deixárano excedente forzoso. Sabía da súa superioridade en canto a coñecementos arrincados dos libros e non se esforzaba por disimulala. De maneira que sen pedir permiso a ninguén meteuse na tertulia:

-As Cortes de Cádiz do mil oitocentos doce puxeron de loito a tódolos castelos, incluído este. Desde entón, con cada xeración que desaparecía, morrían dez almeas e así, pouco a pouco, foi perdendo pezas, ata quedar reducido a unha pendella e á torre da homenaxe. De remates, no mil novecentos corenta e un, tamén esta se desplomou.

-¡Que pena!, -lamentou Eurika.

Seguiu Don Augusto:

-Foi a noite do martes de Antroido, ben o sabe Amador, a mesma noite en que ardeu Santander. Un forte vendaval comezou por desplomar aquel xigante que xa estaba ferido de morte na súa raíz. Era de planta cadrada de catorce metros de alto por doce de lado cun espesor nos seus muros de dous metros oitenta. O xigante xenegábase maxestuoso pero bébedo ó son dun vento presaxio de treboada e agoiro de traxedia. Du-

rante tres horas da noite mediron as forzas o xigante e o vento. Mentres, a Vila durmía. Ó xigante falláronlle as forzas e derrubouse, cal Goliat, debruzado no chan.

-¡Que bonito se non fose trágico!, -exclamou Eurika.

Don Augusto non a escoitou; que non sempre oía ós outros, e seguiu:

-A torre na súa caída aplastou a Castro de Rei, como ben dixo Trapero Pardo. Non houbo, por sorte, que lamentar desgracias persoais; pero foi unha desgracia que afectou a moitas persoas. A noite que caeu fuxiu despavorida unha incontable moitedume de milleiros e milleiros de choias que nela tiñan abeiro e acubillo. Na súa aloucada fuxida espallaron por entre as tebras en tódalas direccións do mundo señoríos herdados de tempos antergos, para deixar paso xa dunha vez e para sempre ó señorío que nace só da nobreza do corazón.

O sol morno daquel día da primeira quincena de outono do ano mil novecentos corenta e tantos do tempo da Chaira fora baixando paseniñamente; pero aínda quedaban beiras de dúas horas de luz que os alemáns aproveitaron para instalarse na mesma fonda de Amador, para refrescarse e para descansar uns momentos sobre da cama matrimonial de xergón de folla de maínzo e colchón de serdas, antes de saír dar unha volta polas congostras da Vila.

Só descansaron. Non durmiron. Estando tendidos sobre das mantas dixo Don Otto:

-Eurika, ¿pasouche algunha vez pola cabeza vivi-lo resto dos nosos días fóra de Düsseldorf?

-Non. Nunca o pensei.

-¿Gustaríache ter algunha vez un tear todo de teu, para tecer cando ti quixeses o que ti quixeses?

-¿Un tear todo de carballo?. Si que me gustaría.

-¿Gustaríache falar cos paxariños, coas estrelas, co vento, coas raiolas, comigo?

-Gustaríame; anque fose só contigo.

-¿Gustaríache esquece-lo barullo atafegante dunha cidade na que ti non es máis cá muller do vello arqueólogo, para convertíreste na señora Eurika, a veciña que non tivo fillos, pero é a aboa de tódolos nenos, a velliña bondadosa que deixa argallar a tódalas nenas no seu tear, a que aloumiña con mans brancas de muller loira as flores do seu xardín, a muller dun vello medio chocho, o señor Otto, que entretén ós mozos nas horas de lecer, pescudando as súas propias raíces mal enterradas no monte Medulio, para enterrarlas de novo con tódolos honores no "Cemiterio de Tódolos Héroes"?

-¿Non nos fará mal tanto soñar, meu vello?

-Non estamos soñando, miña velliña. Estamos matinando en facer unha derradeira

viaxe a Alemania para poñer en regra tódolos papeis e vírmonos vivir á paz da Chaira todo o tempo que queira deixarnos o teu Deus e máis o meu que son o mesmo.

-Haberá que facer casa....

-Haberá...

-Teremos que amansar horto...

-Teremos...

-Aínda non temos terreos...

-Xa temos amigos...

Cando baixaron seguíanos agardando Don Augusto, o Recho, e o semimestre, que só tiña que mercar na vila unhas empeñas de coirô para o inverno. Amador retirárase á horta coidar das legumes, que as tiña en abundancia.

TERTULIA EN CASA DO FOGUETEIRO

Os cinco, Don Otto, Eurika, o semi-mestre, o Recho e Don Augusto recorreron a Vila mentres que por tras dalgúns poxigos varias veciñas e veciños atusmaban ó seu paso en pescuda de noticias frescas e inmediatas que comentar con quen se terciase. A presenza dunha parella de alemáns altos e roibos sempre é un gran acontecemento para unha localidade de menos de douscentos habitantes.

Seguindo a corredoira que baixaba da praza da Igrexa e pasaba por riba do pasadizo secreto que ía desde o castelo-fortaleza ó río Pequeno, foron chegando a Portomuiño e máis concretamente a cás do Fogueteiro, que tamén tiña taberna e daba comidas os días de feira.

Para alí recaeran tamén personaxes do máis variado: un de Samartiño que fora entregar un becerro ó matadeiro-carnecería de Pepe da Torre; outro de Quintela, que viñera en bicicleta de paseo á forxa aguza-los picos dunha cuadrilla de canteiros de Pontevedra que lle estaban facendo unha palleira para a herba seca; outro de Bardián, que pasaba as noites fóra da casa durmindo aquí e acolá desde que descubriu que seus pais non lle fixeran a mellora no testamento; un axente

de vendas da Casa "Bellota", que sempre andaba de garavata; dous mineiros asturianos das minas de Azúmara; un que fora fanxista fanático e chegara a dicirlle a seu propio pai: "Diga ¡Arriba España!, papá, que o mato"; un de Oroxe que botara trece anos e un día no cárcere por meterlle unha puñalada a un cuñado o día das partixas; un afiadador de Verín que nunca deixaba a roda á xeada por medo a que logo se melasen as navallas barbeiras; un da Barrosa crebado de ámbolos dous lados a consecuencia de querer conquistar moza entre as espalladoras, subindo feixes de palla meirandes do que podía na malla do Tourodal; dous de Torneiros que gañaban a vida matando raposos e cobrando polas portas a merecida recompensa por liberar galiñas de perigos inminentes; outro, outro e outro e así ata unha ducia ou máis.

Cando a Don Augusto lle pareceu oportuno dixo con voz potente:

-¡Atención todos!... Se alguén ten interese en poñerse en contacto coa cultura xermánica, pode aproveita-la ocasión excepcional que hoxe se nos brinda; xa que témo-la sorte de contar entre nós a un alemán arqueólogo. ¡Un arqueólogo!, ¿eh?. ¡Un arqueólogo, si, señor! O seu nome é Don Otto, con dous tes, ¡si, señor! A muller chámase Eureka, que quere dicir queiruga...Pode preguntar quen queira, pero con orde e siso.

Para Don Otto a perorata que acababa de escoitar foi unha sorpresa que o puxo nervioso; pois nunca dera superado un certo grao de timidez ó presentarse en público.

A Eurika facíalle moita ilusión que toda aquela xente escoitase ó seu esposo e veulle á mente unha convención de arqueólogos en Stuttgart, na Fundación "Tristán Bernard", na que el tivera unha ponencia, moi comentada por certo, baixo o título: "As coordenadas converxentes e diverxentes dos relevs de Tell al Amarna conforme ós papiros conservados no museo de Berlín, e o realismo escultórico".

Encetou a rolda de preguntas un dos mineiros:

-¿E logo, por que non mercarán as minas de arsénico de Azúmara, que apuntan á crise, os alemáns, xa que segundo teño entendido Alemania é deficitaria neste metaloide venenoso?

Contestou Don Otto:

-Pois porque nolo sirve Francia a cambio de gases tóxicos nos que nós somos moi experimentados.

-Pregunto eu, e perdoe, -inquiriu o, axente de vendas-, ¿serve para algo a arqueoloxía? ¿Tén algunha utilidade práctica ou algunha aplicación rendible e pecuniaria?

-A arqueoloxía, señor, vencéllanos ó pasado e o pasado, asumido e reflexionado

no presente, proxectaranos cara o futuro con meirande humanismo.

Rompe-los vencellos co pasado só pode conducir á desintegración da identidade con resultados tráxicos para a conciencia colectiva e mesmo individual.

O da puñalada, levando ós beizos unha cunca de tinto, dixo con voz de arrieiro:

-Fálenos en cristián, que xa estamos moi cheos de lerias. ¡Que manía ten a xente de estudos de falar nunha linguaxe que só eles entenden, se é que a entenden!

Desde que rematou a súa endrónena estalicouse moito, coma se quixese poñerse en riba de si mesmo e xirou a testa sobre os ombros, agardando que todos lle desen por ben feito o dito.

Don Otto coa humildade do científico que sabe que nunca lle chegará o tempo para aprende-lo moito que descoñece, pediu perdón a un analfabeto:

-Desculpe se non me dou xeito para vulgarizar mellor conceptos abstractos.

-¡Abstractos, iso é, si, señor! Vostede, señor alemán é un home correlativo... Tamén, cando eu servín a El Rei, tiñamos un capitán...

Atallou Don Augusto ó crebado antes de que se disparase contando o que xa contara mil veces. Todos sabían en todo o contorno que este home estivera recomendado a un capitán médico que o eximira de

ter que face-la instrucción, por medo a que se lle estrangulasen as hernias.

A especialidade do afiador de Verín eran as historias de meigas e bruxos, tema no que era case un especialista. Preguntou:

-¿E podería dicirnos vostede, señor arqueólogo, se seguen aínda concentrándose en Prusia os bruxos arios para celebrar conciliábulo na noite de Walpurxis?

Don Otto baixou a mirada ó chan e dixo:

-Non lle podo responder; porque teño por norma non pronunciarme sobre o que non coñezo en profundidade.

-É que unha vez, -insistiu o afiador-, seguindo a miña roda cheguei ata Suavia e no tempo que estiven por alí puiden comprobar que tanto en Suavia coma en Dalmacia, en Silesia e en Bohemia non barren nunca as teas de araña das cortes do gando, por medo ós bruxos; e danse moito co sangue de cegoña, pola súa eficacia contra envexas e maleficios... E mesmo vin con estes meus ollos nunha casa de Prusia un ovo mouro dunha galiña que, segundo me dixeron, fora galeada polo mesmo Satanás, que, coma tantas outras veces, adoptou corpo de serpe para que fose posible o acoplamento.

Entrou na conversa Eurika.

-Eu tiven, antes de coñecer a Otto, algúns tratos cun usier de Dalmacia que pade-

cía mal de ollo. Quen llo infundira fora unha bruxa que o pillara por mirar para atrás no momento da Consagración. Ela estivera de ama de cría do usier cando aínda era neniño e fíxolle mirar repetidas veces polo buratiño que quedara na tapa dun ataúde de piñeiro, xa usado, á que lle fixo saltar un nó. Cando eu o coñecín andaba a coñío cun mendo de pano mouro sobre o ollo.

-¡Cala, Eurika, por favor, que é de mal agoiro falar de bruxos e de pautos co demo en tempos de represión!

O do becerro mediou tamén:

-As meigas e os aparecidos foron moito a menos desde que se inventou a pólvora. Algún ben seguro que se terá fixado nunha cruz de pao que hai en Samartiño.

-Foi dunha chispa que matou alí a un home, -dixo un calquera.

-¡Que había ser dunha chispa! ¡Foi dun trabucazo por unha aposta!. Resulta que había un fatiño que ademais era medoñento, ó que lle dixeron uns malnacidos: "Dámosche un ollomao e un dente de xabarín se vás ás doce da noite ó cemiterio de Ansemar". El sempre debecera por un dente de xabarín desde que lle fixeran crer que era cousa acabada contra as verrugas e os ollos de galo dos pés. Cando viña de volta do cemiterio viu unha cousa branca que se movía por tras dunha xesta alí mesmo donde agora está a cruz. Aquel día enterraran a un que tiña o

costume de dicir por calquera cousa: "Raporremo, raporremo".

Quedáralle unha deficiencia ó ceibarlle o freo da lingua e non pronunciaba o que quería que era: "Rápeme o demo". Aquela cousa branca tamén dicía: "Raporremo, raporremo." Co que non se contaba era con que o fatiño levase consigo un cachafús vello que se cargaba por diante con metralla. Ceibou un trabucazo por entre a xesta e matou no acto a un veciño que menosprezara a agudeza dun fatiño. Por iso digo que a pólvora acabou con moitas meigas e aparecidos.

Cortou Don Augusto:

-Sodes uns ignorantes. Parecedes vellas nun fiadeiro contando as vosas endrómenas e desaproveitando unha oportunidade única de culturizarvos. Efectivamente, "cada pueblo y cada hombre tiene lo que se merece".

Este dito era un dos sagrados principios de Don Augusto que el manexaba coa soltura dun bergallo e ademais sempre en castelán.

Don Otto tratou de temperar ó mestre excedente forzoso:

-Non se magoe. Somos nós os que estamos aprendendo moitas cousas moi interesantes que entran de cheo no campo da etnografía.

-Pois logo, apunte estoutra, -dixo o de Quintela, que xa estaba cavilando en mar-

char por non dar atopado un burato para intervir. Unha vez caeu nos caneiros das aceas de Quintela unha troita de once quilos. Cando a atoparon nos redos pensaron que era un recém nado. Ela sóa aprobou un concurso de funcionario, gañou un pleito por augas e meteu a dous na policía. En tan só dous días tivo catro amos diferentes. De remate non se puido aproveitar porque xa cheiraba. Díciase que aprendera a arremenda-las cobras no cantar e que choraba talmente coma os nenos setemesinos.

-É unha historia linda, abofé, -comentou Eurika.

-¡Son mentiras, señora! Bota outra cunca, Amparo, -volveu a interferir o da puñalada coñecido polo alcume de "Autoxiro", debido ó xeito de move-la testa e revira-los ollos.

Este individuo, xa de pequeno tripa-ba adrede ás lilas dos pasteiros e as margaridas dos cómaros.

Se as olladas furibundas atravesasen, xa Don Augusto o tería feito un cribo. Foi el mesmo quen seguiu o diálogo:

-Vou preguntar eu unha cuestión que me gustaría retomar, anque ben seguro que á maioría dos presentes soaralles a chinés... O que non entenda, que teña polo menos a boa crianza de estarse calado... Falou antes vostede, Don Otto, da desintegración da identidade. ¿Podería afondar nese concep-

to? ¿Que consecuencias cre que poden desprenderse desa desintegración?

Don Otto, que ata entón estivera sentado, púxose dereito e medindo cada palabra respondeu:

-A consecuencia inmediata da desintegración da identidade individual ou colectiva é o menosprezo dun mesmo ou do entorno, que pode desencadea-la perda do gusto por vivir, do sentido de futuro e, mesmo, o suicidio real ou metafísico do individuo ou do grupo étnico en cuestión.

-Permítame. Se a desintegración é maquiavelicamente inducida desde fóra, máis ca de suicidio haberá que falar de homicidio ou xenocidio, ¿non lle parece? Precise, precise, faga o favor. ¿Aplicacións prácticas?

Don Otto, que sufrira moito pola morte de etnias pretéritas, detectada a través da arqueoloxía, e polos intentos recentes de acabar con outras, ollou de arredor; pero a súa vista cansada non lle permitiu enxergar ningunha presenza sospeitosa, nin a había naquel instante na taberna. E seguiu:

-Unha primeira aplicación, se mo permiten, é o deber de defender con uñas e dentes os elementos de identificación, tales como a lingua e a cultura autóctonas, sen exclusivismos; pero tamén sen complexos.

-¿Podería engadir algúns outros elementos identificativos?

-Na cultura xa entran moitos e variados; pero esfaragullando, citaríaa historia, o entorno xeográfico e ecolóxico, a fauna, as mesmas meigas, aparecidos, trasnos e troitas cantarinas e choronas. En definitiva todo aquilo que é constitutivo de diferencias enriquecedoras dentro do amplo abano da cultura universal.

-¡Moitas gracias! ¡Moitas gracias, Don Otto!. "Hai pueblos que no tienen todo lo que se merecen" ...¡Póñanse todos en pé! ¡Aplaudan! ¡Aplaudan e camiñen co espiñazo ben tesol ¡Que ninguén pague, xa me entenderei eu coa casa!.

Tamén pagou Don Augusto a cea de Don Otto e Eurika: grelos, e cachelos adubados con aceite "La Giralda".

O da puñalada saía rosmando:

-A cultura, a cultura. A min a cultura non me mantén.

O semimetre ceou pola súa conta, e durmíu na palleira dos Santomé. Dous metros máis adiante tamén pasou a noite o que non durmía na casa de seus pais desde había moito tempo.

O Recho tivera que irse ó pouco de chegar porque deixara unha vaca coas dores.

E Don Augusto deixou ós alemáns en casa de Amador, pero co firme compromiso de volver a atoparse ó día seguinte pola mañá.

Como a noite anterior fora case toda ela de vixía e caeron a gusto na cama provista de xergón e colchón, durmiron moi ben. En contra do seu costume non madrugaron. Agardaron deitados a que Don Augusto os viñese busca-lo domingo pola mañá que cadrou feira na Vila. A pouco de abri-lo día, por unha ventá, observábanos, desde unha mazaira, unha parella de reiseñores gareleiros que disfrutaban vendo a dous vellos na cama e soñando se eles chegarían tamén xuntos a vellos.

Os carros de grao que acudían á feira misturaban os seus arrechouchíos agudos coas falas repousadas dos labregos:

-Tente, Roxa... Pasa aló, Marela... Tira, Garbosa.

-Otto, ¿non queda ben lonxe Düsseldorf?

-Queda lonxe, Eurika, queda, e El Cairo tamén.

Cando Don Augusto foi recoller ós alemáns, xa ía acompañado doutros dous amigos cos que facía un trío inseparable en tódalas feiras da Vila. Eran: Muiñonovo de Prevesos e Xosé de Peruxo de Pacios.

Aquela mañá os viaxeiros tiñan que realizar unha xestión que os desacougaba. Tiñan que desfacerse do percherón que os acompañara poucos días, pero cunha presenza intensa.

Mercóullelo Cubeiro, que tiña parada. O trato foi moi breve; pois vendérono polo

que Cubeiro quixo ofrecer, sen remaquear pouco nin moito; porque consideraban indigno traficar cun amigo. Á media hora un tratante de Gontán xa daba por el cincuenta pesos gañados.

Realizado o trato, Don Otto e Eurika dixeron ó unísono e sen previamente poñerse de acordo:

-Deica logo, amigo. Se non fose porque decidimos retornar antes do que contabamos non nos separaríamos aínda; pero xa verás como volvemos a atoparnos.

Foran o quinto amo que tivera o percherón que pensou para si: "Non resulta doado ser fiel se andan mudando a un de man cada segundo día". Logo, uníuselles tamén o substituto e comezou un recorrido lento, aplomado, solemne, por todo o recinto da feira, de dous alemáns que o observaban todo, mentres platicaban con tres prototipos dun tempo: Don Augusto, o intelectual complicado coa República; Xosé de Peruxo que morreu sen reconciliarse consigo mesmo, por non saber perdoarse o non chegar a ser alcalde, e Muiñonovo, fillo dun gran artesán que facía imaxes de santos, para as que, por respecto, importaba as cabezas. Dous pasos máis atrás, o substituto.

Tódolos feirantes abrían reverentes un amplo carreiro ó seu paso e moitos xiraban a cabeza ó cruzárense, para fixarse tamén por detrás naquel home que traslucía sabencias

arcanas e naquela mulher que traslucia dozu-
ra no seu perenne sorriso.

DESENLACE QUE TAMPOUCO EU ESPERABA

O xantar foi de novo en Casa do Fogueteiro donde se misturaban feirantes e xentes do lugar que, se tiñan medios, comían de fonda e, se non, facíanos da propia mochila.

O mesmo ocurría en Casa de Carmen de Andión, no Correo e en cada unha das outras fondas da Vila e en varios alboios habilitados para comedeiro en domingos alternos.

Alí en Casa do Fogueteiro varias mulleres e algúns homes que axudaban os días de feira non daban carrexado xarras de viño para as mesas. Arrecendía a patacas fritas, carne asada, callos, polbo. Todo comida de cavadores que tampouco se asentaba no estómago ás mulleres dos cavadores. Pero por riba de todo, que non faltase o viño; que non se bebía tódolos días.

Despois, a algúns levabanos os veciños ó lombo ou como cadraba. Tiñan sorte os que podían ir a cabalo ben suxeitos por debaixo dos brazos.

Contra a noite, sempre se atopaba ós mesmos de sempre tirados ou caídos, segundo se mire, ás beiras das corredoiras pedindo perdón a cantos pasaban, mirando de trave-

so, tratando de erguerse e volvendo a caer, andando ó aceacú ou de lado e dicindo con cara de atoparse moi maliño:

-Eu... non son eu. Eu...estou do mellor. Dicide na miña casa que quedo moi ben... Que naide veña en busca miña. Estou agardando a... un amigo. Que non se preocupen por min na casa que eu logo vou...Na miña casa, non digades nada...A miña muller é moi "buena" ...¡Moito!...Toma tí, neno... toma esta variña...é de freixo...é para ti...Para ti, para sempre...¡lepa!...A miña mamá é unha santa; pero eu saín un fillo de laberca...¿Quen vos chamou aquí?. ¡Veña, arreando!...¡lepa!

Don Otto e Eurika sen darse de conta foron contaxiándose pouco a pouco do ambiente cargado da fonda e, ó son dos outros, subiron o seu tono normal en dúas octavas ou máis.

Esquecéronse dos vexetais. Tamén para eles ¡un día era un día! e probaron de todo con certo degoiro: zorza, polbo, longaiñas, ósos de soá, cachelos, requeixón e castañas asadas.

Fóra as bestas pacían, ata donde lle lo permitía o ramal, nas campas do Amieiral.

Nun recullo dunha mesa moi longa, un tratante, no que a retranca dexenerara en raposeiría, solteiro de por vida, por non terlle apreciado ningunha muller que tivese sentimentos, non lle quitaba ollo a Eurika; pero tampouco ninguén podería afirmar con cer-



teza que a miraba a ela; pois a súa mirada extraviárase co terceiro campano de viño. Aló no seu adentro, moi aló dentro, matinába en que aquela alemana e máis el aínda poderían mellora-la raza humana, se se terciase.

Don Otto ía sentíndo coma que se perdía. Pechábonselle os ollos e todo daba voltas. Cada vez arrastraba máis as palabras. Costáballe revolve-la lingua. Pesáballe cada peza do seu corpo. Suáballe a fronte. Tremábanlle as mans.

Só se deron de conta Eurika, Don Augusto, Peruxo e Muiñonovo. Con moito disimulo sacárono para o fresco. El pediu con ollar trasvirado que o subisen á Escrita.

-Non resistirá o camiño, -dixo un polo baixo.

-Si, se Deus quer, -afirmou el sen firmeza na fala.

Subírono a modo, parando as veces que fixo falta e sentándose cando era preciso. Mesmo ó chegar ó pico entendéuselle:

-Agradaríame que estivese tamén aquí Don Plácido.

Antes de que Eurika se ofrecese para ir na súa busca, desplomouse sen dar a pé nin a man, nin asenso de nada.

Escoitáronse catro voces ó unísono:

-¡Expirou!

A terra comezou a xenegarse. Abríronse varias fendas e unha algarabía de

voces imprecisas, como rescatadas da lonxanía de dous milenios, repetía a coro:

-¡Non pode morrer!. ¡Non poder morrer!. ¡É a esperanza da nosa memoria!.

-Non o deixes morrer, Corazón Sacratísimo, -imploraban catro bocas nun mesmo prego.

Xesús desde o cumio da estatua ollou para baixo e escoitouse un repousado falar:

-Fago o que podo. Estou retendo unha alma nun corpo sen vida. Agora que implorastes, facede tamén vós algo máis.

Peruxo moveulle as pernas ritmicamente. Muiñonovo deu masaxes a un corazón xa parado. Don Augusto fixo a respiración artificial a aquel que fora Don Otto. Eurika choraba e debullaba as mans.

E...¡producíuse o milagre!.

-¡Volve a abri-los ollos! ¡Respira! ¡Tén vida!.

Navagildo de Oscar, de Castro de Ribeiras do Lea, que fora chófer de camións rusos na guerra, veunos buscar no coche de punto de seu amo e levounos a todos á estación ferroviaria de Lugo.

Antes de partir para Alemania despedíuse a parella dos tres compañeiros con un:

-¡Ata a volta, se Deus quer!.

Algún crego da bisbarra desmentíu o milagre do monte da Escrita; porque estaba prohibido polo Código de Dereito Canónico que o Sagrado Corazón fixese

caso dos pregos dunha luterana. Naquel outono do ano mil novecentos corenta e tantos do tempo da Chaira aínda non había sinais do Concilio Vaticano Segundo.

FIN

CITANIA DE PUBLICACIÓNS

AGRADECE

a:

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO,
CONCELLOS DE ABADÍN, BEGONTE, CASTRO DE REI,
COSPEITO, FRIOL, GUITIRIZ, LUGO, OUTEIRO DE REI,
MEIRA, PASTORIZA, POL, RÁBADE,
XERMADE e VILALBA,
e FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
o seu apoio á **COLECCIÓN TERRA CHA**

